

# Almanaque Agrícola

ano  
LVII



Ano 2009

Igrexa de Santa María  
Vilanova de Lourenzá (Lugo)

syngenta

O funxicida cun nome que o di todo e ademais faino

¡Boa uva, bo viño!

*Non encontrarás nada  
que funcione mellor  
¡apostas uns viños?*

Chega un funxicida que vai poñer as cousas no seu sitio, con licenza para actuar. O seu nome é Max, Quadris Max; e claro, cun nome así, a cousa promete. E ti preguntaraste ¿Poderá defender os meus viñedos de tantos perigos? Iso, ¡por suposto!, pero o máis importante de Max é a súa forza, **A SÚA DOBRE FORZA DE ACCIÓN**. Telo cerca será a mellor protección.

**MAX**imiza o teu viñado

Quadris  
**MAX**

**Dobre forza na súa dobre acción**

syngenta

# Indice

Rescatando anacos do noso pasado: "O teixo"	4		
Rescatando un anaco da nosa cultura: "A oliveira en Galicia. Os muiños de aceite"	9		
Convocatoria novo certame: "O oficio de Oleiro"	20		
As nosas castes de vide: A variedade "Negreda"	22		
Nomes das nosas castes de cepas, sensibilidade ás enfermidades	25		
Xaneiro	26	Santiago	38
Febreiro	28	Agosto	40
Marzo	30	Setembro	42
Abril	32	Outubro	44
Maio	34	Novembro	46
San Xoán	36	Nadal	48
Herbas medicinais			51
Males da viña			56
Consellos para os coidados da viña			58
Tratamentos das froiteiras de carabuña			61
Tratamentos a facer nas maceiras e pereiras			62
Tratamentos de invernadoiros e hortas			64
Tratamentos das patacas			66
Tratamentos do millo e outros cereais			69
Fertilización con cinzas de biomasa			70
Feiras gastronómicas			75
Catálogo xeral de produtos fitosanitarios			82
Valor dos ferrados galegos en metros cadrados			93
Contos			96
Disposicións legais de interese para Galicia			98
Roedores e roenticidas			103
Enderezos dos nosos distribuidores principais			106



# Rescatando ANACOS DO NOSO pasado

ÁRBORES SINGULARES OU EMBLEMÁTICAS EN GALICIA

## O TEIXO

O teixo (*Taxus baccata* L.) é unha árbore sempreverde e non resinosa de crecemento lento e moi lonxeva, pertencente á familia das taxáceas, de pequena ou mediano talle, pode chegar a 15 ou 20 m de altura aínda que normalmente non adoita superar os 8 ou 10 m de talle. Tronco grosa, pode acadar un diámetro de 1,5 m ou incluso máis, con casca lisa de cor parda-agrisada ou acastañada-purpúrea que se desprende en tiras ou placas. Moi ramificado, con ramas principais estendidas, case horizontais, colgantes na súa terminación, moi flexibles, formando unha copa ancha piramidal. A profusa e confusa ramificación é consecuencia dos múltiples brotes que saen no tronco e nas pólas ao desenvolverse gran cantidade de xemas dormentes. Ramiñas novas angulosas e de cor verde, mentres que as pólas vellas son cilíndricas e con casca pardo-avermellada. Follas persistentes, longas e estreitas (10-30 mm x 1,5-2,5 mm), lineares, algo aquilladas, coriáceas, verde-escuras pola face, máis pálidas e co nervio algo saínte polo envés; teñen na punta un curto mucrón e estreítanse bruscamente na base formando un breve peciolo decorrente sobre a ramiña. As follas dispóñense alternas en espiral, pero formando dúas ringleiras horizontais opostas ao longo das poliñas (subdísticas), teñen unha vida media de oito anos.



Flores dioicas, hai pés macho e pés femia, moi raramente monoicas (masculinas e femininas no mesmo pé). Os teixos machos producen na axila das follas uns pequenos conos globosos de cor amarela, revirados cara a abaixo, cunha coroa de brácteas protectoras de cor laranxa na súa base, formados por 6-14 estames con forma de cravo, pedicelados e de contorno poligonal, cada un con 4-8 sacos polínicos, xeralmente 5, na parte inferior. Os teixos femia levan os rudimentos seminais solitarios e espidos no ápice de ramiñas curtas e escamentas que saen na axila das follas, sentados sobre un disco verdozo con forma de copa, son de forma ovoide e están rodeados na base por dúas follas pseudocarpelares. Estas flores femininas son moi pequenas e pouco aparentes, coa aparencia de xemas escamentas que amosan no medio o colo do óvulo. Entre a polinización e a fecundación transcorren ás veces varios meses. A polinización vese facilitada pola presenza dun líquido que

segrega o rudimento seminal para poder fixar o pole. Florece a finais do inverno e a comezos da primavera, normalmente de marzo a abril, e as formacións seminíferas maduran a finais do verán ou no outono do mesmo ano. A floración é regular e os pés femia producen sementes tódolos anos se non están moi afastados de exemplares masculinos.

A semente, de consistencia moi dura e de forma ovalada, remata en punta curta, mide 6-7 mm e está rodeada dun arilo carnoso aberto no ápice, verde primeiro, máis tarde de cor vermella, laranxa ou amarela, carnoso, succulento, con zume mucilaxinoso azucrado, o que fai que a formación seminífera lembre a un froito de tipo drupa. O arilo procede do disco acrescente sobre o que se senta o óvulo na flor feminina.

Multiplícase por semente, estaquiña, abacelamento e enxerto. As sementes non adoitan xermolar ata o segundo ou o terceiro ano, quizabes porque a maduración morfolóxica non coincida coa fisiolóxica. As plantiñas novas deben criarse á sombra. Brota ben de cepa.

Vive en solos de natureza variada, aínda que ten preferencia polos calcarios ou ricos en bases, fondos, fértiles e húmidos, sendo frecuente a súa presenza en barrancos sombríos e valgadas, máis nas montañas que nas chairas, pero tamén se cría en solos pedregosos e incluso nas gretas das rochas. Resiste o frío e a sombra pero require humidade edáfica e ambiental. Mestúrase co carballo albar, carballo común, lamigueiro, bidueiro, capudre, faia, etc., no piso montano, en ombroclimas húmido e hiperhúmido. É sensible ás xeadas tardías, polo que non acostuma pasar dos 1.500 m de altitude.



Aparece ventureiro o teixo en Europa, Asia, Norte de África, Azores e Madeira. En España medra en tódalas cordilleiras, tamén nas Illas Baleares, case sempre illado e escaso. En Galicia aínda que non é abundante atópase adoito formando parte dos bosques naturais das montañas do norte, oriente, centro e sur, chegando ás fragas do Eume (A Coruña) polo occidente. Foi árbore máis abundante no pasado e actualmente parece estar en regresión, debido á súa lenta rexeneración natural e a que foi moi buscada para aproveitar a súa

madeira, o que non impide que chegasen aos nosos días pequenos rodais singulares, especialmente nas montañas orientais, como o ourensán Teixedal de Casaio, no municipio de Carballeda de Valdeorras, na Serra de Pena Trevinca, que se considera a representación galega máis xenuína desta especie e unha das mellores que chegaron aos nosos días na Península Ibérica. Trátase dun rodal dunhas 4 ha de teixo, con centos de exemplares centenarios, ameazado polo lume, as louseiras e o turismo de natureza sen control, merecendo polo tanto unha atención especial de cara á súa conservación. Forma parte dos espazos galegos da Rede Natura.



Sen dúbida o teixo debeu ser abundante en Galicia no pasado, como testemuñan os numerosos topónimos que fan referencia a esta árbore: Teixeira, Teixeira, Teixido, Teixedelo... A súa lonxevidade permítenos, a pesar do seu lento crecemento, atopar exemplares monumentais desta especie, como os da Magdalena e de Tenreiro (Pontedeume, A Coruña), o teixo de Córneas (Baleira, Lugo) e o de Cereixido (Quiroga, Lugo), incluídos no Catálogo Galego de Árbores e Formacións Senlleiras, no que tamén se incluíu, na categoría de formacións, o Teixedal de Casaio.

A madeira non ten canles de resina, a súa albura é amarela e a cerna vermella escura con vetas de cor parda; é inodora, compacta, dura, moi resistente, tenaz, elástica e duradeira (non podrece), apreciada por ebanistas e torneiros, aínda que actualmente non se comercializa debido á súa escaseza. Antigamente as pólas do teixo, moi elásticas, eran moi apreciadas para facer arcos, lanzas e venabres. Cóntase que o arco de Robin Hood

estaba feito de madeira de teixo. Pola súa duración foi empregada, xunto coa do ciprés, para construír sarcófagos polos gregos e exipcios. Un dos instrumentos de madeira máis antigos que se coñecen é unha machada de teixo de 36,7 cm de lonxitude atopada en Clacton (Inglaterra), cuxa antigüidade se estima nuns 50.000 anos.

Tódalas partes da planta son moi tóxicas, excepto o arilo, envoltura carnosa e mucilaxinosa da semente, que ten sabor doce. A toxicidade, maior no inverno e non decrecente coa desecación, parece ser que se debe á taxina, alcaloide de estrutura mal coñecida, que actúa sobre o sistema nervioso central producindo convulsións, tremores, parálise, hipotensión, depresión cardíaca e parada respiratoria que leva á morte. Afecta os humanos e o gando doméstico, especialmente os équidos. Os ruminantes, habituándose pouco a pouco, poden consumir ramiñas de teixo. Moitas aves inxiren sen problemas as sementes, que xermolan mellor tralo paso polo seu aparato dixestivo, favorecendo así a dispersión da árbore. Os coellos e os gatos son inmunes ao seu veneno. Dioscórides, esaxerando a toxicidade do teixo, chega a afirmar que dana gravemente os que se dormen ou se sentan á súa sombra, chegando a matalos. Tamén se idearon falsas regras para corrixir a súa toxicidade; así Plinio refire que cravándolle á árbore unha punta de cobre deixa de ser tóxica.

É unha planta con propiedades medicinais -remedio emenagogo e narcótico-coñecidas desde a antigüidade, pero emprégase pouco na medicina popular debido á súa toxicidade. Co arilo prepárase un xarope de propiedades expectorantes, pero pode producir accidentes graves se se inclúen as sementes. Nos últimos tempos adquiriron os teixos certo interese na medicina, xa que na casca dunha especie orixinaria do occidente norteamericano (*T. brevifolia* Nutt.) illouse o taxol, derivado diterpeno tamén presente noutras especies do xénero que amosa unha actividade antitumoral moi eficaz, sobre todo no caso dos cancros de ovario, mama e colon e no melanoma maligno. Actualmente o taxol obtense por hemisintese, a partir das follas dos teixos, o que non compromete a persistencia destas especies ao non ser necesario descascar as árbores.

Utilízase adoito o teixo como planta ornamental en parques e xardíns, co seu porte natural ou recortado para formar sebes e figuras diversas na arte topiaria, pois tolera moi ben o recorte, agromando profusamente a partir de numerosas xemas dormentes. Seleccionáronse unhas 100 variedades do cultivares en función do porte, dimensións e cor das follas, tamaño e colorido do arilo, etc.

Cítanse algúns usos pretéritos curiosos desta árbore: como herbicida (arrastrando feixes de ramas polas terras sen labrar), insecticida (a auga de decocción das follas), para escorrentar os ratos (o fume de queimar pólas ou madeira), pararraios (as ramas bendicidas o Domingo de Ramos e colgadas nas ventás das casas), antídoto contra as mordeduras dos ofidios, poderes divinatórios...

Pola cor escura da súa copa, que ofrece unha paisaxe case negra, e pola súa toxicidade, relacionouse esta árbore coa morte, sendo frecuente a carón de igrexas e nos cemiterios, substituíndo os tradicionais cipreses. Aínda que hai quen atribúe a presenza do teixo neses lugares ao interese de plantalos, para ter pólas para facer arcos e frechas envelenadas, en lugares seguros nos que non se envelenarían os nenos nin o gando. Incluso hai outras interpretacións: baixo estas árbores, sagradas para eles, xuntábanse os celtas para celebrar as súas reunións e para rezar aos seus deuses, e a Igrexa cristianizou estes lugares de culto pagán edificando igrexas a carón destas árbores.

Os teixos foron considerados árbores sagradas por culturas antigas. Os celtas considerábano máxico e tñíanlle temor e respecto. Co seu veneno, procedente xeralmente das




sementes, envelenaban as frechas coas que loitaban contra as lexións romanas do emperador Augusto; e conta Estrabón que os antigos galaicos da cultura castrexa, cercados polos romanos no mítico Monte Medulio, preferiron suicidarse colectivamente bebendo auga na que coceran ramiñas de teixo antes que entregarse ao inimigo. O vello dito "tirar os teixos" ten relación coa presenza frecuente destas árbores cerca das igrexas, ao saír das celebracións relixiosas as mozas tiraban aos homes que pretendían sementes ou ramiñas de teixo.

A lonxevidade do teixo é ben coñecida. En Galicia coñécense teixos varias veces centenarios e un dos seres vivos máis vellos de Europa é un teixo de máis de 2.000 anos, que vive en Fortingall; Escocia; antigamente había ao seu carón unha igrexa e un monumento funerario.

*Taxus* era o nome romano do teixo e dos venabres e arcos que se facían coa súa madeira. Talvez deriva dos vocábulos gregos *tóxon*, "arco", *táxis*, "ringleira" (porque as follas dispóñense nas ramiñas en dúas ringleiras opostas), ou *tóxicon*, "veleno". *Baccata* deriva do termo latino *bacca*, "baga", pola semellanza da semente recuberta do arilo cun froito carnoso de tipo drupa ou cunha baga.



**Teixo da igrexa de Santa María de Cereixido. Cereixido. Quiroga (LUGO).**  
A 40 cm do solo mide 7,90 m de perímetro.





# Rescatando un anaco da nosa Cultura



TRABALLO GANADOR DO CERTAME 2008

## A OLIVEIRA EN GALICIA. OS MUIÑOS DE ACEITE.

Autor: Xoxé Lois Ripalda

**HISTORIA DA OLIVEIRA EN GALICIA. SITUACIÓN DESTA ESPECIE NA ACTUALIDADE. XEOGRAFÍA. PLANS DE FUTURO.**

Segundo parece por diversas investigacións, a oliveira no neolítico non era descoñecida e, como outras árbores, influíu para que o ser humano se fixese sedentario. Os restos achados en xacigos arqueolóxicos en Galicia de ósos de oliva inducen a pensar que se tomaba como alimento; non obstante, isto non quere dicir que os habitantes do noroeste peninsular soubesen as técnicas para a extracción do aceite, e o feito de que unha cultura tan importante como a castrexa empregase tan só a graxa animal así o indica.

Os fenicios espallaron o cultivo da oliveira polas illas gregas e a Península Helénica, pero foron os romanos ao dominar o Mediterráneo e posterior conquista do territorio Hispánico os que lle deron o pulo definitivo inzando o cultivo da oliveira aló onde as condicións climáticas así o determinaban, e naturalmente a Gallaecia converteuse nun dos principais exportadores de aceite de oliva cara a Roma, ata o punto de que as ánforas que chegaban á capital do imperio entre os anos 138 e 260, unha vez baleiradas, amoreábanse dando lugar ao Monte Testacio.

A chegada dos árabes introduciu variedade de especies de oliveiras; non obstante, en Galicia case non se notou porque a súa presenza apenas tivo



### SITUACIÓN DA OLIVEIRA EN GALICIA

- |   |                 |
|---|-----------------|
| 1- Betanzos                                   | 6- Ribas de Sil |
| 2- Tomiño                                     | 7- A Rúa        |
| 3- O Rosal                                    | 8- Larouco      |
| 4- A Guarda                                   | 9- Valdeorras   |
| 5- Quiroga (Vilanuíde, Vilaster, Montefurado) | 10- Verín       |
|   | 11- Lobios      |

importancia, polo que o cultivo diminuíu ata que o descubrimento de América trouxo consigo que un terzo dos produtos agrícolas, entre eles o aceite e a oliva, se exportasen ás novas terras, volvendo a se retomar o cultivo da oliveira, acadando neste aspecto grande actividade os peiraos de Baiona e Pontevedra. Con todo, a política colonizadora dos Reis Católicos en Galicia, e para beneficiar outras zonas da Península, fixo arrincar unha gran cantidade de oliveiras, comezando unha época de decadencia que chegou ao máximo no século XIX a causa dos altos impostos que se impuxeron a este produto, o que obrigou a cortar numerosas árbores. Na actualidade preténdese de novo darlle pulo ao cultivo, que tivo unha grande importancia en zonas como Betanzos na Coruña, Tomiño, O Rosal e A Guarda en Pontevedra, Quiroga (Montefurado, Vilanuíde, Vilaster) e Ribas de Sil en Lugo, e Valdeorras, A Rúa, Verín e Larouco en Ourense. Mediante plans de futuro, como primeiras medidas, igual que se fixo noutros lugares de España, as partes implicadas no cultivo de oliveiras e posterior produción de aceite -é dicir: agricultores, produtores, empresarios, científicos e mesmo consumidores- deberán analizar nun traballo en equipo as estratexias a seguir co fin de fortalecer a calidade do aceite e a modernización do sistema produtor e comercializador.

Este proxecto encamiñárase a recuperar as oliveiras en terras de produtores particulares que se atopen en situación de abandono, como poidan ser: viñedos, prados ou plantacións de árbores. Intensificar as cooperativas que permitan envasar o aceite galego con denominación de orixe, para certas zonas, debido a que o aceite galego ten unhas peculiaridades distintas das que se dan en lugares alleos. E por último establecer contacto con mercados nacionais e internacionais para crear unha industria que de novo faga inzar as Ribeiras do Miño e do Sil, así como outros lugares, de oliveirais.

## CARACTERÍSTICAS ECOLÓXICAS E BOTÁNICAS DA ÁRBORE. AGRONOMÍA, VEXETACIÓN, EXIXENCIAS E RECOLLIDA DO FROITO.

O feito que certas terras surorientais de Galicia gocen dun clima oceánico-mediterráneo fanas a tergo para especies como a oliveira que teñen como características terreos con humidade e áridos.

Non debemos esquecer que un oliveiral é un bosque que funciona e se organiza como tal, composto por todos os seres vivos que están presentes e polo complexo total de factores que determinan o ambiente que o rodea.

A oliveira pertence á orde botánica das ligustrais, familia das oleáceas, con dúas subespecies: *oleaster* (oliveira silvestre) e *sativa* (oliveira).

A oliveira adulta ten un sistema radical superficial fasciculado, que deriva da base do toro ou peaña. O toro das oliveiras, ao facerse vello, retórcese en todos os sentidos, adquirindo un aspecto fendido e atormentado, sucado de grosas veas que lle dan algo de humano e doloroso, pero ao mesmo tempo resistente, de madeira veada e dura. O toro das oliveiras novas é máis ou menos cilíndrico, coa cortiza gris claro lisa, coa codia escura e cuarteada. Do toro saen as pólas principais que se subdividen ata formar o conxunto da copa, cuxo volume depende do marco de plantación, da fertilidade do solo, da dispoñibilidade da

auga e do sistema de poda. Sobre as pólas as follas, cuxo tamaño, tonalidade e disposición son características das variedades. Caen aos dous anos de vida, tendo a inflorescencia en acio. A flor ten catro pétalos brancos soldados, que alternan cos sépalos verdes claros. Pode ser hermafrodita -con estames e pistilos normais, e produce froito e semente- ou masculina, por non ter pistilo ou telo anormal. O froito da oliveira é unha drupa, con epicarpo ao principio verde e ao final violáceo ou negro, mesocarpo ou polpa que contén a maior parte do aceite e por último endocarpo ou óso que encerra a semente na que está o embrión ou as reservas alimenticias deste.


O ser humano, para beneficiarse, pode cambiar a estrutura do oliveiral; non obstante, de ningunha maneira debe de ir en contra do seu equilibrio. Deste xeito, non se pode deixar o agrosistema reducido ao oliveiral como produtor e o ser humano como consumidor único e exclusivo. Quere isto dicir que podemos simplificar a súa estrutura, pero sempre que non afecte á supervivencia do agrosistema.

Como toda planta a oliveira necesita atopar unhas condicións a tergo que lle permitan desenvolverse; isto esixe unha serie de operacións, entre as que se enumeran as seguintes: propagación, poda, rega e control fitosanitario.

Entre os procedementos da propagación vexetativa están o de utilización de estacas que proveñen do aclarado dos toros ou pés doutras oliveiras. Propagación por abacelamento -pólas de árbore nai que se curvan deixando a punta no aire e unha vez cuberta de terra agardar que bote raíces pola parte enteeda-; de seguido córtase para obter unha nova árbore; por último está o procedemento en escallo, que utiliza a semente para que, unha vez a punto no medio a tergo, bote raíces. A poda ten por obxecto contribuir a que a copa estea perfectamente aireada e iluminada, para conseguir a máxima calidade e cantidade do froito. A poda pode ser: de formación, que ten por finalidade dar a estrutura da árbore nos primeiros anos; poda de produción, que permite que se forme o froito nas pólas; e por último poda de renovación, que estimula os gromos novos. A rega é unha técnica que se emprega nas zonas onde a chuvia é un feito limitado. Un sistema tradicional é o de sucos e outro moderno é a rega




por distribución localizada "a gota". Como todos os seres a oliveira necesita alimentarse para completar o seu ciclo vexetal, polo que hai que fornecer a terra dos nutrientes cando estes faltan. Moi activos son os fertilizantes orgánicos como o esterco, que poden proporcionar nitróxeno, fósforo ou potásico, entre outros elementos. E como final o control fitosanitario, que permite que os froitos se manteñan ata o momento da recolleita e que se pode facer de diferentes maneiras. O munxido é a maneira tradicional e máis empregada, consiste en coller unha a unha coa man o froito. O vareo tradicional, para o que se bate a oliveira cunha vara grande para facela caer nunhas mallas de plástico, débese petar de forma lateral e cara a abaixo. Este procedemento ten unha serie de problemas, elevado custo económico, dificultade de man de obra cualificada e sobre todo que dana as oliveiras. A vibración, para a que se emprega un brazo mecánico que apreixa a árbore e que ao movela fai caer o froito. E por último a recollida das olivas que caen de maneira natural e espontánea da árbore, un labor paseniño que require manter limpo de herbas debaixo de cada oliveira.



## OS MUÍÑOS. MECANISMOS DE FUNCIONAMENTO. ESQUEMAS E GRÁFICOS.

Atendendo aos medios de trituración, os muíños clasifícanse en muíños de roda e muíños de “peois”. O muíño de roda componse dunha pedra circular cóncava montada horizontalmente. No centro ten unha elevación cilíndrica sobre a que asenta un eixo vertical que xira nela por medio dun espigo de ferro, entrando pola parte posterior nun burato feito nunha trabe. Arredor da pedra xira a roda, tamén de pedra, por medio dun brazo. A roda, o eixe e o brazo móvense conxuntamente grazas a unha forza aplicada no extremo do brazo. Segundo o tamaño do muíño, ponse en marcha o aparello por mor dunha besta ou empurrando dúas ou máis persoas. A oliva vaixe botando coa man ou con cestas na pedra e a roda, ao xirar, vaina esmagando. Cando ten unha cantidade prudencial de masa na pedra, párase o muíño, baléirase e comeza de novo ata rematar.

Os muíños de “peois” reciben este nome polas características das pedras de moer: son dúas pezas cónicas cos vértices cara a dentro, ao lado do eixe vertical, enfrontados, que chegan ata a canle que bordea a base. Na parte oposta aos vértices, é dicir, na exterior, vai un espigo do que sae un ferro que engancha no vareiro. No centro da base hai un eixe vertical que atravesa a moxega, que é de grandes dimensións cunha altura considerábel e vai suxeita a unha viga superior. O lagar ou prensa tradicional, que se atopa no mesmo recinto que o muíño, denominada tamén prensa de “vigüe” -en alusión directa á enorme viga que a caracteriza- está formada polas seguintes partes: o penedo, que é unha pedra grande pendurada nun fuso de madeira que xira; por enriba, e en sentido



### PRENSA DE VIGÜE

1- Viga  
2- Virinas

3- Fuso  
4- Penedo


5- Tinilla  
6- Pia

7- Tacos de Madeira  
8- Apoio da viga

9- Soporte

horizontal, está a “vigue”, que como se dixo é de grandes dimensións; o fuso atravesa esta viga, que se encaixa no outro extremo na parede; preto ao punto de intersección coa parede e tamén co fuso hai unha vigas verticais, as virinas, que teñen por finalidade que a viga non se desprace cara aos lados.

Debaixo da viga e a certa altura do chan está a pía, que é de pedra. Nela pónense as esportas co magallo, que é a masa resultante de moer a oliva, para



### **MUÍÑO DE RODA**

- 1- Viga**
- 2- Árbore**
- 3- Roda**
- 4- Vareiro**
- 5- Pedra**

premelo. As esportas son de esparto, circulares, cun burato no medio e cos bordos voltos cara a dentro. A pía comunica con outra que está a un nivel máis baixo, e dunha a outra vai caendo o aceite, a auga e máis a borra. Para premer as esportas colócase por enriba delas unha táboa redonda e sobre ela tacos de madeira ata a viga. A carón hai un espazo para quentar a auga necesaria para que o aceite saia nesta operación.

## ELABORACIÓN DO ACEITE. USOS DESTE PRODUTO. APLICACIÓNS GASTRONÓMICAS. RECEITAS.

O proceso de elaboración tradicional do aceite é como segue: polo Nadal ou xaneiro recóllese a oliva, vareando a oliveira; entóldase o chan con panos para que as olivas caian enriba destes; lévanse para a casa en cestos e déixanse “de curtido”, é dicir, esténdense no piso de madeira e permanecen delourando ata que queden enxoitas.

Lévase a oliva ao muíño, onde con pas ou coas mesmas cestas de transporte se botan na moxega ou directamente na base do muíño, pouco a pouco. Co produto resultante, o magallo, enchíanse as esportas, e poñíanse ata dez xuntas na presa para premelas, aínda que había que levantala varias veces para botar auga quente nas esportas unha por unha, dándolles tres ou catro augas.

Aceite, augas e borra caen na pía e dela pasa ao tinillo, onde queda o aceite por enriba e no fondo a auga e a borra. De seguido cóase e pásase ás cántaras, que levan na base unha billa e por ela faise a “sangra” para eliminar auga e borra; así o aceite xa está listo para o consumo.

O aceite de oliva virxe úsase para condimentar ensaladas, gazpachos e outras sopas frías.

En diversos guisos de repostería utilízanse aceites de oliveira como ingredientes fundamentais. En España de sempre se empregou para fritir e como condimento de todo.


Pero, ademais, o aceite desde a antigüidade usouse para a protección e limpeza da pel, para ter unhas guedellas brillantes e fortes. Para as cutículas ásperas pódese poñer unha pinga de aceite. O uso do axeite de oliva é un dos elementos con maiores propiedades curadoras e preventivas que existen. O aceite evita o envellecemento dos tecidos, a hipertensión arterial, estimula o tránsito intestinal, mellora o funcionamento do páncreas e do fígado, impide a formación dos cálculos nos riles e mellora a circulación arterial e venosa.

Pero á parte destes usos ten outros moitos. Así, en tempos, os aceites lampantes, impropios para o consumo, utilízáronse para a iluminación durante a Idade Media e continuaron ata o século XIX, en que se substituíu pola lámpada de petróleo e despois pola electricidade. Tamén se usa para a limpeza das armas, conservación de arrees e arneses, para protexer e embelecer os obxectos de latón, conservar limas metálicas, quitar manchas de chapapote e outros moitos usos que farían longa a lista.


O aceite extraído da oliveira ofrece moitas variedades que corresponden a diversos tipos de olivas. Así, os tipos lixeiramente acedos que arrecenden a

herbas acabadas de cortar son excelentes para guisar peixe, rustridos, guisos de culler, estufados, escabeche e todos aqueles pratos que conteñan allo e son moi especiais para adozar as alcachofas.

Os aceites viscosos, finos e doces ao padal son óptimos para elaborar maionesas e para condimentar pratos lixeiros que requiren uns aceites cuxo laimo queda sempre en segundo plano para non agochar os sabores protagonistas.



***Cántaro de lata para o aceite***



***Cántaro de madeira para o aceite***

Os aceites con ulido a froitos secos, que en moitas das veces nos lembran a froita verde, son a tergo para aliñar ensalada feitas con verdura de follas acedas como a escarola, a chicoria, os dentes de león ou o saramago. Tamén se utilizan para aliñar o pan con tomate, o prebe alioli, e son únicos para fritir unha fabas con ceboliña e xamón serrano.

En resumo podemos dicir que o aceite de oliveira é case sempre a esencia mesma do guiso que comemos. O aceite de oliva é necesario para manter a calidade gastronómica dos nosos alimentos.

E como aplicación práctica van estas receitas. Así, para unha ensalada de sona, xunto a un chorro de aceite de oliva picuda bótese unha culleradiña de mel de abella, outra de mostaza e unha de bo vinagre, e engádate a ensalada elaborada con ceboliñas, tiras de bacallau e olivas negras.

Non menos saborosos son uns anacos de cogomelos en aceite de oliva, cuxa elaboración é a seguinte: pónase nunha cazola aceite e xa quente engádeselle os cogomelos, previamente moídos coas mans, frítanse un pouco e pónselle sal e un chisco de pementa.

E para rematar unha receita rápida de tomates con aceite de oliveira. Para a elaboración cóllense oito tomates moi maduros en rodelas de medio centímetro, frítense por ámbolos lados durante dous minutos. Nunha fonte refractariaponse aceite e sitúanse os tomates formando unha capa que se cobre de queixo, de seguidoponse outra capa de tomates e cóbrese con crema de leite e frangullas de pan, por último outra capa de queixo, lévase ao forno e faise a temperatura morna.



## REFRÁNS, DITOS, CANTIGAS, ADIVIÑAS, LENDAS OU PEQUENOS CONTOS RELATIVOS A OLIVEIRAS ACEITEIROS E MUIÑOS DE ACEITE .

A cultura do aceite ofrécenos unha serie de refráns, cantigas, adiviñas, ditos e contos que amosan o enxeño, sabedoría e filosofía retranqueira de todo un pobo, así como tamén as súas lendas. De todo isto amósase unha escolma.

### REFRÁNS QUE SE OCUPAN DO FROITO

- ~ No tempo das olivas teñen noivo as sobriñas.
- ~ Aceite e aceitunas, por veces moitas, outras ningunha.
- ~ Oliveira e aceituna toda é unha.
- ~ Oliva unha é ouro, dúas prata a terceira mata.
- ~ Como sei que che gustan as aceitunas como ovos de pava, tráioche algunha.
- ~ Auga e lúa tempo de aceitunas.
- ~ Comida a oliva, bota o óso fóra.
- ~ Quen colle oliva antes de xaneiro, deixa a oliva na oliveira.

### REFRÁNS QUE SE REFIREN AO PRODUTO

- ~ A mellor cociñeira é a oliva.
- ~ Ano de xeadas, ano de olivas.
- ~ Flor de oliveira en abril, aceite ao candil.
- ~ Flor de oliveira en maio, aceite para o ano.
- ~ Aceite e viño bálsamo divino.
- ~ Aceite e romeu fritido bálsamo bendicido.
- ~ Se queres chegar a vello, garda aceite no peello.
- ~ Home fantasmón, pouco aceite e moito algodón.
- ~ O viño quente e o aceite son alimento.
- ~ O resésgo é bo no viño, pero malo no aceite e touciño.
- ~ O peixe debe de nadar tres veces: en auga, viño e aceite.
- ~ Aceite dabondo bo ano por diante.
- ~ A verdade como o aceite queda sempre por enriba.
- ~ Se che doe a barriga úntaa con aceite de oliveira e se non che quita o mal escintilado te poñerá.
- ~ Con aceite de candil milleiros de veces curvas vin.
- ~ Aceite o de enriba, viño o do medio e mel o do fondo.
- ~ Aceite, carne, pan trigo e sal, mercadoría real.
- ~ Quen aceite mestura as mans unta.

## REFRÁNS VENCELLADOS Á ÁRBORE

- ~ O oliveiral fai o ben, aínda que lle fagan mal.
- ~ Oliveira, viño e amigo, o peor o máis antigo.
- ~ Se algunha vez me esqueceras, cávame aínda que non me ares.
- ~ O oliveiral e o poldro que o críe outro.
- ~ Quen as súas propias oliveiras varea o seu propio diñeiro varea.
- ~ Oliveira bruta que a forza de paus dá froito.
- ~ O aceite de oliveira todo o mal quita.
- ~ Sen terra de oliveirais, que sería das cidades.
- ~ Para o vareado, as mulleres de fronte, a oliveira de lado.
- ~ Mentres as oliveiras teñan froito, serán os estorniños os seus amigos.
- ~ Cada moucho á súa oliveira.
- ~ Casa de pai, viño de avó e oliveira de bisavó.

## REFRÁNS RELACIONADOS CO SANTORAL

- ~ Oliva unha por San Xoán e cento por Nadal.
- ~ Se por San Xoán e San Pedro no teu oliveiral olivas achas, unha aquí e outra acolá: boa colleita habrá.
- ~ Por Santa Catarina todo aceite ten a oliveira.
- ~ San Silvestre en tinalla ou aceite.
- ~ Auga por San Xoán quita viño, aceite e pan.

## CANTIGAS

Por baixo da oliveira	O caldo con unto	Non me gusta nada a boroa
Non cae o orballo	O viño da ribeira	Nin as castañas con leite
Nena, se has de ser miña	E remata o asunto	Non atopo cousa boa
Non deas máis traballo	Con aceite da oliveira	¡Ata me vai mal o aceite!

## ADIVIÑAS

Verde foi como nacín	Ten esférica figura	Eu frito
E de loito me vestín	e por veces alongada	eu tosto
E para atormentarme	e calquera persoa honrada	e na cociña
Ouro fino me volvín	merca e procura	teño o meu posto

## DITOS

- ☞ Como un bálsamo de aceite
- ☞ Retorto como o toro dunha oliveira
- ☞ Sempre tes que andar enriba como aceite

## LENDA

Estando a terra nun principio cuberta de auga e xurdindo a luz por vez primeira, Atenea e Poseidón porfiaban en fundar unha cidade cos seus propios nomes. Entón Zeus quixo acabar coa deboura e díxolles que quen de ámbolos dous lle dese á cidade o ben máis prezado sería o dono dela. Así, Poseidón enfeitouna con peiraos e fondeadoiros; mentres, Atenea fixo abrollar na acrópole unha vizosa oliveira chea de froitos, que cinguiu ademais cunha coroa, e cando a viron todos, conseguíu a vitoria e chamaron á cidade polo seu nome: Atenas. Poseidón, derrotado, arredouse aos seus dominios.

## CONTO

En certo lugar, de sona polo cultivo da oliveira, o sancristán recibía o encargo de recoller o aceite, que todos os anos ofrecían ao santo patrón os fregueses; pero quixo ter unhas ganancias, por ser ano en que ía moi caro, e mesturouno con auga. Non obstante, o crego, que sempre andaba ao axexo, pois non era a primeira falcatruada que o sancristán lle facía, descubriuno e dixo, dirixíndose a el aproveitando a misa dos domingos:

-Este ano o aceite semella auga ata o punto que as ras poderían nadar nel. O que fixo que o rostro do sancristán avermellase ata as orellas, os olivareiros deseguida se decataron e, como o día coincidira co Domingo de Ramos, agardaron o sancristán á saída da misa e comezaron a darlle unha malleira cos ramos, naturalmente de oliveira. Entón o sancristán pediu axuda dicindo:

-Señor cura, vállame que me van deixar derrengado.

Ao que lle respondeu moi pereno o crego:

-Quen foi agudo para roubar o aceite, que o sexa agora para librarse dos paus.

E como final diremos que a oliveira pode considerarse como unha fermosa escultura vivente para a paisaxe, e o produto que se obtén do seu froito, o aceite, unha benfada mestura de calidades: condimento, medicina e alimento que son un agasallo para o noso organismo.

Como alguén dixo: o cultivo da oliveira transmítese de xeración en xeración, pasa da historia á tradición e da tradición á lenda.

## RESCATANDO UN ANACO DA NOSA CULTURA



NOVO CERTAME CONVOCATORIA ANO 2008

### TEMA: O OFICIO DE OLEIRO

SYNGENTA AGRO, continuando coa tradición deste “**Almanaque**” de rescatar un anaco da nosa cultura, establece para este ano un novo “Certame”, dotado cun PREMIO DE 700 EUROS ao mellor traballo sobre o tema “O oficio de oleiro”. O traballo gañador publicárase na próxima edición do “ALMANAQUE AGRÍCOLA ZZ”.

#### BASES DO CERTAME

- 1) Poderán participar todas as persoas que o desexen, agás os distribuidores e empregados da Compañía e os seus familiares directos.
  - 2) Os concursantes deberán enviar os seus traballos a SYNGENTA AGRO, referencia “CONCURSO” a, A Relva s/n 36400 O Porriño (Pontevedra), antes do 30 de Setembro de 2008. Os traballos achegados non serán devoltos e a Compañía poderá empregalos para outras publicacións da mesma.
  - 3) Os traballos han de estar redactados no **idioma galego normativo**, cunha extensión máxima de seis follas con letra e espazo normal, sendo tamén necesario remitilos á empresa nalgún soporte informático (CD, disquete, ...). Admitiranse traballos electrónicos, que serán enviados á ligazón Syngentaagro.es, e deberán versar sobre os seguintes aspectos:
    - Historia da olería en Galicia. As olerías artesanais e industriais. Presente e futuro.
    - Comarcas de Galicia de reputada tradición oleira. Características propias do oficio así coma dos produtos cerámicos elaborados en cada unha delas.
    - O artesan oleiro. Materiais empregados. Máquinas e ferramentas. Esquemas e gráficos.
    - O proceso de elaboración das vasillas, dende a extracción da materia prima ata o produto final.
    - Refráns, ditos, cantigas, lendas ou pequenos contos relativos ao oficio.
- Nota: no apartado gráfico valoraranse especialmente debuxos ou gráficos inéditos, non admitíndose fotografías baixadas de internet.
- 4) O Xurado que outorgará o premio ao mellor traballo estará composto por persoal de SYNGENTA coñecedor da cultura galega, e o seu veredicto darase a coñecer a partir do 1º de Outubro do 2009.

# KARATE<sup>®</sup> CON TECNOLOGÍA ZEON<sup>®</sup>

**Insecticida de Control Múltiple**

Avanzada formulación  
en MICROESFERAS  
de rápida liberación,  
repletas de eficacia.



TECNOLOGÍA ZEON • RÁPIDA ACCIÓN  
EFICACIA CONTRASTADA  
BAIXO RISCO ECOTOXICOLÓGICO  
VERSÁTIL • COMPATIBLE



# As nosas Castes de Vide

## A variedade "Negreda"

### 1. Sinonimias:

Mouratón .

### 2. Ampelografía:

Brote aberto, con extremidade pilosa e non pigmentada.

Pámpanos semierguidos a horizontais, lampos, coa cara dorsal dos entrenós verdosa e de estrías vermellas.





**Videiras lisas**, de sección circular a oblonga, con gabiáns de distribución descontinua.

**Follas adultas** pentagonais e pentalobuladas. Seo peciolar en V, pechado ou case pechado e seos lobulares abertos en U ou en V. Lampa ou de moi escasa pilosidade nos nervios principais da face e do envés. Moi pouco ou nada pigmentadas.



**Acios** compactos, de tamaño medio, pouco ou nada pedunculados e de forma cónica a troncocónica, xeralmente alados. Bagas esféricas, non esmagadas, uniformes, de cor azul-denegrida e polpa non coloreada.

### 3. Fenoloxía:

Brote semitemperán (3 a 6 días logo de Chasselas) e maduración semitar-día (2- 3 semanas logo de Chasselas), aínda que o vigor do portaenxertos inflúe de forma notoria nestas datas, especialmente na maduración.

#### 4. Agronomía:

De fertilidade media e rendementos comparativamente elevados (7.000 a 8.000 litros/ha), prefire chans cun mínimo de frescura, aínda que ben drenados.

Propensa ao corremento de flor cando se cultiva sobre patróns vigorosos.

#### 5. Patoloxía:

Medianamente sensible á mera e bastante sensible á botryte (podre) e excoriose.

#### 6. Enoloxía:

Viño de calidade media, algo desequilibrado en grao/acidez, utilízouse en mesturas con Brancellao (Albarello) e máis tarde con Mencía para achegar volume e cor.

Aromas de intensidade media e non ben definida personalidade, con padal algo desequilibrado. É a clásica variedade para mesturas.





# Names DAS NOSAS CASTES DE CEPAS E A SÚA SENSIBILIDADE ÀS ENFERMIDADES

NOME	SINONIMIAS	MILDEU	OÍDIO	BOTRITE	NOME	SINONIMIAS	MILDEU	OÍDIO	BOTRITE
Albariño	Alvarinho (Portugal) Galeguinho (Portugal)	2	4	1	Merenzao	Maria Ordoña, Bastardo Bastardinho (Portugal) Trosseau (Francia) Domingo Pérez	2	2	3
Albilla	Albillo	2	3	3	Mouratón	Moratón, Negreda	2	2	4
Alicante	Alicante Bouschet Garnacha tintorera	4	3	4	Palomino	Xerez	2	2	3
Brancellao	Brancelllo e Alvarello	1	4	4	Pedral	Cainho Espanhol (Portugal) Cainho do Freixo (Portugal)	2	3	1
Caiño Bravo	Albariño tinto, Cachiño	2	3	2	Sousón	Tintilla, Retinto, Vinhão (Portugal) Negrao (Portugal)	2	2	2
Caiño Longo	Caiño do país, Tinta barroca (Portugal)	2	3	4	Tempranillo Arauxa		3	3	1
Dona Branca	Valenciana, Chabacana, Moza fresca, Boal, Doninha (Portugal)	2	3	4	Tinta Femia	Mourico (Portugal)	2	3	4
Espadeiro	Torneiro, Espadão (Portugal) Tinta dos pobres (Portugal)	2	4	1	Tinta Fina	Tinta do país Doncelinho (Portugal)	2	1	2
Ferrol	Ferron	2	2	2	Torrontés	Malvasia fina (Portugal)	2	3	3
Godello	Verdello, Pampal, Agudelo Gouveio (Portugal) Verdelho (Portugal)	2	4	3	Treixadura	Trajadura (Portugal) Trincadente (Portugal) Trincadeira (Portugal) Verdello rubio	2	2	2
Lado	Lado	2	3	2	Verdello		1	3	2
Loureira	Loureiro, Marqués, Cheiro	2	3	1	Escala tomada entre: 1 (mínima) e 4 (máxima)				
Mencia	Negrón	2	4	3					

# Xaneiro








## O TEMPO

Comenzará o ano con días afriaxados, algúns deles enxoiitos, outros con nubes de pouca auga, se ben máis adiante veremos as follacas dalgunhas nevaradas. Cando o ceo claree, os ventos lixeiros virán do norte e as xeadas faranse ver por case que todas as bisbarras. Neste mes pódense facer os labores de fondo en viñas e froiteiras; tamén as podas, pero non en días de xeadas.

“Refráns hai máis que pans e letanías máis que días”

“No mes de Xaneiro pés no braseiro”

### DATOS CLIMATOLÓXICOS (Media de 8 anos: 2000 - 2008)

						
	Estación de recollida de datos	Temperatura media das máximas (°C)	Temperatura media das mínimas (°C)	Temperatura media do mes (°C)	Días de choiva	Precipitación total L/m <sup>2</sup>
A Coruña	Mabegondo	17,3	-0,9	9,2	15	76,7
	Pazo de Ortigueira-Vedra	16,4	1,1	9,5	15	63,4
Lugo	Campus Lugo	11,1	-3,7	6,0	14	78,8
	Pedro Murias-Ribadeo	17,6	1,8	10,2	14	102,3
Ourense	Barbantes-Cenlle	18,5	-3,2	6,7	19	123,4
	Xinzo da Limia	14,9	-6,4	5,1	20	107,7
Pontevedra	Mouriscade-Lalín	16,4	-3,9	6,3	15	100,3
	As Eiras-O Rosal	17,5	-0,8	9,0	21	183,5

---

**1 X.** **Nai de Deus.** S. María.  
1953. *Publicase o primeiro número do Almanaque agrícola ZZ. Sempre en idioma gallego normativo, é un manual agrario de carácter técnico, etnográfico, e con diversos contidos vencellados a sabiduría popular. 100.000 exemplares de tirada anual.*


---

**2 V.** Ss. Basilio; Gregorio.

---

**3 S.** S. Xenoveva.

---

**4 D.** Ss. Iolando; Rigoberto.  
  
Cuarto Crecente  
1882. *Sae á rúa o primeiro número de La Voz de Galicia.*  
1922. *Pepe Da Pena (José Cerviño García), morre en Cotobade, un dos mellores santeiros (construtores de cruceiros).*  
1977. *Lei sobre a reforma do Rexistro Civil para traducir os nomes propios ó galego.*

---

**5 L.** S. Emilia.  
1976. *Créase o Consello de Forzas Políticas.*

---

**6 M.** **Epifanía Os Santos Reis, Melchor, Gaspar e Baltasar.**  
Ss. Wilma; Melanio.

---

**7 M.** S. Raimundo.  
1950. *Morre Castelao en Bos Aires.*

---

**8 X.** Ss. Luciano; Eladio.  
1979. *Fúndase en Barcelona Edicións Sotelo Blanco.*


---

**9 V.** S. Lucrecia.

---

**10 S.** S. Gonzalo.

---

**11 D.** **Bautismo do Señor.**  
  
Lúa Chea  
S. Alexandre.  
1533. *A Xunta de Goberno do Novo Reino de Galicia acorda aumentar dúas provincias: A Coruña e Tui.*  
1859. *Nace en Carballo Alfredo Brañas.*

---

**12 L.** S. Xulián.  
1912. *Nace en Celanova o escritor Celso Emilio Ferreiro.*

---

**13 M.** S. Hilario.

---

**14 M.** S. Félix.

---

---

**15 X.** Ss. Raquel; Amaro.

---

**16 V.** S. Marcelo.

---

**17 S.** Ss. Antón Abade; Guido.

---

**18 D.** Ss. Prisca - Priscila.

---

  
Cuarto Minguante

---

**19 L.** S. Mario.

---

**20 M.** Ss. Sebastián; Fabián.  
1765. *Inaugúrase na Coruña a Academia de Agricultura.*

---

**21 M.** S. Inés.

---

**22 X.** Ss. Laura Vicuña; Vicente.

---

**23 V.** S. Virxinia.

---

**24 S.** S. Francisco de Sales.

---

**25 D.** S. Elvira.

---

**26 L.** Ss. Timoteo; Tito; Guimara;  
Ansurio; Viliúlfo.

---

  
Lúa Nova

---

**27 M.** Ss. Ánxela Merici.

---

**28 M.** S. Tomé de Aquino.  
1731. *Primeira sesión da "Academia Literaria Compostelana", presidida por Pablo Mendoza de los Ríos.*  
1902. *Nace o pintor Urbano Lugrís.*

---

**29 X.** S. Valerio.  
1899. *Nace en Rianxo o escritor Rafael Dieste.*  
1930. *Morre o poeta Manoel Antonio.*

---

**30 V.** S. Martiña.  
1886. *Nace en Rianxo Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.*

---

**31 S.** Ss. Xoán Bosco; Marcela.  
1809. *Ocupación de Vigo polas tropas francesas.*  
1820. *Nace en Ferrol Concepción Arenal.*

---

# Febreiro








## O TEMPO

**T**empo de ceos toldados con algúns días de auga. Para cando as nubes se esvaian, estas deixarán paso a un tempo frío con noites ben xeadas e mañanciñas brancas; pero estes días, que serán poucos, deixarán o seu sitio a un tempo ventoso e de chuvias máis ben abundosas. Tempo de

facer os tratamentos de inverno en árbores e videiras. As mellores podas son as que se fan despois de pasar a xeadas fortes.

*“A vellez non ten cura, e a mocidade apenas dura”  
“Se o galo canta ao medio día, néboa para outro día”*

### DATOS CLIMATOLÓXICOS (Media de 8 anos: 2000 - 2008)

					
Estación de recollida de datos	Temperatura media das máximas (°C)	Temperatura media das mínimas (°C)	Temperatura media do mes (°C)	Días de choiva	Precipitación total L/m <sup>2</sup>
<b>A Coruña</b>					
Mabegondo	18,5	-1,9	8,9	14	94,1
Pazo de Ortigueira-Vedra	18,1	-1,0	8,4	13	62,9
<b>Lugo</b>					
Campus Lugo	17,9	-3,7	6,3	12	69,5
Pedro Murias-Ribadeo	18,8	1,5	9,9	13	95,8
<b>Ourense</b>					
Barbantes-Cenlle	19,6	-3,6	7,3	15	62,4
Xinzo da Limia	16,2	-5,5	5,5	14	56,6
<b>Pontevedra</b>					
Mouriscade-Lalín	18,0	-4,9	6,4	13	77,0
As Eiras-O Rosal	17,4	0,1	9,1	14	89,7

---

**1 D.** S. Severiano.

**2 L.** S. Candeloria. Presentación do Señor.

**3 M.** Ss. Brais; Óscar; Francisco Blanco.

 Cuarto Crecente **1807.** Nace en Ferrol o pintor Pérez Villaamil.

**4 M.** S. Xilberte.  
**1135.** Fundación do mosteiro de Aciveiro (Forcarei).

**1864.** Nace en Betanzos Salvador Cabeza De León.

**1893.** Morre en Vigo Concepción Arenal.

**5 X.** S. Ádega.

**6 V.** Ss. Doris; Paulo Miki.

**7 S.** S. Gastón.  
**1876.** Primeiro número da publicación *O Tío Marcos da Portela*, totalmente en galego, dirixido por Valentín Lamas Carbajal.

**8 D.** **Domingo de Septuaxésima**  
Ss. Xerome Emiliano; Xacoba.  
**1835.** Nace en Ponteceso o escritor Eduardo Pondal.

**9 L.** S. Rebeca.

 Lúa Chea

**10 M.** S. Escolástica.  
**1810.** Motín obreiro en Ferrol capitaneado por Antonia Alarcón.  
**1890.** Naufraxio do buque inglés *The Serpent* ó carón do Cabo Vilán.

**11 M.** Nosa Señora de Lurdes.  
**1885.** Nace na Coruña o escritor Wenceslao Fernández Flórez.

**12 X.** S. Pamela.

**13 V.** S. Beatriz.

**14 S.** Ss. Cirilo; Valentín.

---

**15 D.** **Domingo de Sexaxésima**

Ss. Fausto; Xurxa.

**1765.** *Sae á rúa o xornal La Región.*

**1944.** Constitución do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento.

**16 L.** S. Samuel.

 Cuarto Minguante

**17 M.** S. Aleixo.

**18 M.** S. Bernarda.

**19 X.** S. Álvaro.  
**1949.** Fundación de Cerámicas do Castro.

**20 V.** S. Clodio.

**21 S.** S. Severino.  
**1900.** Morre en Compostela Alfredo Brañas, político e economista.

**22 D.** **Domingo de Quincuaxésima**  
- **ENTROIDO** Ss. Eleonora, Nora.

**23 L.** S. Florencio.  
**1908.** Nace en Botos (Lalín) o pintor José Otero Abeledo "Laxeiro".

**24 M.** **Martes de Entroido**  
Ss. Rubén; Serxio.  
**1837.** Nace en Santiago Rosalía De Castro.  
**1985.** Comeza a emitir a Radio Galega.

**25 M.** **Mércores de Cinza.** Ss. Néstor; Sebastián de Aparicio.  
**1861.** Nace en Pontevedra o pianista Carlos Sobrino.

**26 X.** S. Augusto.

**27 V.** S. Leandro.

**28 S.** S. Román.  
**1981.** Morre en Vigo o escritor Álvaro Cunqueiro.

# Marzo








## O TEMPO

Tempo de moitas caras, pois mentres algunha semanaña semellará unha primavera adiantada con solciño, outras serán de inverno con ventos fríos que traerán no seu ventre auga e tamén sarabia. Uns días mellor e outros peor e así será todo o mes. Aínda estamos en tempo de facer as últimas podas nas bisbarras de risco de xeadas tardías. Tamén é tempo de limpar de herbas as hortas, os viñedos, os camiños, sendeiros e canles botando un herbicida axeitado.

**"Da muller e do mar non convén fiar"**

**"Na porta do rezador non poñas trigo ao sol; na do que non reza nada, nin trigo nin cebada"**

### DATOS CLIMATOLÓXICOS (Media de 8 anos: 2000 - 2008)

	Estación de recollida de datos	 Temperatura media das máximas (°C)	 Temperatura media das mínimas (°C)	 Temperatura media do mes (°C)	 Días de choiva	 Precipitación total L/m <sup>2</sup>
A Coruña	Mabegondo	22,6	-0,7	10,9	16	115,4
	Pazo de Ortigueira-Vedra	23,9	-1,4	10,6	18	98,8
Lugo	Campus Lugo	22,8	-2,6	8,9	17	94,8
	Pedro Murias-Ribadeo	21,5	2,8	11,5	17	96,5
Ourense	Barbantes-Cenlle	25,3	-2,2	10,4	15	97,5
	Xinzo da Limia	20,9	-4,3	8,2	16	86,0
Pontevedra	Mouriscade-Lalín	23,5	-4,2	8,5	16	97,9
	As Eiras-O Rosal	22,7	0,4	11,1	17	148,0

- 1 D.** **Primeiro Domingo de Coresma.** S. Rosendo. 1493. Arribada da caravela *La Pinta* ó porto de Baiona, pilotada polo pontevedrés Sarmiento.
- 2 L.** S. Lucio. 1886. Nace na Coruña o compositor Eduardo Rodríguez Losada.
- 3 M.** S. Celidonio.
- 4 M.** Ss. Ariel; *Capitón*. 1889. Nace en Cambados o escultor Francisco Asorey. 1936. Morre o galeguista Antón Vilar Ponte.
- 5 X.** S. Olivia. 1888. Nace en Ourense Ramón Otero Pedrayo.
- 6 V.** S. Elcira. 1856. Banquete intelectual de Conxo, con Pondal e Aurelio Aguirre.
- 7 S.** Ss. Perpetua; *Felicidade*. 1908. Morre en Cuba o escritor Curros Enríquez. 1909. Nace en Santiago Xosé M<sup>a</sup> Castroviejo.
- 8 D.** **Segundo Domingo de Coresma.** S. Xoán de Deus. 1917. Morre na Coruña Eduardo Pondal.
- 9 L.** S. Francisca Romana. 1695. Nace no Bierzo Frei Martín Sarmiento.
- 10 M.** S. Macario. 1944. Editase en Bos Aires Sempre en Galiza de Castelao. 1965. Morre en Belesar o derradeiro guerrilleiro da Resistencia Galega Xosé Castro Veiga "O Piloto".
- 11 M.** S. Eulolio.
- 12 X.** S. Norma.
- 13 V.** S. Rodrigo.
- 14 S.** S. Matilde.
- 15 D.** **Terceiro Domingo de Coresma.** S. Luísa de Marillac.
- 16 L.** S. Heriberto.
- 17 M.** S. Patricio. 1960. Morre en Madrid o pintor Álvarez De Sotomayor.
- 18 M.** S. Cirilo. 1897. Nace en Pontecesures o pintor Carlos Maside.
- Cuarto Minguante**
- 19 X.** S. Xosé. 1847. Fúndase o "Círculo de Artesanos" a prol do desenvolvemento cultural de Galicia.
- 20 V.** S. Alexandra. 1886. Nace en Mugardos o pintor Felipe Bello.
- 21 S.** S. Uxía. 1874. Nace na Coruña o músico Andrés Gaos.
- 22 D.** **Cuarto Domingo de Coresma.** S. Lea. 1992. Morte do poeta Antón Avilés De Taramancos.
- 23 L.** S. Dimas.
- 24 M.** Ss. Elba; Catarina de Suecia.
- 25 M.** S. Anunciación. 1990. Morre en Santiago Ricardo Carvalho Calero.
- 26 X.** S. Braulio. 1930. Pacto de Lestrove.
- Lúa Nova**
- 27 V.** S. Ruperto.
- 28 S.** S. Octavio. 1809. Os exércitos de Morillo e Cachamuña liberan Vigo dos Franceses. 1966. Morre en Lalín o astrónomo Ramón M<sup>a</sup> Aller.
- 29 D.** **Domingo de Paixón.** S. Gladys. Cambio horario (adiantarase o reloxo 1h)
- 30 L.** S. Artemio.
- 31 M.** Ss. Benxamín; Balbina. 1901. Nace en Ponteareas o escritor Fermín Bouza Brey.



## O TEMPO






**D**ías mollados toldados e afriaxados. As chuvias serán máis abondosas polas bisbarras da Mariña e menos polas Rías Baixas. Máis adiante algúns días veremos o sol, pero a súa quentura será máis ben pouca, para tornar de seguido

aos anubrados. Tempo de moita faena, pois debemos rematar a plantación das patacas do tarde, sementar o millo, preparar hortas e comezar a sulfatación.

“Abril chuvioso, maio pardo, San Xoán claro, enchen o carro”

“Abril frío, moito pan e pouco viño”

### DATOS CLIMATOLÓXICOS (Media de 8 anos: 2000 - 2008)

	Estación de recollida de datos	 Temperatura media das máximas (°C)	 Temperatura media das mínimas (°C)	 Temperatura media do mes (°C)	 Días de choiva	 Precipitación total L/m <sup>2</sup>
A Coruña	Mabegondo	24,0	1,0	11,8	13	87,9
	Pazo de Ortigueira-Vedra	26,0	1,9	12,0	14	107,4
Lugo	Campus Lugo	24,9	-0,1	10,4	13	74,1
	Pedro Murias-Ribadeo	20,3	4,4	12,1	13	86,1
Ourense	Barbantes-Cenlle	29,2	0,1	12,3	13	88,1
	Xinzo da Limia	24,6	-1,7	9,7	13	78,4
Pontevedra	Mouriscade-Lalín	24,6	-2,1	9,8	14	93,9
	As Eiras-O Rosal	24,6	4,2	13,0	15	131,2



---

**1 M.** S. Hugo.  
*1188. Inauguración do "Pórtico da Gloria" da Catedral de Santiago.*  
*1844. Comeza en Lugo a "Revolución Progresista Galega".*  
*1917. Sae á rúa o xornal El Ideal Gallego.*

---

**2 X.** Ss. Xandra; Francisco de Paula.

---



Cuarto  
Crescente

---

**3 V.** S. Ricardo.  
*1841. Nace en Santiago o escultor Isidoro Brocos.*

---

**4 S.** S. Isidoro.  
*1284. Morte de Afonso X o Sabio, creador das Cantigas de Santa María.*

---

**5 D.** **Domingo de Ramos**  
S. Vicente Ferrer.  
*1889. Nace en Lugo o pintor Jesús Rodríguez Corredoira.*  
*1896. Nace en Ourense o galeguista Ben-Cho-Shey.*  
*1897. Morre na Coruña Francisco de la Iglesia, autor da letra da famosa Alborada de Pascual Veiga.*  
*1902. Nace en Pontevedra o pintor Arturo Souto.*  
*1979. Morre na Coruña Luís Seoane.*  
*1926. Xoaquín Loriga inicia o voo Madrid-Manila.*

---

**6 L.** S. Edith.

---

**7 M.** S. Xoán Bautista da Salle.  
*1963. Créase a Fundación Penzol en Vigo.*

---

**8 M.** S. Constanza.

---

**9 X.** **Xoves Santo.** S. Demetrio.  
*1842. Nace o compositor Pascual Veiga en Mondoñedo, autor do Himno Galego.*

---



Lúa  
Chea

---

**10 V.** **Venres Santo.** S. Ezequiel.  
*1874. Nace na Coruña o pintor Francisco Lloréns.*  
*1976. Morre en Ourense Ramón Otero Pedrayo.*

---

**11 S.** **Sábado Santo.** S. Estanislao.

---

---

**12 D.** **Domingo de Pascua.**  
Ss. Arnaldo; Xulio.  
*1888. O químico Antonio Casares e Rodrigo falece en Compostela.*

---

**13 L.** Ss. Martiño; Aída.  
*1840. Nace en Lugo Juan Montes Capón, un dos mellores músicos galegos de todos os tempos.*

---

**14 M.** S. Máximo.

---

**15 M.** S. Crescente.

---

**16 X.** S. Flavio.

---

**17 V.** Ss. Leopoldo; Aniceto.

---



Cuarto  
Minguante

---

**18 S.** S. Vladimir.  
*1978. Constitúese a Xunta de Galicia.*

---

**19 D.** **Domingo de Cuasimodo - As Pascuñas.** S. Enma.

---

**20 L.** S. Edgardo.

---

**21 M.** S. Anselmo.

---

**22 M.** Ss. Karina; *Señoriña.*

---

**23 X.** S. Xurxo.

---

**24 V.** S. Fidel.

---

**25 S.** S. Marcos.  
*1734. Nace na Coruña José Andrés Cornide Saavedra.*  
*1974. Revolución dos Caraveis en Portugal.*

---



Lúa  
Nova

---

**26 D.** Ss. Cleto; Marcelino.  
*1846. Mártires de Carral: fusilamento do coronel Solís e os seus compañeiros do alzamento contra o goberno absolutista de Narváez.*

---

**27 L.** Ss. Zita; Toribio de Mogrovejo.

---

**28 M.** S. Valeria.

---

**29 M.** S. Catarina de Siena.

---

**30 X.** Ss. Amador; Pío V.  
*1963. Falece en Ourense Vicente Risco.*

---

# Maio

17 DE MAIO








## O TEMPO

A melloría do tempo será pouca no primeiro, pois aínda teremos días moi fresquiños e cambiantes, con auga e ventos lixeiros; pero una vez pasado o Santo Isidro, as chuvias irán a menos, e as que veñan serán moi ben recibidas por ser riqueza e fartura para os campos e mananciais. Tempo de rematar as plantacións das hortas, e tempo de facer a sulfatación da viña e das patacas.

“Ano de herba, ano de merda”


“Se a cobra cantou en Mazo, neve no maio”

### DATOS CLIMATOLÓXICOS (Media de 8 anos: 2000 - 2008)

						
	Estación de recollida de datos	Temperatura media das máximas (°C)	Temperatura media das mínimas (°C)	Temperatura media do mes (°C)	Días de choiva	Precipitación total L/m <sup>2</sup>
A Coruña	Mabegondo	26,7	3,6	14,0	11	79,8
	Pazo de Ortigueira-Vedra	28,8	4,3	14,4	16	72,6
Lugo	Campus Lugo	29,1	2,6	13,0	12	64,2
	Pedro Murias-Ribadeo	23,6	6,1	14,0	14	86,0
Ourense	Barbantes-Cenlle	31,7	2,9	15,2	9	32,7
	Xinzo da Limia	28,1	1,0	12,6	11	37,7
Pontevedra	Mouriscade-Lalín	28,8	0,5	12,4	13	72,9
	As Eiras-O Rosal	27,8	5,9	14,9	14	86,0

---

**1 V.** S. Xosé Obreiro.  
**1880.** *Nace a primeira publicación periódica de Galicia: El Catón Compostelano.*

 Cuarto Crecente

---

**2 S.** Ss. Anastasio; Boris.  
**1988.** *Morte do escritor Ben-Cho-Shey en Madrid.*

---

**3 D.** S. Santa Cruz.

---

**4 L.** S. Filipe e Santiago.  
**1907.** *Fúndase o Centro Gallego de Bos Aires.*

---

**5 M.** S. Xudit.

---

**6 M.** S. Eleordo.

---

**7 X.** S. Domitila.

---

**8 V.** S. Segundo.

---

**9 S.** S. Isaías.



Lúa Chea

---

**10 D.** S. Antonio/a.

---

**11 L.** S. Estela.

---

**12 M.** Ss. Pancracio; Nereo.

---

**13 M.** Nosa Señora de Fátima.

---

**14 X.** S. Matías.  
**1589.** *O pirata Drake asedia a cidade da Coruña.*

---

**15 V.** S. Isidro.


---

**16 S.** Ss. Honorato; Eufrasio.  
**1984.** *Constitúese a Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística.*

---

---

**17 D.** S. Pascual Bailón.  
**1833.** *Nace Manuel Murguía en Arteixo.*

 Cuarto Minguante **1863.** *Editase en Vigo a primeira edición de Cantares Gallegos de Rosalía de Castro.*  
**1963.** *A Real Academia Galega institúe o Día das Letras Galegas.*

---

**18 L.** Ss. Enriqueta; Corina.  
**1916.** *Créase na Coruña as Irmandades dos Amigos da Fala.*  
**1970.** *Fúndase o Museo Maside de Arte Contemporánea en Sada.*

---

**19 M.** Ss. Yvo; Yvone.

---

**20 M.** S. Bernardino de Siena.

---

**21 X.** Ss. Constantino; *Trocado.*

---

**22 V.** Ss. Rita; *Quiteria.*

---

**23 S.** S. Desiderio.

---

**24 D.** **Ascensión do Señor.** Ss. Marta Auxiliadora; Susana.



Lúa Nova

---

**25 L.** Ss. Beda; Gregorio.

---

**26 M.** S. Mariana.  
**1898.** *Nace en Soutelo de Montes Avelino Cachafeiro Bugallo, considerado o mellor gaiteiro de Galicia.*

---

**27 M.** Ss. Emilio; Agostiño de Cantorbery.

---

**28 X.** S. Xermán.

---


**29 V.** Ss. Maximiano; Hilda.

---

**30 S.** Ss. Fernando / Hernán; Xoana de Arco; Lorena.

---

**31 D.** **Domingo de Pentecostes.** S. Visitación.  
**1915.** *Nace Ramón Piñeira na Lán cara.*

 Cuarto Crecente

---

# San Xoán



## O TEMPO






**D**ías algo fresquiños no primeiro, outros con tormentas que poden traer chuvias abundosas en certas comarcas principiando polo norte; pero en chegando a San Xoán,

o tempo mellorará e a calor farase sentir. O tempo será pestífero para os cultivos, por iso non deben deixarse de man as sulfatas de vides e patacas.

“Do Santo Antonio ao San Xoán once días van (13 e 24 de xuño)”

“En San Xoán, inda hai tres días para cardar a lan”

### DATOS CLIMATOLÓXICOS (Media de 8 anos: 2000 - 2008)

	Estación de recollida de datos	 Temperatura media das máximas (°C)	 Temperatura media das mínimas (°C)	 Temperatura media do mes (°C)	 Días de choiva	 Precipitación total L/m <sup>2</sup>
A Coruña	Mabegondo	30,4	6,0	17,3	7	36,5
	Pazo de Ortigueira-Vedra	33,1	8,5	18,5	7	32,7
Lugo	Campus Lugo	32,6	5,9	16,9	8	50,6
	Pedro Murias-Ribadeo	25,2	10,2	16,8	10	45,8
Ourense	Barbantes-Cenlle	36,4	7,2	20,0	4	30,6
	Xinzo da Limia	31,7	4,4	17,4	6	40,4
Pontevedra	Mouriscade-Lalín	31,2	2,8	16,4	7	46,4
	As Eiras-O Rosal	31,9	9,1	18,6	7	64,0

---

**1 L.** Ss. Xustino; *Pedro Vázquez*.  
**1910.** *Nace Luís Seoane en Bos Aires.*

---

**2 M.** Ss. Marcelino; Erasmo.

---

**3 M.** S. Maximiliano.  
**1876.** *Nace en Cambados Ramón Cabanillas.*  
**1903.** *Nace Alexandre Bóveda en Ourense.*

---

**4 X.** **Xesucristo, Sumo e Eterno Sacerdote.** S. Frida.

---

**5 V.** Ss. Bonifacio; Salvador.

---

**6 S.** S. Noberto.

---

**7 D.** **Santísima Trindade.** S. Clodio.  
**1809.** *Batalla de Pontesampaio contra as tropas francesas de Ney na que interveu tamén o "Batallón Literario de Santiago".*



---

**8 L.** S. Armando.

---

**9 M.** S. Efrén.

---

**10 M.** S. Paulina.  
**1909.** *Nace o poeta Aquilino Iglesias Alvariño en Abadín.*  
**1958.** *Falece o pintor Carlos Maside en Compostela.*

---

**11 X.** **Santísimo Corpus Christi.**  
Ss. Bernabeu; Trinidad.

---

**12 V.** S. Onofre.  
**1874.** *Nace en Vigo o músico e escritor Teodosio Vesteiro Torres.*

---

**13 S.** S. Antón.

---

**14 D.** S. Eliseo.  
**1987.** *Publicase o primeiro número do "Atlántico Diario".*

---

**15 L.** Ss. Leonidas, Manuela.

---

**16 M.** S. Aurelio.



Cuarto  
Minguante

---

**17 M.** S. Ismael.

---

**18 X.** S. Salomón.

---

**19 V.** S. Romualdo.

---

**20 S.** S. Florentino.

---

**21 D.** Ss. Raúl; Rodolfo; Luís Gonzaga.  
Comenzo  
do  
verán

---

**22 L.** Ss. Paulino de Nola; Tomé Moro.



Lúa  
Nova

---

**23 M.** S. Marcial.

---

**24 M.** S. Xoán Bautista.  
**1891.** *Xogos Florais do Idioma Galego en Tui, con intervencións de Murguía, Brañas e o bispo Lago González.*

---

**25 X.** Ss. Guillermo; *Tramunda.*

---

**26 V.** Ss. Paio; Xoán Tersón.

---

**27 S.** S. Cirilo.

---

**28 D.** S. Ireneo.  
**1936.** *Aprobación en plebiscito do Estatuto de Autonomía de Galicia.*

---

**29 L.** S. Pedro e Pulo.



Cuarto  
Crecente

---

**30 M.** S. Adolfo.

---

# Santiago








## O TEMPO

**M**es de moita calor e seca que vai a máis segundo adiantan os días, con ceos máis ben despexados e tardes de brétemas na beiramar. Chegando as datas preto do apóstolo poida que algúns anubrados acheguen certo fresquiño e pequenas treboadas con algo de auga, pero só caera nalgunhas bisbarras. Medo ao lume nos montes, por iso convén ter limpas a beiras dos camiños e tamén especialmente os montes preto das casas. Cómpre tratar nestas datas o podre da uva.

“Antes de facer unha cousa unha vez, pensala primeiro tres”

“O que sementa ventos, recolle tempestades”

### DATOS CLIMATOLÓXICOS (Media de 8 anos: 2000 - 2008)

						
	Estación de recollida de datos	Temperatura media das máximas (°C)	Temperatura media das mínimas (°C)	Temperatura media do mes (°C)	Días de choiva	Precipitación total L/m <sup>2</sup>
A Coruña	Mabegondo	32,1	8,2	18,4	10	36,2
	Pazo de Ortigueira-Vedra	33,0	8,8	19,3	8	30,2
Lugo	Campus Lugo	32,8	7,2	17,9	6	31,8
	Pedro Murias-Ribadeo	25,4	10,6	18,5	10	53,2
Ourense	Barbantes-Cenlle	36,4	7,6	20,6	4	19,0
	Xinzo da Limia	33,3	4,9	18,3	6	18,0
Pontevedra	Mouriscade-Lalín	32,8	3,7	17,3	5	25,2
	As Eiras-O Rosal	32,7	10,2	19,4	7	39,1

---

**1 M.** S. Ester.  
*1824. Nace en Vigo o mariño Méndez Núñez.*  
*1920. Morre na Habana Ramón Armada, fundador de A Gaita Galega, a primeira publicación en galego na América.*

---

**2 X** S. Gloria.  
*1861. Celébranse na Coruña os 1<sup>os</sup> Xogos Florales de Galicia. As súas creacións literarias serán publicados no libro Álbum de la Caridad en 1862.*

---

**3 V.** S. Tomé.  
*1528. Constitúese en Compostela o Reino de Galicia.*

---

**4 S.** Ss. Sabela; Eliana; Liliana.

---

**5 D.** Ss. Antón-María; Berta.

---

**6 L.** S. María Goretti.

---

**7 M.** S. Fermín.



Lúa  
Chea

**8 M.** S. Uxío.  
*1923. Anxel Casal promove a creación das Escolas do Ensino Galego, ofrecidas polas Irmandades da Fala.*  
*1983. Fúndase o Consello da Cultura Galega.*

---

**9 X.** S. Verónica.

---

**10 V.** Ss. Elías; Xoán Xacobo Fernández.

---

**11 S.** S. Bieito.

---

**12 D.** S. Filomena.  
*1900. Nace en Rianxo o poeta Manoel Antonio.*  
*1906. Morre o compositor galego Pascual Veiga, autor do Himno de Galicia ou a Alborada Gallega.*

---

**13 L.** Ss. Henrique; Xoel.

---

**14 M.** S. Camilo de Lelis.

---

**15 M.** Ss. Boaventura; Xulio.  
*1885. Morre Rosalía de Castro en Padrón.*



Cuarto  
Minguante

---

**16 X.** S. Carme.

---

**17 V.** S. Carolina.

---

**18 S.** S. Federico.

---

**19 D.** S. Arsenio.  
*1989. Morre o etnógrafo e historiador Xaquín Lorenzo (Xocas).*

---

**20 L.** Ss. Mariña; Xosé M<sup>a</sup> Díaz.  
*1979. Apróbese o decreto polo que o galego pasa a formar parte do sistema educativo galego.*

---

**21 M.** S. Daniel.

---

**22 M.** S. María Madalena.



Lúa  
Nova

**23 X.** S. Brixida.

---

**24 V.** S. Cristina.  
*1985. Primeira emisión da Televisión de Galicia.*  
*1967. Morre o galeguista Lois Peña Novo.*

---

**25 S.** S. Santiago.  
*813. Descuberta da tumba do apóstolo Santiago polo bispo de Iria Teodomiro.*  
*1965. O xesuíta Xaime Seixas celebra en Compostela a primeira misa en galego.*

---

**26 D.** Ss. Xoaquín; Ana.

---

**27 L.** S. Natalia.

---

**28 M.** S. Celso.



Cuarto  
Crecente

**29 M.** S. Marta.

---

**30 X.** S. Abdón e Senén.  
*1881. Nace en Vigo o xornal La Propaganda, creado por Ricardo Mella para a defensa e ilustración da clase obreira.*

---

**31 V.** S. Ignacio de Loyola.

---

# Agosto








## O TEMPO

É case seguro que ha de seguir a calor forte na primeira parte do mes. Tamén habemos de ver días ben neboentos, principalmente polo atardecer, que serán máis intensos nas comarcas preto do mar. Moita secura nos labradíos con diminución dos mananciais; pero chegando xa case ao final, poida que veña unha reguiña que nos aliviará un pouquiño. Pódese esfoliar a viña para asollar os acios, pero non esquecer o último tratamento contra a botrite da uva.

“Aceite o de enriba, viño o do medio, mel o do fondo”

“Abade que foi monaguillo, ben sabe quen bebe o viño”

### DATOS CLIMATOLÓXICOS (Media de 8 anos: 2000 - 2008)

						
	Estación de recollida de datos	Temperatura media das máximas (°C)	Temperatura media das mínimas (°C)	Temperatura media do mes (°C)	Días de choiva	Precipitación total L/m <sup>2</sup>
A Coruña	Mabegondo	32,5	7,5	18,6	9	40,8
	Pazo de Ortigueira-Vedra	32,8	10,3	19,7	10	42,6
Lugo	Campus Lugo	33,2	7,2	18,0	7	40,5
	Pedro Murias-Ribadeo	26,0	12,5	19,0	9	44,8
Ourense	Barbantes-Cenlle	36,0	8,4	20,5	4	19,1
	Xinzo da Limia	34,0	5,1	18,3	7	36,5
Pontevedra	Mouriscade-Lalín	32,7	4,5	17,5	6	39,5
	As Eiras-O Rosal	32,6	11,0	20,2	9	49,0



---

**1 S.** S. Alfonso María de Ligorio.  
*1878. Sae á rúa o primeiro número do xornal El Correo Gallego.*

---

**2 D.** S. Eusebio.

---

**3 L.** S. Lidia.

---

**4 M.** S. Xoán María Vianney.

---

**5 M.** Ss. Osvaldo; Neves.

---

**6 X.** **Transfiguración do Noso Señor.**



Lúa  
Chea

Eclipse  
penumbral  
de lúa

---

**7 V.** Ss. Sixto; Caetano.

---

**8 S.** S. Domingos de Guzmán.

---

**9 D.** S. Xusto.

---

**10 L.** S. Lourenzo.

---

**11 M.** S. Clara de Asís.  
*1903. Nace en Lugo o escritor Ánxel Fole.*

---

**12 M.** S. Laura.

---

**13 X.** S. Víctor.



Cuarto  
Minguante

---

**14 V.** S. Alfredo.

---

**15 S.** **Asunción da Virxe María.**

---

**16 D.** Ss. Roque; Xema.

---

**17 L.** S. Xacinto.  
*1908. Se á rúa o primeiro número de El Progreso de Lugo.*  
*1936. Alexandre Bóveda é fusilado na Caeira (Pontevedra).*

---

**18 M.** Ss. Helena, Leticia.

---

**19 M.** S. Mariano.

---

**20 X.** S. Bernardo.



Lúa  
Nova

---

**21 V.** S. Pio X.

---

**22 S.** S. María Raíña.

---

**23 D.** S. Rosa de Lima.

---

**24 L.** S. Bartolomeu.

---

**25 M.** Ss. Luís (rei); Xosé Calasanz;  
*Pedro Vázquez.*

---

**26 M.** Ss. Tareixa de Xesús; César.  
*1990. Morre o galeguista Ramón Piñeiro.*

---

**27 X.** S. Mónica.



Cuarto  
Crecente

---

**28 V.** S. Agostiño.

---

**29 S.** Ss. Xoán Bautista; Sabina.

---

**30 D.** Ss. Donato; Ero.  
*1879. Créase o Centro Gallego de Montevideo.*

---

**31 L.** S. Ramón.  
*1979. Morre en Vigo o escritor Celso Emilio Ferreiro.*

# Setembro

## O TEMPO








Por estas datas o ceo tornarase anubrado por algúns días. O fresquiño vai a máis principalmente polas noites, pero a mediados do mes aínda falaremos de días claros e

soleados, se ben, cerca do remate, as treboadas poden arraxar por algúns días auga que engordará a vendima. Se se queren facer viños de calidade, a vendima debe ir enxoita ao lagar e con uvas sas.

“Fillo fuches, pai/nai serás; mira o que fixeches e así o terás”

“Non hai día que non chegue, nin tempo que non acabe”

### DATOS CLIMATOLÓXICOS (Media de 8 anos: 2000 - 2008)

						
	Estación de recollida de datos	Temperatura media das máximas (°C)	Temperatura media das mínimas (°C)	Temperatura media do mes (°C)	Días de choiva	Precipitación total L/m <sup>2</sup>
A Coruña	Mabegondo	30,5	6,0	17,1	9	48,5
	Pazo de Ortigueira-Vedra	32,1	7,8	17,8	12	50,5
Lugo	Campus Lugo	30,2	4,0	16,0	6	48,0
	Pedro Murias-Ribadeo	25,4	9,6	17,2	8	53,0
Ourense	Barbantes-Cenlle	34,8	6,4	18,2	8	58,3
	Xinzo da Limia	31,1	2,7	16,1	9	65,0
Pontevedra	Mouriscade-Lalín	31,2	2,3	15,6	7	49,3
	As Eiras-O Rosal	31,4	9,5	18,2	14	69,2

---

**1 M.** S. Arturo.

**2 M.** S. Moisés.

**3 X.** S. Gregorio Magno.

**4 V.** S. Irma.



Lúa  
Chea

*1906. Morre o poeta Valentín Lamas Carvajal.*

**5 S.** S. Victorino.

**6 D.** Ss. Eva; Evelyne.

**7 L.** S. Rexina.

**8 M.** Natividade da Virxe.

*1897. Nace en Ourense o escritor Eduardo Blanco Amor.*

**9 M.** Ss. Serxio e Omar; *Remedios.*

**10 X.** Ss. Nicolás de Tolentino; Adalberto; *Pedro de Mezonzo.*

**11 V.** Ss. Orlando; Roldán.

**12 S.** S. María.



Cuarto  
Minguante

**13 D.** S. Xoán Crisóstomo.

*1898. Morre en Pontevedra o galeguista Ramón Martínez López.*

**14 L.** S. Imelda.

**15 M.** Nosa Señora das Dores.

*1851. Nace en Celanova o escritor Cúrrros Enríquez.*

---

**16 M.** S. Cibrán.

**17 X.** S. Roberto.

**18 V.** S. Xosé de Cupertino.



Lúa  
Nova

**19 S.** S. Xenaro.

**20 D.** S. Amelia.

**21 L.** S. Mateu.

**22 M.** S. Mauricio.

Comenzo  
do  
outono

**23 M.** Ss. Lino e Tegra.

*1895. Nace en Lalín o aviador Xoaquín Loriga, o primeiro da aviación en Galicia.*

**24 X.** Nosa Señora do Carme.

**25 V.** S. Aurelio.

*1110. Afonso Raimúndez é proclamado rei de Galicia polo arcebispo Xelmírez.*

**26 S.** Ss. Cosme e Damián.



Cuarto  
Crecente

**27 D.** S. Vicente de Paúl.

**28 L.** S. Wenceslao.

**29 M.** Ss. Miguel; Gabriel e Rafael.

**30 M.** S. Xerónimo.

---

# Outubro



## O TEMPO






Comeza o mes con tempo canubrado e ventoso, algúns días con chuvias que van e veñen. Máis adiante con temperatura máis ben fría. Non faltará unha semana enteira de solciño que coincidirá nalgún dos días coas

festas do San Froilán en Lugo. Remataremos o mes con tempo chuvioso. Se non gardaches a leña en setembro, aproveita o solciño de outubro.

“Moito as de saber para cogomelos coller”

“Mellor cogomelo perdido que mal comido”

### DATOS CLIMATOLÓXICOS (Media de 8 anos: 2000 - 2008)

	Estación de recollida de datos	 Temperatura media das máximas (°C)	 Temperatura media das mínimas (°C)	 Temperatura media do mes (°C)	 Días de choiva	 Precipitación total L/m <sup>2</sup>
A Coruña	Mabegondo	25,6	5,7	15,0	19	201,5
	Pazo de Ortigueira-Vedra	26,6	4,9	14,6	21	260,7
Lugo	Campus Lugo	25,3	3,4	13,1	16	162,0
	Pedro Murias-Ribadeo	24,4	9,5	15,8	17	152,8
Ourense	Barbantes-Cenlle	27,7	4,4	14,3	18	192,4
	Xinzo da Limia	25,0	0,0	12,0	21	183,3
Pontevedra	Mouriscade-Lalín	25,7	1,7	9,8	18	239,5
	As Eiras-O Rosal	25,3	6,2	15,3	21	255,2

---

**1 X.** S. Tareixa do Neno Xesús.  
*1884. O escritor Vicente Risco nace en Ourense.*

---

**2 V.** S. Anxos Custodios  
*1881. Nace en Viveiro o galeguista Antón Vilar Ponte.*

---

**3 S.** S. Xerardo.  
*1914. Nace en Silleda Ramón De Valenzuela .*

---

**4 D.** S. Francisco de Asís.



Lúa  
Chea

---

**5 L.** Ss. Flor; Froilán.

---

**6 M.** S. Bruno.  
*1923. Morre Andrés Martínez Salazar, transcribiu a Crónica Troyana.*

---

**7 M.** Nosa Señora do Rosario.

---

**8 X.** Nosa Señora de Begonia.  
*1676. Fr. Benito Jerónimo Feijoo nace en Casdemiro (Pereiro de Aguiar).*

---

**9 V.** S. Dionisio.

---

**10 S.** S. Francisco de Borja.  
*1974. Creación do Museo do Traxe Galego.*

---

**11 D.** S. Soidade.



Cuarto  
Minguante

---

**12 L.** Nosa Señora do Pilar.

---

**13 M.** S. Eduardo.

---

**14 M.** S. Calisto.

---

**15 X.** S. Tareixa de Ávila.  
*1702. Entra na ría de Vigo a escuadra que transporta 108 millóns de pezas de ouro e prata, o famoso tesouro de Rande.*

---

**16 V.** S. Eduvixes.  
*1881. O músico Marcial De Adalid morre na Coruña.*

---

**17 S.** S. Margarida Mª de Alacoque.

---

**18 D.** S. Lucas.



Lúa  
Nova

---

**19 L.** Ss. Paulo da Cruz; Renato.  
*1869. Nace en Mondoñedo o escritor Noriega Varela .*

---

**20 M.** S. Irene.  
*1929. O compositor Reveriano Soutullo estrea o pasodobre Pontearas.*

---

**21 M.** S. Úrsula.  
*1886. Nace o filósofo Xoán Vicente Viqueira.*

---

**22 X.** S. Sara.

---

**23 V.** S. Remixio.  
*1923. Fundación do Seminario De Estudos Galegos.*

---

**24 S.** Ss. Antón Mª Claret; Paderna.

---

**25 D.** S. Olga.  
*1854. Nace en Mondoñedo Manuel Leiras Pulpeiro.*



Cambio  
horario  
(atrasarase  
o reloxo 1h)

---

**26 L.** S. Darío.



Cuarto  
Crecente

---

**27 M.** S. Gustavo.

---

**28 M.** Ss. Simón; Xudas.

---

**29 X.** S. Narciso.  
*1977. Inauguración do Museo Do Pobo Galego .*

---

**30 V.** S. Alonso.  
*1920. Aparece o primeiro número en Ourense da revista "NÓS".*

---

**31 S.** S. Lucía.

---

# Novembro



## O TEMPO






Falarase de tempo afriaxado e húmido con case que todos os días toldados, que traerán chuvias miúdas. Poucos días enxoiitos e, cando estes veñan, xa veremos a neve na lama.

Mes de moitas comedelas e larpeiradas nos magostos, con viño alvariño ou caíño, filloas da pedra e chourizos frescos.

“Comer e rañar, todo o mal e empezar”

“Cando a carballeira xa canta, gusta ben a manta”

### DATOS CLIMATOLÓXICOS (Media de 8 anos: 2000 - 2008)

					
Estación de recollida de datos	Temperatura media das máximas (°C)	Temperatura media das mínimas (°C)	Temperatura media do mes (°C)	Días de choiva	Precipitación total L/m <sup>2</sup>
<b>A Coruña</b>					
Mabegondo	21,0	0,8	10,9	15	138,7
Pazo de Ortigueira-Vedra	21,3	1,8	11,0	20	172,4
<b>Lugo</b>					
Campus Lugo	19,2	-0,9	8,1	14	98,2
Pedro Murias-Ribadeo	19,9	4,9	12,1	14	120,9
<b>Ourense</b>					
Barbantes-Cenlle	22,1	0,9	9,8	16	122,3
Xinzo da Limia	18,7	-2,3	7,9	19	124,8
<b>Pontevedra</b>					
Mouriscade-Lalín	20,0	-2,4	8,3	14	139,5
As Eiras-O Rosal	20,8	2,6	11,7	19	229,3

---

**1 D.** Todos os Santos.  
*1567. Nace en Baiona Diego Sarmiento De Acuña, Conde de Gondomar.*  
*1849. Nace en Ourense o escritor Valentín Lamas Carvajal.*

---

**2 L.** Todos os Fieis Defuntos.



Lúa  
Chea

---

**3 M.** S. Martiño de Porres.  
*1853. Sae á rúa o primeiro número de Faro De Vigo.*

---

**4 M.** S. Carlos Borromeo.

---

**5 X.** S. Silvia.

---

**6 V.** S. Leonardo.

---

**7 S.** Ernesto.

---

**8 D.** S. Ninfa.

---

**9 L.** S. Teodoro.  
*1959. Nace en Cambados o escritor Ramón Cabanillas.*



Cuarto  
Minguante

---

**10 M.** S. León Magno.

---

**11 M.** S. Martiño de Tours.

---

**12 X.** S. Cristián.

---

**13 V.** S. Diego.  
*2002. Afundimento do petroleiro Prestige fronte as costas galegas.*

---

**14 S.** S. Humberto.  
*1738. Nace en Noia o escultor Xosé Ferreiro .*  
*1886. Nace en Ourense o investigador Florentino López Cuevillas.*  
*1916. Sae á rúa o primeiro número da publicación galeguista "A Nosa Terra".*

---

---

**15 D.** S. Alberte Magno.  
*1944. Créase en Montevideo o Consello De Galiza.*

---

**16 L.** Ss. Margarida; Xertrude.  
*1877. Nace en Ourense o músico Francisco Santalices.*



Lúa  
Nova

---

**17 M.** S. Sabela de Hungría.  
*1918. 1ª Asemblea en Lugo das Irmandades Da Fala.*

---

**18 M.** S. Elsa.

---

**19 X.** Ss. André; Avelino.

---

**20 V.** S. Edmundo.

---

**21 S.** S. Presentación da Virxe.

---

**22 D.** **Xesucristo, Rei do Universo**  
Ss. Cecidia; Xoán de Pontevedra.

---

**23 L.** S. Clemente.  
*1879. Reunión de creación do Centro Galego Na Habana.*

---

**24 M.** S. Flora.



Cuarto  
Crecente

---

**25 M.** S. Catarina Labouré.

---

**26 X.** S. Delfina.

---

**27 V.** Ss. Virxilio; Facundo; Primitivo.

---

**28 S.** S. Branca.

---

**29 D.** **Primeiro Domingo do Advento.** S. Saturnino.

---

**30 L.** S. André.  
*1232. Consagración da Catedral De Tui.*  
*1833. As sete Provincias Galegas do antigo reino de Galicia pasan a ser as catro actuais.*

---

# Nadal








## O TEMPO

O tempo faranos decatarse de que estamos no verdadeiro inverno, pois neste mes non han de faltar días chuviosos, fríos e máis ben ventosos. Os días enxoiitos xa serán xeados; os días de chuvias lixeiras na beiramar serán de nevaradas nas montañas. Tempo da matanza para ter fartura nas festas do Nadal, pois ben sabido é que o porco do cortello sabe mellor que o da tenda do lugar.

“Se o Nadal vén mollado, o xaneiro vén xeado”

“A auga para os peixes; para os homes viño a feixes”

### DATOS CLIMATOLÓXICOS (Media de 8 anos: 2000 - 2008)

	Estación de recollida de datos	 Temperatura media das máximas (°C)	 Temperatura media das mínimas (°C)	 Temperatura media do mes (°C)	 Días de choiva	 Precipitación total L/m <sup>2</sup>
A Coruña	Mabegondo	17,6	-2,2	8,7	18	136,1
	Pazo de Ortigueira-Vedra	17,5	-1,2	8,7	20	115,0
Lugo	Campus Lugo	15,2	-4,6	5,3	15	90,1
	Pedro Murias-Ribadeo	17,6	2,5	10,1	14	106,4
Ourense	Barbantes-Cenlle	16,3	-1,9	6,7	17	103,1
	Xinzo da Limia	15,0	-5,2	5,4	19	105,8
Pontevedra	Mouriscade-Lalín	17,0	-5,0	6,0	18	156,6
	As Eiras-O Rosal	16,7	0,2	9,2	20	164,9



---

**1 M.** S. Florencia.  
*1979. O escritor Eduardo Blanco Amor morre en Vigo.*

**2 M.** S. Viviana.



Lúa  
Chea

**3 X.** S. Francisco Xabier.

**4 V.** Ss. Xoán Damaceno; Bárbara.  
*1967. Fundación de Edicións Do Castro.*

**5 S.** S. Ada.

**6 D.** **Segundo Domingo do Advento.** S. Nicolás.  
*1931. Fundación en Pontevedra do Partido Galeguista .*

**7 L.** S. Ambrosio.

**8 M.** Inmaculada Concepción.

**9 M.** S. Jéssica.  
*1617. Cangas foi saqueada polos turcos.*



Cuarto  
Minguante

**10 X.** Nosa Señora de Loreto. S. Eulalia.

**11 V.** S. Dámaso.

**12 S.** Nosa Señora de Guadalupe.  
*1925. O Pazo de Castrelos é doado a Vigo por Quiñones de León.*

**13 D.** **Terceiro Domingo do Advento.** S. Lucía.

**14 L.** S. Xoán da Cruz.  
*1895. Nace en Betanzos o músico José Rodríguez Arriola.*

**15 M.** S. Reinaldo.

**16 M.** S. Alicia.  
*1811. Nace en Pontevedra o escritor Xoán Manuel Pintos.*  
*1884. Nace en Vilanova de Arousa o escritor Julio Camba.*



Lúa  
Nova

**17 X.** S. Lázaro.  
*1900. Nace en Laxe o investigador e xeólogo Isidro Parga Pondal.*  
*1932. Redacción do 1º Estatuto de Galicia.*

---

**18 V.** S. Sonia.  
*1895. Nace en Lugo o escritor Luís Pimentel.*

**19 S.** S. Urbano.  
*1981. Constitución do Parlamento De Galicia.*

**20 D.** **Cuarto Domingo do Advento.** Ss. Abrahán; Isaac; Xacobe.  
*1907. O Himno Galego estréase no Gran Teatro da Habana.*

**21 L.** Ss. Pedro Canisio; Aldara.  
Comenzo do inverno *1121. Entrega de Dona Urraca a Xelmírez das Torres do Oeste.*  
*1980. Referendo do Estatuto De Autonomía.*

**22 M.** S. Fabiola.  
*1884. Nace en Ourense o escritor Antón Losada Diéguez.*  
*1896. Primeira proba da luz eléctrica en Vigo.*  
*1911. Nace en Mondoñedo Álvaro Cunheiro.*

**23 M.** S. Victoria.  
*1973. Morre en Vigo o pintor Urbano Lugrís.*

**24 X.** S. Adela.



Cuarto  
Crecente

**25 V.** **Natividade do Noso Señor.**  
Noel; Noelia.

**26 S.** S. Estevo.

**27 D.** **Sagrada Familia.** S. Xoán.

**28 L.** S. Santos Inocentes.

**29 M.** Ss. Tomé Becket; David.

**30 M.** S. Roxelio.

**31 X.** S. Silvestre; Fránquila.



Lúa chea  
e eclipse  
parcial  
de lúa



# COBRE SUPER Plus

Sulfato preventivo e curativo  
axeitado para os viñedos  
de Galicia

CON MAGNESIO

O sulfato  
anti-mildeu para:

- Viñedos e
- Tomateiras





# Guíeiro de herbas medicinais



## Loureiro

*Laurus nobilis* (L.)

Cast. Laurel.

### Descrición

Arbusto ou pequena árbore de 2-15 m de talle. Talo de casca lisa e denegrida, con ponliñas verdosas. Follas alternas, perennes, aromáticas, coriáceas, curtamente pecioladas, con face de cor verde escura e brillante e envés verde amarelado mate, contorno laceolado e marxe enteira ou algo ondulada.

Flores en umbelas axilares pouco vistosas.

Son tetrámeras, unisexuais por redución, dioicas (hai pés macho e pés femia). Levan un cáliz petaloideo, con 4 pezas de cor branca ou amarela, as masculinas teñen 8-12 estames e as femininas un ovario súpero monocarpelar con estilo curto e 4 filamentos estaminais sen anteras.

O froito é unha drupa de cor negra cando madura.

Florece de Marzo a Abril e maduran os froitos no outono.

### Distribución e hábitat en Galicia

Planta da Rexión Mediterránea. Presentáronse algunhas dúbidas en Galicia sobre o seu carácter de especie autóctona ou asilvestrada. Localízase en zonas baixas (altitudes menores dos 400 m) no litoral, penetrando nos vales dos ríos Miño e Sil.

Esténdese en ladeiras do piso outeiro, en ombroclimas subhúmido a hiperhúmido. Mestúrase con carballos, sobreiras e castiñeiros. Medra preferentemente en exposicións de solaina, en lugares onde non se producen acumulacións de auga no chan pero con humidade atmosférica alta. Tamén se dá no piso mesomediterráneo subhúmido, en bosques de aciñeiras, preferentemente sobre solos de tipo ranker pardo ou terras pardas oligotróficas. Aparece ademais nas silveiras, beiras de camiños, sebes, etc.

### Composición, propiedades farmacolóxicas e usos

As follas e os froitos empréganse dende a antigüidade en medicina popular.

As follas úsanse como condimento e estimulante das funcións dixestivas, conteñen un aceite esencial no que hai un 50% de cineol. Dos froitos de loureiro obtense a Manteiga de Loureiro, empregada soa ou como compoñente doutras pomadas, para o reuma e enfermidades cutáneas. Aos froitos atribuíronselles propiedades carminativas, emenogogas e diuréticas.

# Margarida

*Chamomila suaveolens* (Pursh) Rydb.

Cast. Manzanilla.

## Descrición

Planta herbácea, anual, de 5-35 cm, erecta e moi aromática, con ramas ríxidas.

Talo ascendente, moi ramificado e moi folioso.

Follas de 2-6 x 1-2 cm, numerosas, lampas,

2-3 veces divididas en segmentos lineais, mucronados.

Os capítulos poden ser moi numerosos, son cónicos, de 5-12 mm de diámetro, aumentando de tamaño ao madurar.

Brácteas involucrais lampas, oblongo-obtusas, coa marxe ancha, transparente e escariosa.

Todas as flores son tubulares, dispóñense sobre un receptáculo cónico, interiormente oco, con escavacións, pero sen escamas. Corola de cor verde ou amarela-verdosa en forma dun longo tubo rematado en 5 dentes iguais. Androceo formado por 5 estames, de filamentos libres pero unidos polas anteras formando un tubo. Xineceo unilocular e uniovulado, cun estilo que pasa a través do tubo formado polas anteras rematando nun estigma bifido.

Froito ovoide, algo comprimido, de 1,2-1,5 mm, pardo pálido, con 3-4 costelas na súa cara ventral e cun curto reborde calicino membranoso.

Florece desde o final da primavera ata o outono.



## Distribución e hábitat en Galicia

A súa área natural é o Noroeste de Asia e o Oeste de América do Norte dende onde foi espallado polo home. En Galicia estenduse durante os últimos 20 anos, encontrándose actualmente en toda a rexión, pero sobre todo nas zonas de clima atlántico nos pisos colino e montano, de ombroclimas húmido e hiperhúmido, penetrando lixeiramente no supramediterráneo húmido.

Atópase nas beiras dos camiños, prados, céspedes e terreos cultivados, sobre solos frescos derivados de rochas silíceas.

## Composición, propiedades farmacolóxicas e usos

As cabezas florais son moi utilizadas como estomáticas e antiespasmódicas e figuran inscritas na Farmacopea española.

Os constituíntes máis interesantes que interveñen na súa acción fisiolóxica son: un aceite esencial con trazas de camazuleno, numerosos polifenois, responsables da actividade espasmódica e unha lactona sesquiterpénica, a nobilina, responsable da súa acción tónica amarga.

Empregáanse as infusións por vía oral no meteorismo, dixestións pesadas, flatulencias e en aplicación externa, en forma de compresas embebidas na infusión para tratar chagas, feridas, gretas nas mamilas, eccemas e lavados oculares nas conxuntivites.



## Romeu

*Rosmarinus officinalis* (L.)

Cast. Romero.

Sin. Alecrín, Romeiro, Rosmariño.

### Descrición

Mata leñosa ou arbusto de 0,5-2 m de altura con talos novos cuadrangulares e tomentosos. Follas de 2-3 cm de longo, perennes, opostas, sésiles, lineares, cos bordos revolutos, de cor verde escura pola face e branco tomentosas polo envés, aromáticas.

Flores en acios axilares curtos.

Son hermafroditas e pentámeras. Cáliz bilabiado co labio superior enteiro e o inferior bilabiado. Corola longa, gamopétala, de cor azul, branca ou rosa, bilabiada, co labio superior bifido e o inferior trilobulado. Androceo de 2 estames con filamentos curvados e anteras coniventes. Ovario súpero bicarpelar.

Froito seco en tetraquenio, que deriva en 4 noceciñas que permanecen dentro do cáliz.

Florece da primavera ata o outono.

### Distribución e hábitat en Galicia

Planta típica da Rexión Mediterránea, escasea en Galicia, onde se cultiva e se utiliza como ornamental, naturalizándose nalgúns puntos, como na Península do Grove e na parte baixa da bacía do Miño.

Desenvólvese en solos lixeiros, areosos, con tendencia á neutralidade, buscando sempre exposicións soleadas. Localízase nos pisos mesomediterráneo subhúmido e colino húmido.

### Composición, propiedades farmacolóxicas e usos

A sumidade florida e o aceite esencial extraído por destilación ao vapor están inscritas na Farmacopea española.





















O aceite esencial está constituído por derivados terpénicos: pineno, canfeno, cineol, borneol, alcanfor, etc. Ademais do aceite esencial, a planta contén derivados polifenólicos que interveñen na súa acción terapéutica como son os pigmentos flavónicos, os ácidos fenólicos, en especial o ácido rosmarínico, e un principio amargo: o carnosol, que é unha lactona diterpénica.

A esencia, coma a de outras labiadas, é responsable da súa acción estimulante do sistema nervioso central, tónica e carminativa. Os ácidos fenólicos confírenlle propiedades colagogas e coleréticas e os flavonoides, diuréticas e espasmolíticas.

En uso interno utilízase como infusión ou extracto fluído, aínda que se debe ter coidado, pois pode producir irritación renal e, como tamén é hemenagoga, non debe ser empregada na muller embarazada. A esencia en uso externo é antiséptica, cicatrizante, estimulante do crecemento do cabelo e vulneraria, polo que se emprega nos reumatismo, feridas, alopecia e na dermatite seborreica.

Ademais dos usos terapéuticos, as follas de romeu utilízanse como condimentos de carnes e peixes.






# Guía de Tratamientos

ESTADOS	NO INVERNO	Ó GROMAR	GROMOS DE 10 - 30 cms.	ACIOS Á VISTA
PRAGAS E ENFERMIDADES				
<b>MILDEU</b>	 <p><b>ZZ CUPROCOL</b> A dose máxima autorizada</p>		 <p><b>RIDOMIL GOLD COMBI</b> 200 g/hl</p>	 <p><b>RIDOMIL GOLD COMBI</b> 200 g/hl</p>
<b>OÍDIO</b>		 <p><b>THIOVIT-JET</b> 500 g/hl</p>	 <p><b>THIOVIT-JET</b> 500 g/hl</p>	 <p><b>THIOVIT-JET</b> 500 g/hl ou <b>TOPAS 200</b> 20 g/hl</p>
<b>PODRE DA UVA</b>				
<b>VERMES DA UVA</b>				

No caso de ataques de "Acariosis" ou "Araña Vermella", aplicar ZELDOX (100g/hl) ou VERTIMEC (75 cc/hl).



# Viñedos Galegos

COMEZO DA ESFARNA	REMATE DA ESFARNA	GRAN DE ERVELLA	NA PINTA	3 SEMANAS ANTES DA VENDIMA
				
<b>QUADRIS MAX</b> 2 l/ha (200 ml/hl) (*)	<b>QUADRIS MAX</b> 2 l/ha (200 ml/hl) (*) ou <b>COBRE SUPER PLUS</b> 400 g/hl	<b>COBRE SUPER PLUS</b> 400 g/hl	<b>COBRE SUPER PLUS</b> 400 g/hl ou <b>ZZ CUPROCOL</b> 250 ml/hl	<b>ZZ CUPROCOL</b> 250 ml/hl ou <b>COBRE SUPER PLUS</b> 400 g/hl
<b>QUADRIS MAX</b> 2 l/ha (200 ml/hl) (*)	<b>QUADRIS MAX</b> 2 l/ha (200 ml/hl) (*) ou <b>TOPAS</b> 20 ml/hl	<b>TOPAS</b> 20 ml/hl	<b>TOPAS</b> 20 ml/hl	
		<b>SWITCH</b> 100 g/hl	<b>SWITCH</b> 100 g/hl	<b>SWITCH</b> 100 g/hl
<b>KARATE ZEON</b> 10-20 ml/hl <b>LUFOX</b> 1 l/ha (100 ml/hl) (*)	<b>KARATE ZEON</b> 10-20 ml/hl <b>LUFOX</b> 1 l/ha (100 ml/hl) (*)		<b>KARATE ZEON</b> 10-20 ml/hl <b>LUFOX</b> 1 l/ha (100 ml/hl) (*)	

(\*) Considerase un gasto de 1.000 l de auga por ha.

(\*\*\*) Dous paseos por campaña como máximo. Prazo de seguridade, 7 días.



# Outros males da viña



## ÁCAROS

Case sempre se encontran nas follas. Son de tamaño moi pequeno, visible con lupa. Poden causar danos importantes á viña, producindo a caída prematura das follas e dificultando a maduración do gran con diminución do grao alcohólico, así coma o bo agostamento dos bacelos. Debe tratarse ao comezo dos primeiros síntomas ou de forma preventiva cun produto como ZELDOX (75 g/hl) ou VERTIMEC (75 ml/hl), mollando homoxeaneamente toda a follaxe.



## PODRE DA UVA

Este mal ataca sempre as mellores castes do país e tamén a todas aquelas de acio pecho.

- O primeiro tratamento farase ó remata-la "Purga" con QUADRIS MAX contra mildeu.
- Os outros tratamentos faranse con SWITCH antes do peche do acio e durante o pintor. Prazo de seguridade 7 días. Pode mesturarse cos produtos anti-mildeu. Dose 100-150 g/hl.



## VERME DA UVA

É un verme que no primeiro come as flores do acio e fai unhas teíñas como se fose unha araña; máis tarde fura as uvas e podrecen por esta causa. Esta praga tópase en case que todas as viñas, uns anos máis que outros. Combátese botando KARATE ZEON 10-20 ml/hl. Tamén se pode aplicar LUFOX a 1 l/ha antes das postas, cando empeza a aparición de bolboretas.





## BLACK-ROT OU PODREMIA NEGRA

Esta enfermidade ataca con virulencia a follas, baceiros e acios da vide. Produce manchas de color vermella ladrillo e cóbrese nos seu interior de pequenas pústulas negras circulares. En acios produce a desecación e engrado dos grans.

Tratar con produtos para a mera, como QUADRI.



## REFORZAMENTO DAS CEPAS

Os nosos viñedos son moi pouco fertilizados, por iso vanlle moi ben os tramentos cun "fertilizante foliar". Deben facerse tres ou catro aplicacións durante a época de máis medrío das gromadas e uvas.

Aplicar ISABION a 300 ml/hl ou ABOFOL a 100-150 g/hl. Este fertilizante pode mesturarse no momento do tratamento cos produtos indicados contra o Mildeu. A partir do pintor aplicacións con STIMUFOL K 300 g/hl favorecen a maduración da uva.



## MALAS HERBAS

Para combater as malas herbas entre as cepas en calquera época do ano, pode botarse o herbicida REGLONE a dose de 500-750 ml/hl. Os mellores resultados acádanse durante os meses de menos sol e máis humidade (dende Outono a Maio).

O REGLONE pode botarse tantas veces veñan as herbas e non dana as raíces ni os talos.

Tamén pode botarse TOUCHDOWN PREMIUM á dose de 500 a 800 ml/hl, tendo coidado de non mollar as partes verdes da viña; este dura máis que REGLONE.

Se o que se precisa é un desherbado duradeiro, botarase FOLAR, herbicida de postemerxencia contra malas herbas anuais de folia estreita e ancha.

# Consellos para os coidados da Viña



**CANDO PLANTES CEPAS**, procura un patrón axeitado á túa terra: nas terras soltas e secas de ladeira precisa plantas con patrón de raíz profunda; nas terras frescas de ribeira, a clase de patrón ten que ser de raíz máis superficial. Tamén é importante que a afinidade da caste de cepa a enxertar con patrón sexa boa. Antes de mercar os patróns ou cepas enxertadas, convén asesorarse nos Servizos Oficiais de Extensión Agraria ou na Estación Enolóxica.



**GALICIA, POLA SÚA CLIMATOLOXÍA**, é un país endémico de enfermidades de fungos, especialmente "Mildeu". Os tratamentos de inverno contribúen a unha sanidade mellor das cepas. Tratamentos indicados son: ZZ CUPROCOL á caída da folla (outubro); e un segundo tratamento de ZZ CUPROCOL despois da poda (febreiro-marzo).



**OS LABORES FONDOS DA VIÑA** deben facerse sempre na plena parada invernal, sempre antes da movida do zume.



**O RISCO DE XEADAS AUMENTA** nas viña con herba. No mes de abril, en que hai risco de xeadas tardías, as cepas deben ter un solo limpo de herbas. Unha aplicación de REGLONE nese mes é moi recomendable. É posible facer a aplicación con TOUCHDOWN PREMIUM, tendo en conta non mollar nin pámpanos, nin gromos nin follas.




**COMEZA A SULFATAR** cando vexas que hai risco; non esperes a cando sulfate o veciño ou a que cho diga alguén de fóra da túa bisbarra; as viñas de cada terra e de cada caste teñen riscos distintos; a túa experiencia de anos anteriores é a que máis vale.




**NON SACHES A VIÑA CANDO** está próxima a "purga" ou "esfarna", pois un pequeno dano nas finas raíces da superficie pode ser motivo de caída de flor.








 **OS PRIMEIROS TRATAMENTOS** ata inicio de floración con RIDOMIL GOLD COMBI. E ata o grao de ervella é axeitado facelos con QUADRIS MAX; este sulfato combate el só "Mildeu", "Oídio", ademais é dos indicados nos programas de "Loita Integrada".

 **SE O TEMPO TEN RISCO** nunca esperes máis de 12 días dun tratamento a outro, e se chove procura un escampo para tratar, pois un tratamento

nestes días pode ser a salvación da colleita.

 **DEPOIS DA UVA "GRAO DE ERVELLA"** son axeitados os tratamentos con produtos equilibrados en Cobre. ZZ COBRE SUPER PLUS está especialmente indicado nos viñedos de Galicia pola súa acción funxicida triple e polo seu contido en Magnesio, do que teñen carencia case que todos os nosos viñedos.

 **ÓS TRATAMENTOS CON ZZ COBRE SUPER PLUS** debe mesturárselle TOPAS ou THIOVIT JET para combater ó mesmo tempo "Mildeu" e "Oídio".

 **NON ESFOLLES A VIÑA MOI CEDO** nin máis da conta: esfollar moi cedo coas uvas medrando pode facer que o sol lles produza danos; quitarlle moitas follas adultas pode mermar a formación de azucres na uva.


 **NON VENDIMES UVA MOLLADA** e quítalle o "Podre" se o ten.

The background of the advertisement is a colorful illustration of a rural scene. On the left, there is a church with a prominent cross on its roof. To the right, a large haystack sits on a wooden post. In the foreground, there are green vineyard plants with leaves and a wooden post. The overall scene is bright and clear.

# REGLONE®

Contra as malas herbas  
nos viñedos,  
hortas e froiteiras

Controla as  
malas herbas  
de forma  
eficaz  
e rápida.

A large, thick red 'X' is drawn over a cluster of green weeds in the bottom center of the advertisement, indicating that the product is used to control these unwanted plants.

Bótase entre  
1,5 e 4 litros/ha.  
equivalente a  
50-125 cc por  
cada sulfatadora  
de 15 litros

# Tratamentos

## Das Froiteiras de Carabuña

(Pavieiras, melocotoeiros, ameixeiras e outros)  
Por cada 100 litros de auga

### TRATAMENTO INVERNO:

**ZZ-CUPROCOL** (200 ml/hl)

### LEPRA-CRIBADO

**SCORE** (30 ml/hl)

### OÍDIO

**TOPAS 200** (20 ml/hl)  
ou **SCORE** (30 ml/hl)



### MONILIA

**SWITCH** (100 ml/hl)

### PULGÓNS

**ACTARA** (10 gr/hl)



### ÁCAROS

**VERTIMEC** (75 ml/hl)  
ou **ZELDOX** (75 gr/hl)

### OUTROS INSECTOS

(Anarsia, mosca da froita, eirugas  
minadoras, carpocapsa, pulgóns, etc.):

**KARATE ZEÓN** (20 ml/hl)

### FERTILIZACIÓN FOLIAR

**ISABION** (300 cc/hl)  
**ABOFOL** (100 gr/hl)

### CLOROSE FÉRRICA

**SEQUESTRENE G-100** (50-100 gr/árbore)

# Tratamentos a fazer

Por cada 100 litros de auga

## TRATAMENTO INVERNO

ZZ-CUPROCOL (200 ml/hl)



## MOTEADO

SCORE (20 ml/hl)

## OÍDIO E FUNGOS

TOPAS 200 (20 ml/hl)



## PULGÕNS

ACTARA (Maceira 20 gr/hl)

## VERMES OU CARPOCAPSA

KARATE ZEON (20 ml/hl)



## PSILA OU MIELETA

VERTIMEC (80-100 ml/hl)

# nas Maceiras e Pereiras

Por cada 100 litros de auga

## ÁCAROS

**VERTIMEC** (80-100 ml/hl)



## OUTROS INSECTOS

(minadores, tigre da pereira, piollo de San Xosé, etc.).

**KARATE ZEÓN** (20 ml/hl)

ou

**INSEGAR** (60 gr/hl)



## FERTILIZACIÓN FOLIAR

**ISABION** (300 cc/hl)

**ABOFOL** (150 gr/hl)

## CLOROSE FÉRRICA

**SEQUESTRENE G-100**

(50-100 gr/árbore) conforme porte.



Hai outra praga chamada "araña vermella" que pode acometer algunha vez, neste caso tratarase unha ou dúas veces con **ZELDOX**.

# Tratamentos de Invernadoiros e hortas



PROBLEMAS	TRATAMENTOS
VERMES da terra	FORCE (15 kg/ha); mesturado coa terra.
MILDEU (Tomates e outros)	ORTIVA (80 ml/hl) ou RIDOMIL GOLD PLUS (400 g/hl) RIDOMIL GOLD MZ (300 g/hl) ou ZZ-COBRE SUPER PLUS (400 g/hl) ZZ-CUPROCOL, cando os froitos estean xa a madurar (150-200 ml/hl).
BOTRITE (Calquera cultivo)	SWITCH (morango, tomate, berenxena, leituga e xudía verde) 100 g/hl.
PULGÓNS (Calquera cultivo)	APHOX (100 g/hl) ou ACTARA (20 g/hl) ou PLENUM (40 g/hl).
MOSCA BRANCA	APPLAUD (40-50 g/hl) mesturado con ACTARA (20-30 g/hl) ou PLENUM (50 g/hl).




PROBLEMAS	TRATAMENTOS
HERBAS	REGLONE, dirixindo a pulverización entre os corredores e as plantas (600 ml/hl). FUSILADE MAX (350 ml/hl). Mata herbas de folia estreita sen danar cultivo aínda que este se molle.
CULTIVOS CATIVOS	ISABION (250 ml/hl) aplicar varias mans. Pode mesturarse cos funxicidas.
FUNGOS, en Caraveis, Rosas e outros cultivos	SCORE (30-50 ml/hl).
OÍDIO	TOPAS 200 (20 ml/hl).
VERMES que comen froitos, flores, follas ou talos	KARATE ZEON (10-20 ml/hl) ou COSTAR (30-50 g/hl).
ARAÑA VERMELLA	ZELDOX (50 g/hl) VERTIMEC (50-100 ml/hl).
LESMAS E CARACOIS	ALIMET (5-8 kg/ha).

NOTA: non mesturar Isabión con Cobre Super Plus nin ZZ-Cuprocol.



# Tratamentos



Estadio Fenolóxico ▶ Praga/Enfermidade ▼	Sementeira	Xerminación Gromos	Desenvolvemento das follas	Formación de brotes laterais	Creceamento lonxitudinal (brotes principais)
MILDEU (MERA)			RIDOMIL GOLD MZ (300 gr/hl ou 2,5 kg/ha)		
ALTERNARIA					
INSECTOS DO CHAN	FORCE (15 Kg/ha)				
ROSCAS E EIRUGAS	KARATE KING (450 gr/ha ou 80 gr/hl) ou KARATE ZEON (125 gr/ha ou 20 ml/hl)				
ESCARAVELLO E PULGÓNS	CRUISER (22 cc/100kg de pataca)			ACTARA (100 gr/ha a 30 gr/hl)	
MALAS HERBAS E DESECANTES	TOUCHDOWN PREMIUM (2-3 lt/ha)			FUSILADE MAX (1,5-1,75 lt/ha)	
FERTILIZANTES FOLIARES			ISABIION (300 ml/hl) ou ABOFOL L (100 gr/hl)		

# das Patacas



Floración	Formación do froito	Maduración de froitos e sementes	Senescencia	OBSERVACIÓNS
	OHAYO (400ml/ha)			Tratar nos momentos de máximo crecemento do cultivo. Alternar produtos.
	SCORE (800 ml/ha ou 60-80 ml/hl) OU BRAVO 720 (160-210 ml/hl ou 1,6-2 kg/ha)			Tratar ao inicio do ataque.
				Aplicar en tratamento localizado no momento da sementeira.
				Tratar para aproveitar efecto repelente xunto co herbicida ou cando se observen danos.
				Tratar ao ver as primeiras larvas ao apareceren os primeiros pulgóns.
			REGLONE (2-3 lt/ha)	Touchdown Premium tratar antes de nacer a pataca. Fusilade Max controla gramíneas anuais e perennes despois de nacidas (xoio, aveja louca, millán, rebrotes cereal, etc..) Deixar pasar polo menos 2 semanas ata a recolección.
				Axuda a restablecerse de procesos coma xeadas, sarabia, stress, etc. Completo fertilizante foliar para procesos carenciais das plantas.



**Contra  
a Xuncia  
do millo**



# *Callisto*

**A mellor solución,  
naturalmente**

**DOSE: 1.500 cc/Ha.**

(40-50 cc/mochila de 15 l.  
para 250-300 m<sup>2</sup> de terra)

*Callistemon Plant Technology*




# Tratamentos do millo e outros cereais

## Millo



	TRATAMENTOS	OBSERVACIÓNS
Malas herbas	<b>Primextra Líquido Gold</b> (4 l/ha).	Para herbas gramíneas e de folla ancha antes da nacementa do millo.
	<b>Callisto</b> (0,75-1,5 l/ha).	Aplíquesse 1,5 l/ha para control da xuncia. Controla ademais as herbas de folla ancha e dixitaria (pata de galiña).
	<b>Samson</b> (1,25-1,5 l/ha).	Aplícar para controlar gramíneas despois de nacidas, como millán, setaria, etc. Aplícar con millo 4-8 follas.
	<b>Camix</b> (3,75 l/ha).	Para herbas gramíneas e de folla ancha antes o pouco despois da nacementa do millo. Aplícar co o millo de 4-8 follas.
Pulgóns e eirugas	<b>Karate Zeon</b> (0,125-0,4 l/ha).	Aplícar ó inicio do ataque.
Insectos chan (verme arame, vermes brancos, etc).	<b>Force</b> (10-15 kg/ha).	Aplícar localizado na liña de sementeira.

## Cereais de inverno (Trigo e Cebada)



	TRATAMENTOS	OBSERVACIÓNS
Malas herbas	<b>Auros Plus</b> (3,5 l/ha + 40 g/ha).	Controla xoio e herbas folla ancha. Aplícar desde a sementeira ata herbas en 2 follas.
	<b>Arizona</b> (2,5-3,5 l/ha).	Controla xoio e herbas de folla ancha. Aplícar antes da nacementa do cereal ou a partir do estadio de 2 follas ata o inicio do afillado.
	<b>Agroxone</b> (1,5-2 l/ha)	Aplícar despois de nacida a herba. Pode mesturarse con Logran.
	<b>Topik Evo</b> (250 ml/ha - 150 g/ha). Aplícar non máis de 300-400 l agua.	Controla avea e xoio nacidos en trigo en herbas de folla ancha. Aplícar en pleno afillamento.
	<b>Splendor</b> (1,4-1,6 l/ha). Aplícar con non máis de 300-400 l agua.	Para controlar avea e xoio en trigo e cebada, cando están nacidas. Aplícar pleno afillamento. Mesturar con Canplus.
Tratamentos sementes (carie, tizón, septoria, etc).	<b>Dividend</b> (100-200 ml/100 kg semente).	Aplícar impregnando a semente homoxeneamente.
Insectos grans almacenados.	<b>Actellic Polvo</b> (400 g/tonelada gran).	Salferir e mesturar co gran de cereal.

# Fertilización con cinzas de biomasa

## Primeiros pasos: a agricultura do lume

O comezo da utilización de cinzas de biomasa en prácticas agronómicas é tan antigo como a propia agricultura. En efecto, é ben sabido que a forma máis primitiva de agricultura coñecida se basea na deforestación de pequenas porcións de selva mediante a queima de árbores e malezas. O característico desta agricultura é o uso do lume para labrar o bosque, creando espazos de cultivo. Ao mesmo tempo, as cinzas que se xeran encárganse de fertilizar o chan temporalmente. A revolución neolítica, na que houbo un tránsito dunha economía cazadora-recolectora a outra produtora, ofrece teste-

muños claros do desenvolvemento dunha agricultura cerealeira apoiada fundamentalmente nestas bases.

Tal como recollen os historiadores, este tipo de técnicas seguiu desenvolvéndose durante os séculos seguintes. Así, coa introdución masiva da agricultura na península ibérica (séculos I-III d.C.), as rozas mediante lume seguían sendo práctica habitual. Máis tarde, cara a finais do século XVIII, os beneficios do carbonato potásico proveniente das cinzas fixéronse amplamente coñecidos. Bastas superficies de bosques foron cortadas no continente americano. A súa madeira era queimada e as cinzas resultantes embarcábanse co vello continente como destino no que supuxo unha auténtica “febre da potasa”. De feito, en 1790, unha incipiente e recentemente independizada nación chamada Estados Unidos de América rexistrou a súa primeira patente, que consistía nun proceso metodolóxico para obter fertilizante a partir de cinzas de madeira (Patente Nº 1 dos Estados Unidos: Método Mellorado para Conseguir Perlas de Cinza).

Aínda existen no planeta pobos que utilizan técnicas agronómicas baseadas no lume. Son, xeralmente, pequenos grupos humanos con organización tribal encadrados na conca do Amazonas (en América do Sur), do río Congo (en África) ou en zonas montañosas de América Central e Asia Ecuatorial. Cada grupo escolle

unha zona, onde constrúe un poboado e queima a maleza de maneira que se crea un pequeno claro na selva. Alí, alternando con plantas autóctonas, sementan sobre o terreo fertilizado con cinzas.

Por outra banda, o uso de cinzas como fertilizante é tamén práctica habitual nalgúns áreas do denominado primeiro mundo, aínda que aquí non se fagan queimas in situ, senón que se aplican ao chan as cinzas provenientes de plantas de queimado. Como exemplo paradigmático podemos pór a península escandinava, onde xa desde a década de 1930 se viñeron utilizando cinzas de biomasa como fertilizante en sistemas forestais.

## Xeración de cinzas de biomasa

A combustión de biomasa co propósito de obter enerxía crece cada ano no mundo desenvolvido. En 1997 o 19% da subministración eléctrica total en Suecia era xa fornecido por biomasa. En Dinamarca, o obxectivo das políticas enerxéticas é conseguir que o 35% da enerxía total sexa fornecida por biomasa no ano 2030. En Noruega o 5% da enerxía é xa obtida por medio da biomasa, e espérase que cara ao final desta década se acade o 12%.

O caso concreto das industrias de transformación da madeira é especialmente interesante. Estas compañías adoitan incluír no seu proceso produtivo a queima dos restos de corta non madeirables (ramas, cortizas, froitos, follas). Coa combustión destes restos conséguese un dobre propósito: por unha banda obtense enerxía aproveitable nas propias plantas, e por outro redúcese drasticamente o volume de residuos producidos.

Con todo, estas prácticas presentan o inconveniente de xerar enormes cantidades de cinzas. En Suecia, por exemplo, estímase que se poden producir unhas 200.000 toneladas de cinzas madeireiras ao ano. Aínda que non existen datos para o conxunto de España, sábese que no caso concreto de Galicia existen actualmente 16 grandes plantas de transformación da madeira que inclúen a queima de restos no seu proceso produtivo, estimándose a produción total de cinzas entre 40.000 ou 50.000 toneladas cada ano.

O destino final destas enormes cantidades de cinzas adoita ser o seu depósito en vertedoiros sen solución de continuidade, o cal ocasiona importantes inconvenientes: por unha banda implica un enorme custo económico, e por outro as cinzas acumuladas supoñen un potencial risco ambiental de mobilización de residuos e posterior contaminación de augas superficiais e subterráneas.

## Características das cinzas

Aínda que, dada a súa heteroxeneidade, as cinzas madeireiras constitúen un material moi difícil de avaliar e clasificar, si se pode afirmar que, en xeral, presentan unha serie de características que as fan moi atractivas desde o punto de vista agronómico-forestal.

En canto ás súas características físicas, podemos citar a súa interesante capacidade de retención de auga e tamén a boa capacidade de agregación que presentan

de xeito espontáneo, por medio dalgún tratamento mecánico ou ata en mesturas con encalantes ou materiais orgánicos. Isto é especialmente interesante á hora de buscar mesturas con potencial fertilizante.

No que respecta ás súas características químicas, é moi destacable a súa elevada alcalinidade, con pH que oscilan normalmente entre 9 e 13. Isto é debido á predominancia de elementos alcalinos e alcalinotérreos na súa composición, fundamentalmente en forma de óxidos, hidróxidos e carbonatos.

Presentan ademais contidos de carbono moi variables, que dependen fundamentalmente do grao de combustión da biomasa. En canto ao nitróxeno, as concentracións nas cinzas adoitan ser baixas, xa que a combustión adoita volatilizar a maior parte. O fósforo tamén aparece en concentracións moi variables, aínda que xeralmente se trata de fósforo pouco soluble.

O que si aparece nas cinzas en concentracións importantes son os catións básicos. O que máis aparece é o calcio, aínda que as cantidades de magnesio e potasio adoitan ser tamén elevadas. Como dixemos máis arriba, estes elementos adoitan aparecer fundamentalmente en forma de óxidos, hidróxidos e carbonatos.

Atópanse ademais nas cinzas microelementos como o ferro, o manganeso o cobre ou o zinc, que son indispensables para o desenvolvemento das plantas. Con todo, en ocasións aparecen tamén metais pesados como o cadmio ou o cobalto, aínda que xeralmente as concentracións son moi baixas.

## Posibilidades de emprego agronómico-forestal

Como xa se dixo, o destino final destas cinzas adoita ser o seu almacenamento en vertedoiros. Con todo, dadas as características que presentan, actualmente estanse buscando alternativas; por exemplo, a súa utilización a modo de fertilizante e correctoras de acidez en terreos agrícolas e forestais.

Nalgunhas zonas de Estados Unidos, ata un 80% deste residuo está xa sendo distribuído en parcelas agrícolas. En Europa, a punta de lanza atopámola de novo nos países nórdicos, onde levan anos desenvolvendo programas de fertilización en terreos forestais baseados na utilización deste residuo.





Debido á súa alcalinidade, as cinzas de biomasa constitúen un excelente corrector para chans acedos -predominantes en rexións como Galicia-, mellorando os niveis de pH do chan e incrementando os contidos de macro e micronutrientes.

En chans de monte a súa utilización é especialmente interesante porque axuda a compensar a perda de nutrientes provocada polas operacións de extracción de madeira, de tal xeito que se contribúe a manter unha produtividade sostible. Así, en plantacións forestais observouse que a aplicación de cinzas de biomasa en chans con moita materia orgánica (p.e. turbeiras) estimula a mineralización do nitróxeno, obtendo como resultado incrementos nas taxas de crecemento das raíces das árbores alí plantadas, así como unha clara mellora na vitalidade. Ademais, constatouse que os efectos positivos son en ocasións máis duradeiros que os obtidos con outros fertilizante convencionais. En chans minerais, máis pobres en materia orgánica, tamén se atoparon resultados positivos á aplicación de cinzas, aínda que estes son xeralmente máis modestos.


En canto á súa utilización en cultivos agrícolas, tamén se acharon respostas positivas á aplicación de cinzas -soas ou en mesturas con outros fertilizante ou encalantes- en cultivos como avea, trigo, espinaca, millo ou soia. Con todo, expor este tipo de aplicacións exige unha maior precaución debido ao posible risco de entrada de elementos indesexables na cadea trófica (metais pesados, compostos orgánicos, etc.)

## Riscos ambientais

A influencia que as cinzas de biomasa exerce sobre o medio receptor desde o punto de vista ambiental tampouco debe ser obviada. En ocasións, a aplicación deste material pode implicar potenciais riscos de contaminación, aínda que noutras pode ata repercutir favorablemente nesta cuestión.

En xeral, os autores especializados no tema afirman que as cinzas conteñen poucos elementos nocivos como metais pesados, hidrocarburos aromáticos policíclicos, policlorobifenilos, clorobenzenos ou clorofenois. Con todo, os niveis de dioxinas si poden ser elevados, especialmente cando as caldeiras de combustión traballan a temperaturas baixas ou cando existen altos niveis de cloruros, xa sexa pola mestura con determinados combustibles, por utilizarse madeira almacenada en auga de mar, ou lodos de papel branqueado.





*i boa uva, bo viño!*

Que, ao final,  
o que de verdade importa  
é a calidade



Máis protección. Máis eficacia.





# Feiras gastronómicas

## de toda Galicia

A CORUÑA		
DATA	LUGAR	FESTA GASTRONOMICA
Xaneiro	Ferrol	Día do Arroz con Leite
Febreiro	Moeche	Feira do Mel de Moeche
Domingo de Entroido	As Pontes	Feira do Grello
Domingo de Entroido	Lestedo (Boqueixón)	Festa da Filloa
Sab. sig. ao Martes de Entroido	Bergondo	Festa da Orella
Marzo	Ribadumia	Festa da Augardente do Ulla
Marzo	Santiago de Compostela	Festa da Uña
Marzo	Vedra	Festa da Orella
1º domingo de Marzo	Arzúa	Feira do Queixo de Arzúa
7 ao 10 de Marzo	Ferrol	Fevino
Finais de Marzo	Cee	Festa do Cocido de Cee
Finais de Marzo	Muxía	Festa do Longueirón
Domingo seguinte á Pascua	Betanzos	Feira Exaltación do Viño do Ulla
Domingo seguinte á Pascua	Sarandón (Vedra)	Festa do Viño da Ulla
Xoves Santo	Camariñas	Festa do Polbo
Venres Santo	Camariñas	Festa do Rodaballo
Sábado Santo	Camariñas	Festa do Mexillón
Sábado Santo	Carnota	Festa da Centola
Sábado Santo	Padrón	Festa da Empanada de Lamprea
Venres Santo	Muxía	Festa do Congro de Muxía
2º quincena de Abril	Betanzos	Festa do Viño de Betanzos
Último sábado de Abril	Ordes	Feira do Champiñon
Maio	Carballo	Festa do Pan
Maio	Curtis	Feira Exaltación do Melindre
Maio	Padrón	Festa da Tortilla Xigante
Maio	Teo	Festa da Cacheira
1º domingo de Maio	Teo	Exaltación da Lamprea do Ulla
1º domingo de Maio	Teo	Festa da Carne ao Caldeiro
9 de Maio	Oroso	Festa da Troita
Venres ant. ao últ. dom. de Maio	Teixeiro (Curtis)	Feira Exaltación do Melindre
S. Xoán	Dodro	Festa do Carneiro

A CORUÑA		
DATA	LUGAR	FESTA GASTRONOMICA
S. Xoán	Tallós (Dodro)	Degustación de Cordeiro Estufado
Últ. fin de semana de S. Xoán	Melide	Carne Estufada
Santiago	A Brea (Carballo)	Festa do Pan da Brea
Santiago	Brión	Festa da Froita
Santiago	Corme (Ponteceso)	Festa do Percebe de Roncudo
Santiago	Malpica	Festa da Tortilla
18 de Santiago	Mugardos	Festa do Polbo
25 de Santiago	Rianxo	Festa de Xouba
Últ. fin de semana de Santiago	Melide	Festa do Melindre
Últ. fin de semana de Santiago	Santiago de Compostela	Festa da Sidra
Últ. sábado de Santiago	Mugardos	Festa da Ameixa
31 Santiago - 1 Agosto	Cedeira	Festa do Percebe
Agosto	A Coruña	Feira do Viño Galego
Agosto	Cee	Festa do Berberecho
Agosto	Corcubión	Festa da Ameixa
Agosto	Fisterra	Festa do Longueirón
Agosto	Meá (Mugardos)	Festa da Ameixa
Agosto	Padrón	Festa do Pemento de Herbón
Agosto	Porto do Son	Festa do Polbo de Porto do Son
1º domingo de Agosto	Zas	Festa da Troita
17 de Agosto	Sada	Sardiñada
Última fin de sema. de Agosto	Narón	Oenach Céltico
Último domingo de Agosto	Noia	Festa da Empanada
1º domingo de Setembro	Lariño (Carnota)	Día do Porquiño
1º domingo de Setembro	Neda	Festa do Pan
1º domingo de Setembro	Pontevedra	Festa das Peras
15 de Setembro	Coristanco	Festa da Pataca
Outubro	A Barqueira (Cerdido)	Feira Monográfica do Mel
Outubro	Ponteceso	Festa da Faba
4º domingo de Outubro	Moeche	Festa da Faba
Novembro	As Pontes	Feira dos Fungos e Cogomelos
Novembro (San Martiño)	Ortigueira	Feira do Mel
30 de Novembro	Ortigueira	Festa do Bonito
6 - 8 Decembro	Mañón	Festa do Marisco
Último domingo de cada mes	Melide	Feira do Queixo da Montaña de Melide

LUGO		
DATA	LUGAR	FESTA GASTRONOMICA
23-24 de Xaneiro	Foz	Festa do Berberecho
Febreiro	A Fonsagrada	Feira do Butelo
Febreiro	Monforte de Lemos	Romaría das Roscas

LUGO		
DATA	LUGAR	FESTA GASTRONOMICA
Domingo de Entroido	Navia de Suarna	Feira das Androllas
Domingo de Entroido	Taboada	Festa do Caldo de Ósos
Marzo	Chantada	Feira do viño de Chantada
Marzo	Friol	Feira do queixo e pan de Ousá
Marzo	Pobra do Brollón	Feira do Viño de Vilachá
Sábado e Domingo de Ramos	Sober	Feira do Viño de Amandi-Sober
Domingo de Pascua	Portomarín	Día da Augardente de Portomarín
Domingo de Pascua	Quiroga	Feira do Viño de Quiroga
Abril	Monterroso	Queixo de denom. de Orixe Arzúa-Ulloa
Abril	Vilalba	Festa do Queixo San Simón
Abril (Domingo de Ramos)	Pedrafita do Cebreiro	Feira do Queixo do Cebreiro
20 de Abril	Xove	Festa do Polbo á pedra
Maio	Mondoñedo	As Quendas
Maio	O Courel	Xornada gastronómica do Cocido
Maio	Pobra do Brollón	Cata do Viño
1 de Maio	A Pontenova	Festa da Troita
1 de Maio	Cospeito	Festa da Filloa
S. Xoán	Monforte de Lemos	Mostra de viños da Ribeira Sacra
S. Xoán	Monterroso, Palas de Rei, Antas de Ulla	Feira do Queixo da comarca da Ulloa
S. Xoán	Pantón	Feira do Viño de Pantón
S. Xoán	Ribas de Sil	Festa da Cereixa e do Aceite
Santiago	Mondoñedo	Festa da Ensalada
Santiago	Viveiro	Festa da Pescada
1º Domingo de Santiago	Parga (Guitiriz)	Festa dos Callos
Último sábado de Santiago	Ribadeo	Festa do Polbo
Agosto	A Chousa de Merlán (Chantada)	Festa da Empanada
Agosto	Chantada	Festa da Empanada
Agosto	Folgozo do Courel	Festa da Empanada de Acelga
Agosto	Grolos (Guntín)	Festa do Pemento
Agosto	O Chanto (Sarria)	Festa da Empanada
Agosto	Sarria	Festa da Tortilla
Agosto	Sarria	Festa do Lacón
Agosto	Sober	Feira da Rosca
Principios de Agosto	Burela	Festa do Bonito
Primeiros de Agosto	Quiroga	Mostra do Mel
4º domingo de Agosto	Viveiro	Romaría do Naseiro

LUGO		
DATA	LUGAR	FESTA GASTRONOMICA
1ª fin de semana de Setembro	Chantada	Degustación de carne de touro á pedra
1º domingo de Outubro	Vilanova de Lourenzá	Festa da Faba
2ª fin de semana de Outubro	Ferreira-O Valadouro	Feira do Mel
Outubro (San Lucas)	Mondoñedo	Feira do Mel de Mondoñedo
3º sábado de Outubro	Taboada	Festa do Viño Novo
Novembro	Cospeito	Feira do porco da ceba
Novembro	O Vicedo	Festa da Coquina
Fin de semana ant. a Noiteboa	Vilalba	Feira do Capón

OURENSE		
DATA	LUGAR	FESTA GASTRONOMICA
Xaneiro	Ábedes (Verín)	Festa do Chourizo
Xanerio	O Barco de Valdeorras	Festa do Butelo
1ª fin de semana de Febreiro	Pobra de Trives	Festa do Chourizo de Vilanova
Domingo de Entroido	Vilariño de Conso	Festa do Cabrito
Abril	Ribadavia	Feira Exposición do Viño do Ribeiro
Maio	Ribadavia	Feira do Viño do Ribeiro
Domingo próx. ao 14 de Maio	Amoeiro	Festa do Porco
Santiago	Ourense	Festa da Pasta Fresca
Día 6 de Santiago	San Cristovo de Cea	Festa do Pan de Cea
Último domingo de Santiago	Pobra de Trives	Festa da Bica
Agosto	A Rúa	Festa do Viño
Agosto	Oimbra	Festa do Pemento de Oimbra
2-6 Agosto	Castrelo de Miño	Festa da Anguía
Primeira semana de Agosto	Arnoia	Festa do Pemento de Arnoia
7-8 Agosto	Muíños	Festa das Sopas de Burro Canso
2º domingo de Agosto	O Carballiño	Festa do Polbo do Carballiño
17-18 Agosto	Allariz	Festa da Empanada de Allariz
22 de Agosto	Lobios	Festa dos Callos Limiaos
Último domingo de Agosto	Leiro	Festa da Vendimia
Setembro	Allariz	Feira do Doce, Armendoado e Melindre
Setembro	O Barco de Valdeorras	Festa do Viño de Valdeorras
2º domingo de Outubro	Vilar de Barrio	Festa da Pataca
29 de Outubro	Leiro	Festa do Licor Café
Novembro	A Gudiña	Festa do Xabarin con Castañas
Novembro	Cabanelas O Carballiño	Festa do Viño Novo de Cabanelas
Novembro	Riós	Feira da Castaña e do Cogomelo
8 de Novembro	A Veiga	Magosto Popular
11 de Novembro	Ourense	Magosto Popular

PONTEVEDRA		
DATA	LUGAR	FESTA GASTRONOMICA
Xaneiro	Santa María de Oia	Festa do Chourizo
Xaneiro	Vilanova de Aurosa	Festas dos Callos de Vilanova
3º sábado de Xaneiro	A Guarda	Festa da Paletada
Domingo antes de Entroido	Lalín	Festa do Cocido
4 de Febreiro	Vila de Cruces	Festa de Exaltación do Chourizo
Véspera do domingo de Paixón	Pontecesures	Festa do Ovo con Chourizos
2º domingo de Marzo	Mourente (Pontevedra)	Festa do Caldo
Domingo anterior ao Ramos	Pontecesures	Festa da Lamprea en Pontecesures
Sabado e domingo de Ramos	Sanxenxo	Festa da Raia
Venres Santo	As Neves	Feira do Requeixo e o Mel
Sábado e Domingo de Pascua	Arcade (Soutomaior)	Festa da Ostra
23 de Marzo	Pontevedra	Feira da Cabaza
Domingo de Pascua	Silleda	Festa da Rosquilla
Domingo de Pascua	Tui	Festa da Angula
27-30 Marzo	Marín	Festa da Caldeirada
Último domingo de Marzo	Bueu	Festa do Millo Corvo
Último domingo de Marzo	Silleda (Sta María de Abades)	Romaría da Rosquilla
Abril	Nigrán	Festa da Cadelucha
19 e 20 Abril	Arbo	Feira de Lamprea
Último sábado de Abril	Santa María de Oia	Festa do Polbo
Maio	A Lama	Festa do Codillo
Maio	Pontecaldelas	Festa da Troita
Maio	Vila de Cruces	Festa do Galo de Curral
Maio	Vilaboa	Festa do Churrasco
7-8 de Maio	Silleda	Festa da Cacheira
2º domingo de Maio	Redondela	Festa do Choco
3º domingo de Maio	A Estrada	Festa do Salmón
Maio-S. Xoán	Ribadumia (Barrantes)	Festa do Viño Tinto do Salnés
S. Xoán	A Guarda	Festa do Roscón de Xema
S. Xoán	Vigo (Beade)	Feira-Festa da Cereixa de Beade
7-8 de S. Xoán	Bueu	Festa do Churrasco
1º domingo de S. Xoán	O Covelo	Festa do Chourizo de Paraños
21 de S. Xoán	Silleda	Festa da Parrilla
28-29 de S. Xoán	Campo Lameiro	Festa da Augardente
Último domingo de S. Xoán	A Guarda	Feira-Festa da Langosta
30 de S. Xoán	Cotobade	Festa do Queixo
Santiago	A Guarda	Festa do Peixe Espada
Santiago	Meis	Festa dos Callos de Meis

PONTEVEDRA		
DATA	LUGAR	FESTA GASTRONOMICA
Santiago	O Rosal	Festa do Viño
Santiago	Vigo	Festa do Mexillón
2-4 Santiago	Bueu	Festa do Viño Tinta Femia
Día 6 de Santiago	Arbo	Festa da Lamprea Seca
6 de Santiago	Pontevedra	Festa da Peneirada
1º Domingo de Santiago	Gondomar	Festa da Rosquilla
7 de Santiago	Pontevedra	Festa da Anguía
2º sábado de Santiago	Catoira	Festa da Solla
13 de Santiago	Fornelos de Montes	Festa da Chanfaina
13 de Santiago	Portas	Festa do Galo de Curral
3º Domingo de Santiago	Ribadumia	Festa do Polo
24 de Santiago	Vilagarcía de Aurosa	Xornadas Gastronómicas do Bacallau
25 de Santiago	Meaño	Encontro co Viño de Autor
25 de Santiago	O Covelo	Festa do Churrasco
26-27 de Santiago	Poio	Festa da Ameixa
Últi. fin de sem. de Santiago, día 27	Moraña	Festa do Carneiro ao Espeto
28 de Santiago	Cangas	Festa do Percebe e a Navalla
Agosto	A Caniza	Festa do Xamón
Agosto	Cambados	Festa de Exaltación da Vieira
Agosto	Carballeira de Ribadumia	Festa do Pan do Salnés
Agosto	Forcarei (Carballeira de Frei)	Festa do Porquiño
Agosto	Marín	Festa da Cigala
Agosto	Salvatera do Miño	Feira do Viño do Condado
Agosto	Vigo	Festa da Sardiña
Agosto	Vigo	Festa do Polbo
Agosto	Vilagarcía de Aurosa (Carril)	Festa da Ameixa
Agosto	Vilanova de Arousa	Festa do Mexillón
1 de Agosto	Cangas	Festa do Bocho
1ª fin de semana de Agosto	Cambados	Festa do Viño Albariño
1º sábado de Agosto	Silleda	Festa da Tortilla
2º domingo de Agosto	Sanxenxo	Festa da Ostra
10-18 de Agosto	Pontevedra	Feira do Mel
14 de Agosto	Lalín	Festa do Xamón
16 de Agosto	Mondariz	Festa da Empanada
16 de Agosto	Poio	Festa do Mexillón
Tercei. fin de semana de Agosto	Silleda (Bandeira)	Festa da Empanada de Bandeira
3º domingo de Agosto	Arbo	Festa da Augardente
Último domingo de Agosto	Moraña (Carballeira dos Mila)	Festa do Porquiño á Brasa



PONTEVEDRA		
DATA	LUGAR	FESTA GASTRONOMICA
Último domingo de Agosto	Vigo (Cabral)	Festa do Pan de Millo
Setembro	Pazos de Borbén (Moscoso)	Festa das Chulas
4 de Setembro	Sanxenxo	Festa da Cebola
5 de Setembro	Redondela	Festa do Mexillón
1º domingo de Setembro	Salceda de Caselas	Festa dos Callos
7-9 Setembro	A Lama	Festa do Viño Pelete
3º fin de semana de setembro	A Guarda	Festa da Zorza
21 de Setembro	Mos	Festa da Orella
3º domingo de Setembro	Vigo	Festa dos Pexegos
21 e 22 de setembro	Marín	Festas da Sidra e da Mazá
22 de Setembro	Vigo	Festa da Empanada
Último domingo de Setembro	Valga	Festa da Augardente e a Anguia
3-5 Outubro	Bueu	Festa do Polbo
5 de Outubro	Cambados	Festa da Vendima
1º domingo de Outubro	O Porriño	Festa dos Callos
5 de Outubro	Redondela (Negros)	Festa da Mazá
2º domingo de Outubro	O Grove	Festa do Marisco do Grove
21-25 de Outubro	Bueu	Xornadas Micolóxicas
Último sábado de Outubro	Silleda (Breixa)	Festa da Castaña
27 de Outubro-1 de Novembro	Pontevedra	Xornadas Micolóxicas
2 de Novembro	Pontevedra (Lourizán)	Magosto Popular
2 de Novembro	Pontevedra (Salcedo)	Festas de Outono
3 de Novembro	A Estrada	Festa do Cogomelo
4 de Novembro	Vila de Cruces	Feira da Castaña
8-11 de Novembro	Bueu	Festa de San Martiño
9 de Novembro	Barro	Festa do San Martiño
9 de Novembro	Caldas de Reis	Festa do Magosto
9 de Novembro	Meis	Festa de San Martiño
9 e 10 de Novembro	Pontevedra (Tomeza)	Festa da Castaña
9 ao 11 de Novembro	Salceda de Caselas	Festa do San Martiño
9 ao 11 de Novembro	Vilaboa	Festa do San Martiño
10 e 11 de Novembro	Poio	Magosto Popular
11 de Novembro	Cotobade (Insula)	Magosto Popular
14 de Novembro	Moraña	Magosto Popular
2º quincena de Novembro	Vilagarcía de Aurosa	Semana Micolóxica
3º domingo de Novembro	Vigo (Cabral)	Festa do Cabazo
Decembro	Agolada	Feira do Porco Cebado
5-14 de Decembro	O Grove	Festa do Centolo
6 de Decembro	Sanxenxo	Festa da Fabada
1º domingo de Decembro	Forcarei	Festa da Richada

# Catálogo xeral



## DE PRODUTOS FITOSANITARIOS DE INTERESE PARA GALICIA E ASTURIAS

### INSECTICIDAS

#### PRODUTO

#### COMPOSICIÓN E PRESENTACIÓN

#### INDICACIÓNS E DOSE

##### ACTARA

25% Tiamethoxam WG.  
10x(15x4) g, 20x100 g, 10x1 kg.

Novo insecticida sistémico que actúa por inxestión e contacto, contra escaravellos resistentes, pulgóns, e mosca branca, para os cultivos de: patacas, melocotoeiro, maceira, cítricos, tomate, leituga, pemento, berenxena, cogombro, melón e sandía. Pode ser aplicado en pulverización normal ou rega de pingapinga.

**DOSE:** Patacas 80-100 g/ha (30-40 g/hl); melocotoeiro: 200 g/ha; maceiras: 300-400 g/ha; tomate, pemento, leituga, melón e sandía: 20 g/hl. No caso da mosca branca usar 400 g/ha.

##### ACTELLIC POLVO Tipo A

2% Metil-pirimifos.  
Po para salferir.  
1 kg, 5 kg.

Insecticida organofosforado de amplo espectro, especialmente indicado para o tratamento de graos almacenados nos celeiros e almacéns baleiros. Actúa por contacto e vapores contra insectos mastigadores e chupadores.

**DOSE:** 400g/Tm.

##### APHOX

50% Pirimicarb WG.  
100 g, 250 g, 1 kg.

Aficida específico contra pulgóns respectando os insectos beneficiosos; para hortícolas, froiteiras, cultivos florais, ornamentais, industriais e cereais.

**DOSE:** 100 g/hl mollando ben o cultivo.

Nº 00000 Xn ( A-B ) N

Nº= Nº Rexistro Xn= Clasificación Toxicolóxica ( A-B)= Peligrosidade para fauna (A Terrestre, B Acuicola) N= Clasificación medioambiental

CATEGORÍA E PRAZO SEGURIDADE

Nº 23093 \_\_ ( \_ \_ ) N

3 días: tomate, pemento, berenxena, cogombro, melón e sandía; 7 días en patacas; 14 días nas froiteiras; 21 días en leituga.

Nº 12621 \_\_ ( B \_ ) \_

Plazo S.: NP.

Nº 11826 T ( B-B ) N

7 días nas froiteiras industriais e corcubitáceas; 14 días en leitugas e espinacas; 3 días no resto de hortícolas; 45 días: cereais; NP feixóns verdes gran e ornamentais.

## APPLAUD

25% Buprofencin WP.  
250 g, 1 kg, 5 kg.

Nº 17092 \_\_ (A-A) N

7 días: cítricos, xudías, pemento, tomate, sandía e melón. NP: florais e ornamentais.

Insecticida regulador do crecemento, contra mosca branca e cochinillas. Actúa sobre larvas e ovos. Non afecta a insectos beneficiosos. Cultivos de cítricos, tomate, xudía, pemento, dandás, melón, florais e ornamentais.

DOSE: 40-80 g/hl.

## COSTAR

18% Bacillus thuringiensis var. Kurstaki. 90 millóns de U.I. por gramo WG.  
500 g.

Nº 22060 \_\_ (A-A) \_

Prazo S.: NP.

Insecticida biolóxico específico contra vermes de lepidópteros, nos cultivos de hortícolas. DOSE: 30-50 g/hl. Con alto volume de caldo por ha. Aplicar ao observar as primeiras eirugas ou síntomas. Usar as doses máis altas se hai vermes desenvolvidos.

## CRUISER

35% Tiamethoxam FS  
500 ml.

Nº 23141 \_\_ ( \_ ) \_

Semente de patacas: NP

Insecticida sistémico e de contacto, de amplo espectro, especialmente indicado para o control dos escaravellos da pataca. A formulación está posta a punto para o emprego como tratamento de tubérculos antes da sementeira, penetrando no interior da semente tratada. En canto esta xermina, dirixese cara aos órganos en crecemento e protexe a plántula e posterior desenvolvemento do cultivo.

DOSE: 21,4 ml cada 100 Kg de tubérculos.

## DURBAN 48

48% Clorpirifos EC.  
1 l, 5 l.

Nº 11318 Xn (B-C) N

7 días: alcachofa e solanáceas. 21 días: Outros cultivos.

Insecticida organofosforado de poder penetrante e amplo espectro. Activo por inxestión, contacto e inhalación, contra vermes, cochinillas, mosca branca, prays, rosquillas, taladros, escaravellos, trillas, trips e piral. Nos cultivos de: alcachofa, alfalfa, cebola, cereais, cítricos, coles, amorodos, millo, pataca, repolo, cenorias, remolacha e vide.

DOSE: 150-200 ml/hl. Non aplicar en nebulización.

## FORCE

0,5% Teflutrin granulado.  
1 kg, 10 kg.

Nº 17502 Xn (B-C) \_

30 días: espárragos. NP outros cultivos.

Insecticida piretroide para tratamento da terra, contra: vermes de arame, vermes brancos, vermes grises, roscas, pulguiñas e moscas. Cultivos de cenorias, nabos, tomate, pemento, melón, xudías, chicharos, espárragos, patacas, millo, repolos e remolacha.

DOSE: 10-15 kg/ha.

## KARATE ZEON

10% Lambda cihalotrin  
microencapsulado.  
250 ml, 1 l.

Nº 22398 Xn( \_ ) N

3 días: hortas; 15 días: pataca; 30 días: cereais, leguminosas de gran e millo; 7 días: outros cultivos. NP na oliveira e ornamentais herbáceas.

Insecticida piretroide de amplo espectro en forma microencapsulada que actúa por inxestión, contacto e acción repelente, contra vermes, pulgóns, mosca, pulguiñas e escaravellos, nos cultivos de: patacas, cereais, millo, froiteiras, hortaliças varias, vide, ornamentais e outros.

DOSE: 10-20 ml/hl.

## LUFOX

3% Lufenuron. 7,5% Fenoxicarb. N° 24154 Xn ( A-B ) N  
1 e 5 l.

21 días: maceira, pereira e vide.

Novo insecticida regulador do crecemento con dous modos de acción diferentes para o control da couza do acio e en maceira e pereira para carpocapsa e piollo de San Xosé.

**DOSE:** 1 l/ha. Facer unha aplicación antes da posta da couza. Dirixir a aplicación aos acios. Facer como máximo 2 tratamentos por período vexetativo.

## MATCH

5% Lufenuron EC.  
100 ml, 1 l, 5 l.

N° 19623 Xi ( A-B ) N

7 días: pemento, leituga, melón, tomate, cogombro e sandía; 28 días: Outros cultivos. Compatible con abellas.

Inhibidor do crecemento dos insectos con acción sobre a quitina, contra escaravello, minador dos gromos, verme verde, trips, piral e mosca branca; nos cultivos de: pataca, cítricos, tomate, pemento e vide. Persistencia no escaravello 3-4 semanas. Indicado para loita integrada. **DOSE:** Escaravello 40 ml/hl; trips 200 ml/hl; vide 50 ml/hl; cítricos 100-150 ml/hl; heliotis e spodóptera 60 ml/hl.

## PLENUM

50% Pimetrocina WP.  
1 kg. (En sobres de 200 g), 4 kg.

N° 25047 Xn ( \_-\_- ) \_

3 días: horticolas. 21 días: melocotoeiro, nectarina e cítricos.

Insecticida que actúa por ingestión e contacto, contra pulgóns e mosca branca nos invernadoiros. Cultivos de: horticolas, melocotoeiro, nectarinas e cítricos.

**DOSE:** Pulgóns 40 g/hl, mosca branca 50 g/hl. Aplicar ao principio de infestación.

## TRIGARD

75% Ciromazina WP.  
100 g, 200 g.

N° 17832 Xi ( A-A ) \_

7 días no apio, alcachofa, acelga e leituga. 15 días para champiñón. 21 días na pataca, e 3 días nos restantes cultivos. Compatible con abellas.

Insecticida sistémico contra larvas de dípteros (*Liriomyza spp.*). Nos cultivos de: champiñón, hortalizas varias, pataca, ornamentais e florais.

**DOSE:** 20-40 g/hl. En champiñón, aplicar pulverización grosa sobre o compost: 0,5-1 g/m<sup>2</sup> cunha cantidade de caldo de 0,25 l/m<sup>2</sup>. Reservar as doses máis altas para fortes infestacións ou larvas moi desenvolvidas, 120-240 g/ha en pataca.

## VERTIMEC

1,8% de Abamectina EC.  
250 ml, 1 l, 5 l.

N° 16784 Xn ( B-C ) N

3 días en tomate, pemento, corcubitáceas, berenxena e amorodo. 7 días en tomate e berenxena de invernadoiro. 10 días en cítricos e pereira. 14 días en melocotoeiro. 28 días en maceira e vide. NP en leituga.

Insecticida-acaricida con acción traslaminar, contra ácaros, eriófidos e minadores de follas, nos cultivos de apio, berenxena, leituga, melón, sandía, pemento, tomate, amorodo, maceira, pereira, melocotoeiro, cítricos, ornamentais non leñosas, florais e vide.

**DOSE:** 40-100 ml/hl. Contra psila da pereira e ácaros, 80 ml/hl máis 250 ml/hl de aceite de verán. Aplicar á caída de pétalos. En vide tratar ao inicio do ataque dos ácaros a razón de 75 ml/hl, mollando moi ben toda a follaxe. Nos cítricos para phyllocnistis 30 ml/hl.

## ZELDOX

10% Hexitiazox WP.  
500 g (en bolsiñas de 100 g).

Nº 16997 \_\_ ( A-A ) N  
7 días para corcubitáceas e amorodos.  
14 días para outros cultivos.

Acaricida contra araña vermella e amarela, con acción ovicida, larvicida e ninfecida. Axeitado para loita Integrada por respectar os ácaros depredadores. Cultivos de: cítricos, amorodos, corcubitáceas, froiteiras, vide e millo.

**DOSE:** 10-15 g/hl en cítricos. 50-75 g/hl nos outros cultivos. Nos cítricos para *Phyllocnistis* 20 g/hl.

## FUNXICIDAS

### BRAVO 720 SC

72% Clortalonil SC  
1 e 5 l.

Nº 24121 T ( A-A ) N  
3 días en corcubitáceas, cogombro, pirixel, e solanáceas. 10 días en hortícolas, amorodos, porro e repolo. 15 días en froiteiras, pataca, cenoria, cereal, garavanzo, ervellas e feixóns verdes, gran; NP nas ornamentais.

Funxicida de amplo espectro para o control de alternariose, antracnose, botrite, chancros, helmintosporiose, mera, momificados, moteados e outras enfermidades producidas por fungos endoparasitos.

**DOSE:** 160-210 ml/hl.

### COBRE SUPER PLUS

15% Cobre metal (12% en Oxiclورو+ 3% Sulfato cuprocálcico). 10% Mancoceb. 3% Cimoxanilo. 3% O. magnesio WP.  
300 g, 1 kg, 4 kg.

Nº 14503 Xn ( A-B ) N  
3 días nos invernadoiros.  
10 días nos outros cultivos.  
21 días na vide.

Funxicida antimildeu de acción preventiva e curativa que mellora o estado xeral das plantas e a calidade das colleitas; especialmente axeitado para Galicia pola forte presión dos ataques da enfermidade e as carencias de Magnesio. Indicado para control do mildeu da vide, e mildeu e alternariose na berenxena e tomates. Non se coñecen resistencias a esta formulación.

**DOSE:** 400 g/hl. No caso de ataques iniciados, aplicar a máxima dose e repetir o tratamento ós poucos días.

### CUPROCOL

70% Cobre. Solución coloidal en auga.  
1 l, 5 l.

Nº 14534 Xn ( A-B ) N  
3 Días en tomate de invernadoiro. 10 días en tomate de aire libre. 15 días en oliveira e outros cultivos. NP en froiteiras de óso, pebida e ornamentais leñosas.

Funxicida a base de cobre en formulación coloidal con 90% das súas partículas inferiores a unha micra, polo que a súa actividade funxicida está máis potenciada. Cultivos da vide, contra mildeu, bacteriose, axeitado para últimos tratamentos antes da colleita, e tamén en tratamentos do inverno. Cultivos da tomate e outras hortícolas, contra mildeu, antracnose, bacteriose e alternariose. Froiteiras, especialmente en tratamentos do inverno.

**DOSE:** 150-250 ml/hl en primavera, e ata 400 ml/hl en inverno.

### OHAYO

50% Fluazinam SC.  
1 y 5 l.

Nº23139 Xn (A-C)N  
7 días en pataca.

Funxicida preventivo de aplicación foliar, contra a mera da pataca. Moi indicado para a protección contra a mera no tubérculo.

**DOSE:** 300-400 ml/hl.

## ORTIVA

25% Azoxystrobin SC  
1 l.

Nº22000 \_( \_ )N

1 día: curcubitáceas pel comestible. 3 días: corcubítáceas pel non comestible, berenxenas, tomates e pementos. 7 días: alcachofa e leituga. 14 días: allo e cebola; 1 día en amorodos. 35 días: trigo e cebada.

Funxicida para o control de esclerotinia en leituga, fungos en allos, mera da alcachofa, berenxena, cebola, corcubítáceas, amorodo, leituga, pemento e tomate, oídio, fungos e outras enfermidades en trigo e cebada.

DOSE: 75-100 ml/hl. Trigo e cebada 0,8-1 l/ha.

## QUADRIS MAX

NOVO

9,25% Azoxystrobin. 50% Folpet SC Nº 24025 Xn ( \_ \_ ) N  
1,5 e 10 l. 28 días: viña.

Novo funxicida con movemento por difusión que controla mera e oídio, no cultivo da vide. DOSE: 250 cc/hl (800 litros de auga/ha). Para evitar resistencias, aplicar un máximo de 3 aplicacións. Moi indicado para tratamentos desde inicio de floración ata uva tamaño de ervella. Acción secundaria para outras enfermidades da vide.

## RIDOMIL GOLD COMBI

5% Mefenoxam. 40% Folpet WP. Nº 22055 Xn ( \_ \_ ) N  
(Metalaxil-M 4,8%) NP  
20x25 g, 5x200 g, 2x500 g.

**Nova formulación** funxicida, sistémico e de contacto, que se absorbe en 30 minutos polas partes verdes da planta. Especialmente indicado para o tratamento da vide nas primeiras mans contra o mildeu.

DOSE: 200 g/hl. Formulado en bolsa hidrosoluble. Facer un máximo de 4 tratamentos por ano.

## RIDOMIL GOLD MZ

4% Mefenoxam. 64% Mancozeb WP. Nº 22029 Xi ( \_ \_ ) N  
(Metalaxil-M 3,9%) 14 días en leituga, cogombro, cebola e tomate,  
20x25 g, 5x200 g, 2x500 g. e 21 días resto cultivos. Viña NP.

**Nova formulación** funxicida sistémico e de contacto contra mildeu nos cultivos da vide, cebola, leituga, pataca e tomate. Tamén contra alternariose da pataca e tomate e septoria do tomate.

DOSE: 200-300 g/hl. Formulado en bolsa hidrosoluble.

## RIDOMIL GOLD PLUS

2,5% Mefenoxam. 40% Cobre WP. Nº 22062 Xn ( \_ \_ ) N  
(Metalaxil-M 2,4%) 1 día para cogombro. 3 días para tomate de  
1 Kg, 5 Kg. invernadoiro. 10 días no tomate ao aire libre.  
21 días para leituga. NP na vide.

**Nova formulación** funxicida sistémico e de contacto contra mildeu nos cultivos da vide, leituga, cogombro e tomate.

DOSE: 400 g/hl. Formulado en bolsa hidrosoluble.

## RIDOMIL GOLD GRANULADO

2,5% Mefenoxam (Metalaxil-M 2,4%) Nº 22193 Xi ( \_ \_ )  
5 Kg. 15 días cítricos, amorodos, maceiras, pereiras e  
pementos.

**Nova formulación** funxicida sistémica en forma de granulado para o control de *Phytophthora* nos cultivos de cítricos, amorodos, maceiras, pereiras e pementos.

DOSE: 10-30 Kg/ha. En maceira e pereira 20-40 g/árbore.

## RIDOMIL GOLD SL

46,5% Mefenoxam (Metalaxil-M)  
250 ml, 1 l.

Nº 22151 Xn( \_ \_ ) \_

15 días en cítricos, maceiras e pereiras. NP smorodos e pementos.

**Nova formulación** funxicida para o control de *Phytophthora* nos cultivos de cítricos, maceiras, pereiras, amorodos e pementos.

**DOSE:** Rego por goteo 1-1,2 l/ha. En inxección ao chan, 1 ml/m<sup>2</sup>, máximo dúas aplicacións en outono e primavera. En inxección ao chan, máximo 2 ml/árbore.

## SCORE

25% Difenconazol EC.  
250 ml, 1 l.

Nº 18767 \_ ( A-B ) N

3 días en tomate. 7 días en melocotón e albaricoque. 14 días en apio, pereira, maceira, néspereira e leituga. 30 días noutros cultivos. NP en caraveis.

Funxicida de acción sistémica, preventivo e curativo, nos cultivos de allo, caravel e espárrago para fungos; apio contra septoria; leituga, pataca e tomate contra alternaria, pereira contra moteado, fungos e septoria; maceira e néspereira contra moteado; remolacha contra oídio e cercospora; aboladura en melocotoeiro e oídio, cribado e monilia en melocotoeiro e albaricoqueiro.

**DOSE:** 10-20 ml/hl en froiteiras, 50-80 ml/hl en tomate; leituga e pataca. 30-50 ml/hl nos restantes cultivos, 20-30 ml/hl en melocotoeiro e albaricoqueiro.

## SWITCH

37,5% Ciprodinil.  
25% Fludioxonil WG.  
25x20 g, 300 g, 1 kg.

Nº 21714 \_ ( A-B ) N

2 días amorodos, 3 días berenxena, tomate, corcubitáceas de pel comestible e feixóns verdes. 7 días en viña e outros cultivos. 14 días en leituga e pereira.

Funxicida específico contra botrite nos cultivos de viña, amorodos, pemento, melocotoeiro, albaricoqueiro, cerdeira, ameixeira, feixóns verdes, leitugas, berenxena, tomate, corcubitáceas de pel comestible. Tamén controla monilia, sclerotinia e asperxilo.

**DOSE:** 60-100 gr/hl en todos os cultivos excepto leituga (0,5-0,6Kg/ha) e viña (0,6-1 kg/ha).

## THIOVIT JET

80% Xofre en microgránulos mollables.  
1 Kg, 10 kg, 25 kg.

Nº 12901 Xi ( A-A ) \_

3 días en hortícolas non de folla e 5 días demais cultivos. NP ornamentais leñosas.

Funxicida a base de xofre en microesferas, con acción por contacto e vapores, contra oídio, ácaros, eriofidos e negrilla, nos cultivos da vide, hortícolas, froiteiras e outros cultivos.

**DOSE:** 250-750 g/hl segundo cultivos.

## TOPAS 200 EW

20% Penconazol.  
500 ml, 1 l.

Nº 21291 Xn ( A-A ) N

3 días en melón, sandía, cogombro, amorodo, pemento e tomate. 14 días en vide e outros cultivos.

Funxicida antioidio, sistémico de acción preventiva que ademais detén a infección durante o período de incubación. Para cultivos de viña, froiteiras, amorodos e outros cultivos.

**DOSE:** 15 - 25 ml/hl conforme os cultivos.

## TRI-MILTOX N

12 % Mancoceb. 13,9% Cobre metal  
baixo as formas de sulfato, Oxícloruro e  
Carbonato WP.  
1 kg, 5 kg.

Nº 15932 Xi ( A-B ) N

3 días en berenxena de invernadoiro.  
10 días en berenxena e tomate de aire libre.  
15 días en cítricos, garabanzo, lúpulo, herbas  
aromáticas, oliveira e vide. 21 días en esca-  
rola, chícharos, feixóns verdes, grao, leituga  
e porro. 28 días hortaliñas de xénero brassi-  
cae. NP en froiteiras de óso e pebida.

Funxicida preventivo contra mildeu e outras enfermidades, de acción por contacto, que polo seu contido nas tres formas de cobre mais o mancoceb, ten gran eficacia pola súa regularidade de acción e persistencia. Cultivos da vide contra mildeu; tomate e hortalizas contra mildeu, alternaria, septoriose e antracnose; tamén en froiteiras contra moteado, monilia e foscocum.

DOSE: 400-600 g/hl segundo cultivos.

## HERBICIDAS

### AGROXONE

40% MCPA (Sal potásico)  
1 l, 5 l.

Nº11412 Xn ( \_- ) \_  
15 días

Herbicida para o control de herbas de folla ancha, en tratamentos herbicidas en post-emerxencia en cultivos de trigo, cebada, millo, sorgo, liño e praderías de gramíneas.

DOSE: 1,5-3 l/ha, praderías de gramíneas 3-4 l/ha.

### ARIZONA

40% Clortoluron SC. 2,5% Diflufenicam  
5 l.

Nº23912 Xn (A-A) N  
S.: NP

Herbicida de pre e postemerxencia contra herbas anuais de folla estreita e ancha. Para utilizar nos cultivos de trigo e cebada de ciclo longo.

DOSE: Para trigo, aplicar despois da sementeira ou cando o trigo teña tres follas a dose de 1,75 a 3 l/ha. En cebada, antes de nacer ou despois de nacer cando teña tres follas a dose de 1,75-2,5 l/ha.

### AUROS PLUS

80% Prosulfocarb EC.  
20% Triasulfurón WG.  
3x3 l + 6x15 g.

Nº 18087 Xn ( A-C ) \_  
Nº 17925 Xi ( A-A ) N

Herbicida de pre e postemerxencia contra herbas anuais de folla estreita e ancha. Para utilizar nos cultivos de trigo e cebada.

DOSE: Para trigo aplicar pouco despois da sementeira e antes de que as herbas teñan dúas follas. En cebada aplicar en postemerxencia do cultivo e antes de que as herbas teñan dúas follas. 4-6 l/ha do AUROS (Prosulfocarb 80%) máis 50-75 g/ha do LOGRAN (Triasulfurón 20%).

### BANVEL D

48% Dicamba SL.  
1 l, 5 l.

Nº 11533 \_ ( B-A ) N  
2 meses para a colleita da forraxe ou a entrada  
do gando.

Herbicida de postemerxencia contra herbas anuais de folla ancha. Traslócase a través das follas, brotes e raíces.

Para utilizar nos cultivos de trigo, cebada, avea, millo, pradeiras de gramíneas e céspedes.

DOSE: No millo aplicarase cando teña entre 4-8 follas a dose de 600-750 ml/ha (140 ml/hl). En cereais dende 3 follas ata o final do afillado a dose de 300-500 ml/ha (100 ml/hl). En pradeiras e céspedes 0,6 l/ha (150 ml/hl).



### BANVEL TRIPLE

29,6% 2,4-D amina. 26,5% MCPA amina.  
10% Dicamba amina SL.  
1 l, 5 l.

Nº 13537 Xn ( B-A ) N

21 días dende a aplicación ata o consumo do pasto polo gando.

Herbicida de postemerxencia contra todo tipo de malas herbas de folia ancha nas pradeiras e céspedes de gramíneas xa establecidos. Tamén para os cultivos de: trigo, cebada, avea e centeo.

**DOSE:** 0,8-1,5 l/ha (200-375 ml/hl). En pradeiras aplicarase preferentemente ó inicio da brotación ou 1-2 semanas despois dun corte. En cereais o mellor momento é o afillado antes de encanar. A temperatura debe ser entre 12-24°C.

### CALLISTO

10% Mesotrione SC.  
250 ml, 1 l, 5 l.

Nº 22313 Xn ( \_- ) N

Non utilizar cerca de cursos de auga deixando sen tratar unha banda de seguridade de 5 m.

Novo herbicida para o cultivo do millo, contra a xuncia e outras herbas cando estas son noviñas.

**DOSE:** 1,5 l/ha (40-50 ml/mochila de 15 l para tratar uns 250-300 m<sup>2</sup> de terra). Bótase co millo nacido e cando a xuncia é noviña, entre 2-4 follas. Pódese repetir o tratamento entre o millo se xorde outra camada de herba.

### CAMIX

44 % S-Metolacloro. 4% Mesotrione.  
2% Benoxacor, SE.  
1 e 5l.

Nº 24063 Xi ( \_- ) N

NOVO

Novo herbicida de pre e postemerxencia precoz contra herbas de folia estreita e ancha no cultivo de millo. CAMIX leva na súa composición unha substancia protectora que impide producir fitotoxicidade ao cultivo (Benoxacor).

**DOSE:** 3,75 l/ha

### DUAL GOLD

96% S-Metolacloro EC.  
1 l.

Nº 22126 Xn ( \_- ) N

Non utilizar cerca de cursos de auga deixando sen tratar unha banda de seguridade de 20 m.

Herbicida activo contra gramíneas anuais: Echinocloa, dixitaria, setaria, lolium, e outras. A Xuncia é moderadamente sensible a DUAL GOLD. Indicado para os cultivos de: millo, pataca, remolacha e xirasol. As aplicacións en postemerxencia deben ser só con herbas moi noviñas.

**DOSE:** En pataca e remolacha 0,5-1,5 l/ha e en millo e xirasol 0,5-2 l/ha.

### FOLAR

18% Glifosato. 34,5 % Terbutilazina.

Nº 19097 \_ ( \_- ) N

Herbicida con efecto de contacto e remanente, para o control de malas herbas de folia estreita e ancha en cultivos de cítricos, froiteiras de pebida, vide e áreas non cultivadas.

**DOSE:** 2,85 l/ha. Pode aplicarse a todo terreo ou sobre o lináceo do cultivo. .

### FUSILADE MAX

12,5% Fluazifop-p-butil EC.  
1 l.

Nº 15814 Xn ( A-B ) N

21 días para colleitas e entrada do gando.  
3 meses para sementar cereais.

Herbicida selectivo nos cultivos de folia ancha, sistémico de postemerxencia para o control de gramíneas anuais e perennes. Pode botarse nos cultivos de: pataca, leguminosas, hortas, cultivos industriais, florais e ornamentais. Tamén en froiteiras e vide.

**DOSE:** 1,25-2 l/ha (312-500 ml/hl) para gramíneas anuais, en perennes duplicar a dose e facer dúas aplicacións.

**PRIMEXTRA LIQUIDO GOLD****NOVO**

31,25% S-Metolacloro.  
18,75% Terbutilazina.  
5 l.

Nº 22199 Xi ( \_ \_ ) N  
PS: Non procede.

Herbicida a base dunha adecuada combinación de dúas substancias activas que permiten combater as gramíneas e dicotiledóneas anuais que invaden normalmente o cultivo do millo de consumo ou de forraxe.

En condicións normais poden sementarse ou plantarse calquera dos cultivos que poden seguir ao millo nunha rotación normal.

**DOSE:** 4l/ha.

**REGLONE**

20% Dicuat SL.  
5 l.

Nº 12346 T+ ( \_ \_ ) N  
15 días no caso de entrada do gando.

Herbicida de contacto de acción rápida e eficaz contra as malas herbas. Axeitado para desecante de diversos cultivos facilitando as colleitas. Autorizado en patacas, millo, xirasol e algodón como desecante. Noutros cultivos, como herbicida de pre-laboreo ou para botar entre liñas sen mollar as follas do cultivo.

**DOSE:** 1,5-4 l/ha (430-1.150 ml/hl).

**SAMSON**

4% Nicosulfuron SC.  
1 l.

Nº 22353 Xi ( A-A ) N  
Non poñer colza como cultivo a seguir.

Herbicida de post-emerxencia contra herbas gramíneas e dicotiledóneas no cultivo do millo. Activo contra equinocloa e outras gramíneas resistentes. Complementario contra xuncia. Pode mesturarse con outros herbicidas de post-emerxencia.

**DOSE:** 1-1,5 l/ha (280-430 ml/hl). Aplicar cando o millo teña entre 3 e 4 follas.

**SPLENDOR**

25% Tralkoxidim SC.  
5 l.

Nº 19315 Xn ( A-A ) N  
15 días ata a entrada do gando. 3 meses para nova sementeira de cereais.

Herbicida de post-emerxencia, contra avea, ballico e outras gramíneas nos cultivos de trigo, cebada e triticales.

**DOSE:** 1,2 -1,6 l/ha. + 1 l/ha do mollante Canplus (400-530 ml/hl + 330 ml/ hl).

**TOPIK EVO**

24% Clodinafop-propargil.  
6% Cloquintocet-mexil EC. 5% Florasulam.  
1 l +150 ml

Nº19548 Xn ( A-B ) N  
Nº22145 \_ ( \_ \_ ) N  
Prazo S.: NP.

Herbicida de postemerxencia contra gramíneas e herbas de folla ancha anuais nos cultivos de triticales e trigo. Controla avea, xoio, phalaris e alopecuro e a maioría das malas herbas de folla ancha que invaden o cereal. Aplicar a partir de tres follas do cultivo e ata o afillado do mesmo.

**DOSE:** 170-250 ml/ha + 1 L/ha do mollante Agral e 75-150 ml/ha de Florasulam 5%.

**TORDON 22 K**

24% Picloran (sal potásico) SL.  
250 cc,1 l.

Nº11760 Xi(A-A)\_  
21 días

Herbicida de translocación, moi persistente para o control de leñosas en terreos sen cultivo (silveiras, toxos, xestas, etc), rumex e outras especies de folla ancha en praderías de gramíneas. É absorbido por vía radicular e foliar.

**DOSE:** 1-1,5 l/ha

## TOUCHDOWN PREMIUM

36% Glisofato (sal amónico) SL.  
1 l, 5 l, 10 l, 25 l, 120 l, 640 l.

Nº 22957 \_( \_ )\_  
7 días cereais e terreos agrícolas.  
NP demais cultivos

Herbicida sistémico, non selectivo de post-emerxencia, contra todo tipo de herbas, incluídas as perennes e malezas leñosas, cun gran ámbito de aplicación. Plantacións de aguacate, cereais, froiteiras de folla caduca, limoeiro, laranxeira, oliveira, plataneiro, terreos agrícolas, terreos forestais e vide. Grazas á tecnoloxía Sistem 4, Touchdown Premium actúa máis rápido, e en condicións difíciles obtéñense mellores eficacias ca con outros herbicidas sistémicos. **DOSE:** 3-7 l/ha segun do o cultivo e tipo de herba ou maleza a controlar. Recoméndase aplicacións con baixo volume de auga, de 100-200 l de auga por ha, polo que a dose equivale a: 1,5-3,5 l/hl. As doses máis baixas para as herbas noviñas, e as máis altas para perennes e malezas leñosas.

## PRODUTOS VARIOS

### ABOFOL-L

24%Nitróxeno (N) total baixo varias formas.  
16% Fósforo (P<sub>2</sub>O<sub>5</sub>) soluble. 12% Potasio (K<sub>2</sub>O)  
soluble. 0,07% Boro (B) e 0,07% Zinc (Zn)  
quelados por EDTA-Na<sub>2</sub>. Sólido cristalino.  
1 kg e 5 kg.

Registro de fertilizantes e afíns  
Nº 2379  
Prazo S.: NP.

Fertilizante foliar que estimula e regula a vexetación das plantas, diminúe os problemas de carencias e mellora a calidade das colleitas. Axuda a recuperar os cultivos nos accidentes climáticos. Autorizado para todos os cultivos.

**DOSE:** 100 g/hl. Tamén pode aplicarse á terra para ser tomado polas raíces dos cultivos.

### ALIMET

5% Metaldehído.  
1 Kg, 5 Kg.

Nº 11744 \_( B-A )\_  
Prazo S.: 15 días. Ornamentais NP.

Cebo en forma de gránulos contra lesmas e caracois nos cultivos de cítricos, amorodos, froiteiras de folla caduca, hortícolas, ornamentais herbáceas, ornamentais leñosas, industriais e pataca. Alimet posúe unha elevada resistencia ao lavado, sen que o seu poder atraente se vexa reducido.

**DOSE:** 5-8 Kg/ha.

### CANPLUS

60% aceite, 24% Oleato sorbitol,  
12% Tredecilalcohol OL.  
1 l.

Nº 19316 Xi ( A-B ) \_  
Prazo S.: NP.

Mollante para aplicacións herbicidas, que mellora a penetración e actuación, especialmente indicado cando as malas herbas precisen aumentar o poder mollante.

**DOSE:** 350-500 ml/hl segun do indicación para cada cultivo.

### CULTAR

25% Paclbutrazol SC.  
250 ml, 1 l.

Nº 17270 Xi ( A-A ) N  
60 días para as colleitas.

Regulador do crecemento para fruticultura e viticultura. Reduce a lonxitude das brotacións, mellora a calidade dos froitos, e na vide ademais evita o corremto da floración. Aplicar en cultivos con certa vitalidade.

**DOSE:** Varía segun do os cultivos e momento de aplicación. Na vide para mellorar o callado da flor aplicar unha soa vez, 50 ml/hl entre dúas ou tres semanas antes da floración.

## DIVIDEND

3% Difenocanazol FS.  
20 l, 200 l.

Nº 22008 Xi ( A\_- ) N  
Prazo S.: NP.

Fungicida sistémico para o tratamento das sementes do trigo e da cebada, contra caries, podre da raíz, carbón vestido e helmintosporiose.

**DOSE:** 100-200 ml/100 kg semente. O produto pode aplicarse directamente sobre a semente ou diluído previamente en 400-500 ml de auga.

## ISABION

Complexo de aminoácidos LS.  
1 l, 5 l, 20 l.

Rexistro de fertilizantes e afíns.  
Nº 02511

Nutriente orgánico bioestimulante da vexetación das plantas en todo tipo de cultivos. Aplicar na fase de crecemento das plantas, especialmente indicado en cultivos cativos ou afectados por accidentes climatolóxicos, fitotóxicidades, etc.

**DOSE:** En aplicación foliar 200-500 ml/hl (4-5 l/ha). En aplicacións a terra, pode incorporarse coa rega (3-4 l/ha) e 4 aplicacións. Un máximo de 15 l/ha.

## KLERAT BLOCK

0,005% Brodifacoum. Bloques parafina. BB.  
100 g, 500 g, 10 kg.

Nº RPDGSP: 08-10-00838  
y 08-10-00838 HA.

Raticida moi activo por inxestión contra todo tipo de roedores, tamén para os resistentes a outros anticoagulantes. Controla ratas, ratos e toupas de campo. Formulación axeitada para almacéns, recintos, exteriores, colectores, e ratas de campo en plantacións

**DOSE:** colocar os bloques en portacebos en bastantes puntos por toda a superficie infestada, cerca de onde os roedores teñen os seus niños, tobos ou galerías, principalmente onde estiveron alimentándose ou causando danos.

## SUPER KLERAT

0,005% Brodifacoum.  
Cebo granulado coloreado. GB.  
250 g, 5 kg.

Nº RPDGSP: 08-10-00837  
y 08-10-00837 HA.

Raticida moi activo por inxestión contra todo tipo de roedores, tamén para os resistentes a outros anticoagulantes. De utilización en almacéns e recintos agrícolas exteriores ou interiores. **Ratas:** adoitan alimentarse en lugares ocultos cos que estean familiarizadas. Colocarase en cada punto o contido dunha bolsiña nun portacebo e a intervalos de 5-10 metros. Debido a que as ratas son moi desconfiadas, recoméndase non facer limpeza nin mover os obxectos nos lugares tratados, ata a finalización da desratización.

**Ratos:** con cada bolsiña de 50 g pódense facer de 2 a 4 puntos de cebo, situando os portacebos a intervalos de 2-5 metros. Como os ratos son comedores esporádicos e tenden a explorar novos lugares, recoméndase cambiar os cebos de sitio periodicamente. Ao abrir as bolsiñas, colocar os gránulos nun portacebo no punto elixido, e revisalos cada 7-8 días; reponer aqueles puntos de cebo onde este tivese sido comido.

## KLERAT PASTA

0,005 % Brodifacoum. Cebo en pasta fresca  
250 g, 10 Kg.

Nº RPDGSP: 05-10-04162  
y 05-10-04162 HA.

Novo raticida en forma de pasta fresca de alta palatabilidade e apetencia, moi activo para todo tipo de roedores, incluso para os resistentes a outros anticoagulantes. É moi fácil e cómodo de usar, debido á súa consistencia semisólida e a súa moderna presentación en bolsiñas de papel filtro (15 gramos), resistindo a humidade. Contén proteínas e ácidos graxos, así como fungicidas e estabilizantes que garanten unha longa duración do produto (incluso no exterior). Pode ser usado en recintos interiores e no exterior.

**DOSE:** Colocar en cada punto 1-2 unidades para ratos e 4-5 unidades para ratas.



# Valor dos ferrados galegos en metros cadrados

## PROVINCIA DA CORUÑA

A Baña	528	Cedeira	509	Monfero	548
A Coruña	444	Cerdido	509	Mugardos	548
Abegondo	436	Cesuras	436	Muros	335
Ames	639	Coiros	436	Muxía	424
Aranga	436	Corcubiión	424	Narón	509
Ares	548	Coristanco	524	Neda	509
As Pontes	548	Culleredo	444	Negreira	528
Ateixo	444	Dodro	420	Noia	420
Arzúa	536	Dumbría	424	Oleiros	444
Bergondo	436	Enfesta	639	Ordes	639
Betanzos	436	Ferrol	509	Oroso	639
Boimorto	536	Fisterra	424	Ortigueira	444
Boiro	484	Frades	636	Outes	396
Boqueixón	639	Irixoa	436	Oza dos Ríos	436
Brión	500	Laracha	524	Paderne	436
Cabana	524	Laxe	524	Padrón	420
Camariñas	424	Lousame	420	Pino	536
Cambre	444	Mañón	548	Pobra do	
Capela	548	Mazaricos	424	Caramiñal	484
Carballo	524	Malpica	524	Ponteceso	524
Cariño	444	Mesía	603	Pontedeume	548
Carnota	400	Melide	536	Porto do Son	480
Carral	444	Miño	548	Rianxo	484
Cee	436	Moeche	509	Ribeira	484
Cerceda	639			Rois	424

## PROVINCIA DA CORUÑA

Sada	436	Teixeiro	536	Valdoviño	509
Sadurniño	509	Teo	639	Vedra	639
Sta. Comba	528	Toques	536	Vilamaior	548
Santiago	639	Tordoia	639	Vilasantar	536
Santiso	536	Touro	536	Vimianzo	424
Sobrado	536	Trazo	640	Zas	424
Somoza	509	Val do Dubra	640		

### Outras Medidas:

En Rianxo úsase a **Cunca** que son 35 metros cadrados. O ferrado ten 12 Cuncas.

En Boiro úsase **Cuartillo** que son 22,33 metros cadrados.

En Rois úsase **Cuartillo** que son 17,50 metros cadrados.

Na Pobra do Caramiñal úsase a **Cunca** que son 40 metros cadrados.

## PROVINCIA DE LUGO

A Fonsagrada	507	Guntín	436	A Pobra de Brollón	465
As Nogais	621	O Incio	559	Pol	496
Abadín	504	Láncara	629	Portomarín	671
Alfoz	714	Lourenzá	638	Quiroga	465
Antas de Ulla	604	Lugo	436	Rábade	436
A Pontenova	504	Melra	514	Ribadeo	612
Baleira	714	Mondoñedo	612	Ribas do Sil	465
Barreiros	714	Monforte	489	Ribeira de Piquín	514
Becerreá	578	Monterroso	604	Riotorto	504
Begonte	525	Muras	548	Samos	559
Bóveda	489	Navia de Suarna	650	Sarria	629
Castro de Rei	629	Neira de Xusa	610	O Saviñao	559
Carballedo	629	Negueira de		Sober	484
Castroverde	496	Muñiz	507	Taboada	604
Cervo	725	Ourol	548	Trabada	638
Cervantes	553	Outeiro de Rei	436	Triacastela	430
Chantada	629	Palas de Rei	604	O Valadouro	714
O Corgo	436	Pantón	489	Vicedo	548
Cospeito	525	Páramo	559	Vilalba	546
Courel (Folgozo)	436	Paradela	559	Viveiro	548
Foz	714	A Pastoriza	504	Xermade	525
Friol	436	Pedrafita	578	Xove	725

### Outras Medidas:

En Riotorto: **Fanega** igual a 4 Ferrados, **Ferrado** igual a 2 Tegos, **Tego** igual a 4 Cuartillos.

## PROVINCIA DE PONTEVEDRA

A Lama	217	Fornelos de	Pontesampaio	629
A Caniza	437	Montes	Pontevedra	629
A Estrada	629	Gondomar	Portas	629
As Neves	629	Lalin	Ribadumia	629
Agolada	536	Marín	Redondela	69
Arbo	437	Meis	Rodeiro	536
Baiona	539	Meaño	Salvaterra	437
Bueu	472	Moaña	Sanxenxo	629
Caldas de Reis	672	Mondariz	Silleda	536
Cambados	629	Moraña	Soutomaior	64
Campolameiro	629	Mos	Tomíño	629
Cangas	472	Nigrán	Tui	497
Catoira	629	O Grove	Valga	629
Cerdedo	528	O Porriño	Vigo	541
O Covelo	264	Oia	Vilaboa	629
Crecente	437	Pazos de Borbén	Vilagarcía	545
Vila de Cruces	536	Polo	Vilanova de	
Cuntis	629	Ponteareas	Arousa	672
Dozón	536	Pontecaldelas	Vilaxoán	603
Forcarei	500	Pontecesures		420

### Outras Medidas:

No Morrazo e ría de Vigo úsase moito a **Vara**, que vale no Morrazo 7.37 metros cadrados, e en Vigo 4.57 metros cadrados.

En Pontevedra, Caldas e Cambados úsase a **Cunca**, a doceava parte do **Ferrado** que vale 52.40 metros cadrados. En Godos e Sair 56 metros cadrados. O **Ferrado** 12 veces a **Cunca**. Na Estrada e Lalin úsase o **Cuartillo**, que vale na Estrada 26 metros cadrados e en Lalin 22.34 metros cadrados.

En Pontecesures a **Cunca** ten 35 metros cadrados  
Estadal: 12 pés = 336 cm.

## PROVINCIA DE OURENSE

O **ferrado** vale: 629 metros cuadrados.

### Outras Medidas:

Nas terras adicadas a viñedo, a **Cavadura** vale 437 m<sup>2</sup> ou 435 m<sup>2</sup>, segundo as zonas.

O **Xornal** son 124 m<sup>2</sup>. En lugares con pendente da Ribeira Sacra, unha "**cavadura**" ou "**home de cava**", equivale a 100 cepas ben desenvolvidas.

- Nas terras adicadas a outros cultivos, a **Tega** vale 388 m<sup>2</sup>, a **Fanega** 4.141 m<sup>2</sup>.
- Na Porqueira, a **Tega** son 906 m<sup>2</sup> o **Copelo**, 21 m<sup>2</sup>.
- Para medidas do cereal, unha **Tega** equivale a 14 quilos de centeo, e unha **Fanega** son cinco **Tegas**.

• O **Copelo**, en Celanova e A Bola, son 20 m<sup>2</sup>.

• En Valdeorras a **Maquia** son 120 m<sup>2</sup>; en Verín son 22,22 m<sup>2</sup>.

Para medir capacidades en distintas zonas de Ourense, empréganse as seguintes medidas:

- **Ola**: equivale a 16 litros ou 16,5 litros, segundo as zonas.
- **Moio**: equivale a 8 olas (128 ou 132 litros).
- **Cabazo**: son 20 litros.
- **Cuarta e Media Cuarta**: son 20 e 101 litros respectivamente.
- **Cántara**: son 16 litros. O **Canado** son dúas Cántaras (32 litros).

# CONTOS

QUE NON SON CONTOS

## ¡MÚSICA, MESTRE!

**S**empre houbo en Galicia unha gran tradición bandística. Moitas e boas agrupacións que deleitaban e deleitan a xente, en festas, procesións ou romarías.

Algunhas tan grandes, que mesmo pasaban dos cincuenta números.

Nunha pequena aldea de Lugo, trataron de traer unha banda para as festas do setembro, pero, como a aldea era tan cativa, pensaron en contratar só unha parte da mesma.

Amable e Paco eran os maiores da comisión, e achegáronse á cidade que tiña a banda máis grande da bisbarra. Ían falar co xefe da agrupación, Don Alejandro Solís, natural de Valencia.

- *Mestre. Vimos contratarlle vinte músicos para a festa dos Remedios.*

- *Ya, dixo el, pero ¿qué músicos? Porque no todos os costarán lo mismo. Depende del instrumento que ejecuten.*

Colleu unha lista e engadiu:

- *El más caro: el Director, que soy yo; le siguen los primeros clarinetes, luego flautas traveseras y flautines, requintos, fliscornos y pínfanos, trompetas, fagots y contrafagots, oboe, corno inglés, trompas, ...*

Aquel home non acababa de nomear instrumentos que nin coñecían. Amable atallou a conversa en seco e preguntou:

- *¿E logo? ¿Cal é o músico máis barato?*

- *El bombo. Contestou o profesor.*

- *Pois daquela, dixo o Paco, que veñan vinte bombos, e non se fale máis.*





## ¡AGÁRRESE SEÑORITA!



*En Pontevedra, nun coñecido balneario, un dos atractivos parellos á cura eran os paseos a cabalo, que dous rapaces, Pedro e Xoán daban aos bañistas polo prezo de catro reais.*

*Tiñan unha besta grande, semellaba un percherón comprado ao exército, de seu pai, encargados eles de axudar a montar ó viaxeiro e de levar o ramal para facer máis tranquilo o roteiro.*

*Montou certa vez unha señorita de Valladolid, de modos delicados e moito refinamento na súa conversa. Ía moi lixeiriña de roupa e cunha saía exaxeradamente curta para o estilo da época.*

*Ao dobrar un cóbado do camiño, unha bandada de pombos que se levantou con barullo espantou o cabalo. Encabuxouse, os mozos non foron quen de suxeitalo e a moza caeu na herba. Non se mancou, pero quedou coas pernas para arriba e totalmente “desmandilada”.*

*Despois dun anaco no chan, ergueuse coma un lóstrego, colleu a rédea, pé no estribo e montou de novo a cachapernas con abraiente rapidez.*

*Cando estaba enriba do percherón, mirou para eles e dixolles:*

*- ¿Habéis visto mis energías y mi agilidad?*

*- Sí, ho!! Vímolas ben. Contestou Xoán. E dixo Pedro.*

*- Vímolas perfectamente; só que, nesta zona, chamámoslles doutra maneira.*

**Q**uen con auga se cura, pouco dura”, sentenciaba un vello dito referíndose aos balnearios.

*Non obstante, contradicindo o refraneiro, temos unha longa historia de augas minromedicinais nestes lugares, de sona importante dentro e fóra de Galicia e espallados pola nosa rexión.*

*Xente que veu e vén tomar as augas, buscando a saúde nas súas propiedades curadoras case universais, o descanso pracenteiro, as relacións sociais e o lecer.*

*Íase ao baño, mais tamén había outros divertimentos parellos: as tertulias e o té, os paseos guiados polas contornas, o casino, os xogos de chave e calicha, ou mesmo, bailes de festa e verbena.*

# Disposicións Legais

DE INTERESE PARA GALICIA



24748 REAL DECRETO 1416/2001, DO 14 DE DECEMBRO,  
SOBRE ENVASES DE PRODUCTOS FITOSANITARIOS.

**(«BOE» 311, do 28-12-2001.)**

A Lei 11/1997, do 24 de abril, de envases e residuos de envases, mediante a que se incorporou ao ordenamento interno a Directiva 94/62/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de decembro, estableceu un réxime singular para a recollida dos envases industriais ou comerciais consistente en que, de acordo co establecido no número 1 da súa disposición adicional primeira, a responsabilidade sobre a correcta xestión deste tipo de residuos corresponde ao seu posuidor final, agás que os envasadores decidan, voluntariamente, pólos no mercado na forma prevista para os produtos envasados de consumo doméstico. A experiencia adquirida desde a aprobación da Lei 11/1997 veu demostrar que, en determinados supostos concretos, este sistema de recolla non ofreceu garantías de que a xestión dos residuos de envases industriais ou

comerciais se realizase de forma correcta para o medio ambiente, razón pola cal, na Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, introduciuse unha importante modificación na mencionada disposición adicional primeira da Lei 11/1997, consistente nunha habilitación ao Goberno para que poida establecer, por vía regulamentaria, que determinados envases industriais ou comerciais non se poidan acoller á exención regulada no seu número 1 cando a súa composición ou a do material que contivesen presenten unhas características de perigo ou toxicidade que comprometan a reciclaxe, a valorización ou a eliminación das distintas fraccións residuais constitutivas dos residuos ou supoñan un risco para a saúde das persoas ou do ambiente.

En uso da anterior habilitación, considerouse que as anteriores circunstancias concorren no caso dos envases de produtos fitosanitarios e que a xestión ambiental correcta dos residuos xerados tralo seu consumo só estaría garantida se a posta no mercado destes produtos se leva a cabo a través do sistema de depósito, devolución ou retorno ou, alternativamente, a través dun sistema integrado de xestión. De acordo co exposto, as medidas establecidas neste real decreto son soamente unha mera incorporación do artigo 7 da Directiva 94/62/CE, mediante o que se exige aos Estados membros a posta en marcha de sistemas de recolla ou devolución de residuos de envases procedentes de calquera usuario final, co fin de os dirixir ás alternativas de xestión máis adecuadas. En todo caso, segundo o teor do establecido no artigo 1.3 da Lei 11/1997, e no número 2 do artigo 2 da Directiva 94/62/CE, a posta no mercado deste tipo de produtos envasados quedará suxeita, ademais, ás disposicións de carácter especial que, se for o caso, resulten de aplicación de conformidade co establecido na lexislación sobre seguranza, protección da saúde e hixiene dos produtos envasados, medicamentos, transportes e residuos perigosos.

Do mesmo modo, coas medidas establecidas neste real decreto preténdese cumprir un importante labor de concienciación e sensibilización, tanto dos usuarios deste tipo de produtos coma da poboación en xeral, sobre os riscos que se poden derivar como consecuencia dunha xestión ambiental incorrecta dos residuos xerados tralo seu uso. No procedemento

de elaboración desta norma foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados. Na súa virtude, por proposta dos ministros de Medio Ambiente e de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 14 de decembro de 2001.

## **DISPOÑO:**

### **Artigo 1.**

Posta no mercado de produtos fitosanitarios envasados.

**1.** De conformidade co establecido no número 5 da disposición adicional primeira da Lei 11/1997, do 24 de abril, de envases e residuos de envases, segundo as modificacións introducidas mediante a Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, os produtos fitosanitarios envasados quedarán excluídos da excepción prevista no número 1 da disposición adicional primeira da mencionada Lei 11/1997 e, consecuentemente, deberán ser postos no mercado a través do sistema de depósito, devolución e retorno ou, alternativamente, a través dun sistema integrado de xestión de residuos de envases e envases usados.

**2.** De acordo co artigo 1.3 da Lei 11/1997, as normas fixadas neste real decreto aplicaranse ademais das disposicións de carácter especial que, se for o caso, resulten de aplicación de conformidade co establecido na lexislación sobre seguranza, protección da saúde e hixiene dos produtos envasados, medicamentos, transportes e residuos perigosos.

### **Artigo 2.**

Normas específicas para sistemas integrados de xestión de residuos de envases e envases usados.

**1.** Os sistemas integrados de xestión de residuos de envases e envases usados que, se for o caso, se constitúan en virtude do previsto no artigo anterior, deberán cumprir o establecido no artigo 19 do

Regulamento de desenvolvemento da Lei 11/1997, aprobado mediante Real decreto 782/1998, do 30 de abril. Ademais disto, para seren autorizados, estes sistemas integrados de xestión deberán demostrar que contan con capacidade suficiente para implantaren sistemas de recolla selectiva dos residuos de envases que permitan a súa entrega e recolla de forma ambientalmente correcta, en todo o seu ámbito de aplicación. Igualmente, deberán acreditar os compromisos que demostren que a reciclaxe ou a valorización dos residuos de envases recollidos se levarán a cabo sen pór en perigo a saúde das persoas e sen prexudicar o ambiente.

**2.** Para efectos do establecido no número 2 do artigo anterior, as normas sobre residuos perigosos serán aplicables a partir do momento en que os envases baleiros, despois do seu uso, sexan depositados e postos ao dispor do sistema integrado de xestión no lugar e forma designados para isto polo mesmo.

Disposición adicional única. Fundamento constitucional e carácter básico. Este real decreto ten a consideración de lexislación básica sobre protección do ambiente, de acordo co establecido no artigo 149.1.23.a da Constitución.

Disposición derradeira primeira. Facultade de desenvolvemento. Facúltase os ministros de Medio Ambiente e de Agricultura, Pesca e Alimentación para ditaren, no ámbito das súas respectivas competencias, as disposicións necesarias para a aplicación e desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor. Este real decreto entrará en vigor a partir do momento en que as comunidades autónomas concedan as autorizacións pertinentes a algún sistema integrado de xestión de residuos de envases e envases usados que cumpra os requisitos establecidos nel e, en todo caso, aos seis meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 14 de decembro de 2001.

**NOVO**

# **TOUCHDOWN**

## **PREMIUM**



**System 4**  
TECHNOLOGY

Herbicida non selectivo  
de postemerxencia,  
de potente efecto sistémico  
que controla todas  
as malas herbas  
anuais e perennes,  
mesmo as máis difíciles.

**O herbicida cheo de tecnoloxía**

# Roedores e Rodenticidas



A orde Rodentia é ampla en número de individuos e tipos, incluíndo una terceira parte de todas as especies de mamíferos existentes.

Só 41 dos 124 xéneros se catalogan como pragas, sendo dous os máis estendidos e abundantes: xénero *Rattus* e xénero *Mus*.

As especies máis importantes destes dous xéneros son:

- **Rato doméstico (*Mus musculus L.*)**, estendido basicamente en zonas rurais e granxas.
- **Rata común (*Rattus norvegicus L.*)**, que vive externa ou interiormente en calquera lugar onde atope alimentos. É a rata de sumidoiros. Non sendo autóctona da península, conta a crónica histórica que penetrou polo Pirineo acompañando as tropas francesas durante a invasión napoleónica e alimentábase cos residuos da campaña.
- **Rata negra (*Rattus rattus L.*)**. Vive xeralmente baixo cuberto e con poboación en franco retroceso a favor da anterior, que chegou a impoñerse e fagocitála.



Rato doméstico



Rata común



Rata negra

## NECESIDADES DE CONTROL

Causan os roedores moitos e variados problemas en todo mundo por compartir co ser humano o mesmo medio. Das razóns que xustifican o seu control, as tres principais son:

1. **Comen e destrúen alimentos:** Estima a F.A.O. que os roedores causan perdas dun 5% nas colleitas de todo o mundo, cantidade suficiente para alimentar a 130 millóns de persoas. A estes produtos consumidos hai que engadir máis do dobre de alimentos que contaminan polos prexuízos directos e as nocidades colaterais de ouriños, feces, pelos ou secrecións sebáceas que os fan inservibles.
2. **Propagadores de enfermidades:** Son vehículos e vectores de numerosas enfermidades que afectan ó ser humano: a peste bubónica, leptospirose, triquinose, ou as infeccións de salmonella, todas elas de consecuencias graves ou fatais.
3. **Outros tipos de danos:** Causan ademais a destrución de distintos materiais: roeduras na madeira, tuberías de auga, mercancías almacenadas etc. Nas instalacións eléctricas, os cables roídos orixinan cortocircuitos, incendios e importantes avarías.

## MEDIOS DE LOITA

O exterminio absoluto das ratas como especie é practicamente imposible; porén, a aplicación de medidas adecuadas logrará un eficiente control capaz incluso de erradicalas nas zonas asiduamente tratadas.

**MÉTODOS FÍSICOS:** Empregan técnicas mecánicas para eliminalos: rateiras, trampas ou barreiras contundentes para excluír os animais de certos lugares. Os resultados reais destas accións en redución das poboacións de roedores son francamente inoperantes.


**MÉTODOS BIOLÓXICOS:** Inclúen a introdución dos seus predadores naturais, enfermidades e parasitos, modificación do hábitat, manipulación xenética ou cultivo de variedades resistentes de cereais e especies hortícolas.

A maioría destas solucións teñen fallos de teoría ou posta en práctica.

**MÉTODOS QUÍMICOS:** Tense comprobado que o método máis efectivo para control de roedores é o uso de rodenticidas clasificándose estes en:

- Agudos ou de acción rápida:** Envenenamento inmediato, facendo necesarias medidas extremadas de manipulación e risco manifesto para outras especies incluído o ser humano. O máis importante desta categoría é o fosforo de zinc.
- Crónicos:** Actúan lentamente despois de varias doses. Funcionan como anti-coagulantes xerando hemorragias internas. Non supoñen risco para animais domésticos polo pequeno nivel de dose letal a que funcionan co roedor.

Destacan como materias activas a warfarina, difenacoum ou bromadiolona, sendo a máis avanzada e moderna o brodifacoum, principio activo de **Súper Klerat**.





# Super KLERAT

RATICIDA PARA  
ROEDORES COMENSAIS

PELLETS

*¡Un só bocado basta!*



UNHA SOLUÇÃO DE FÁBULA  
PARA O CONTROL  
DE RATAS E RATOS

syngenta.

# Enderezos dos nosos distribuidores principais

## PARA GALICIA - ASTURIAS

**AGRO-REZA, S.L.**  
(Ourense-Oeste)  
agro-reza@mundo-r.com

R /Reza nº 12 (Galerías Roma)  
32003 - OURENSE  
Telf. e Fax: 988 222834 - 988 227553

**AGROVAL S.L.**  
(Pontevedra - Sur)  
agroval.po@terra.es

As Gándaras de Prado s/n  
(Fronte Campo de Fútbol de Budiño)  
36475 - O PORRIÑO - Budiño  
Telf. e Fax: 986 346765 - 986 346766

**ALMACENES ROYAL S.L.**  
(A Coruña-Norte)  
aroyal@infonegocio.com

R/ Fraga Iribarne nº 48  
15300 - BETANZOS  
Telf.: 981 772714 Fax: 981 772600  
Móbil: 639 603754

**ASAGRO, SERVICIOS AGRÍCOLAS, S.L.**  
(Asturias - Leste. Cantabria)  
asagro@fade.es

Polígono Silvota, parcela R 45  
33192 - LLANERA (Asturias)  
Telf.: 985 265898 Fax: 985 250764  
Móbil: 608 473131

**CAMPONOVO PROTECCIÓN  
DE CULTIVOS S.L.**  
(A Coruña-Sur)  
p.cultivos@camponovo.es

Polígono industrial Novo Milladoiro  
Rúa das Palmeiras, 57 - A2 15895 - AMES (A Coruña)  
Telf.: 981 535420 Fax: 981 535422  
Móbil: 606 990537

**FITOAGRARIA S.L.**  
(Ourense - A Limia, Monterrei)  
fitoagraria@xanelas.com

R/ Dous de Maio nº 57  
32630 - XINZO DE LIMIA  
Telf. e Fax: 988 462560

**HORTA LEMOS**  
(Lugo - Centro/Sur)  
hortagal@teleline.es

Ctra. N-540 - Km 4,6  
27210 - Santa Eulalia de Esperante  
Telf. e Fax: 982 24 60 19 Móbil: 696 902575

**PEREZCASTRO HNOS. S.L.**  
(Pontevedra - Norte)  
comercial@perezcastrohnos.com

R/ Fermin Mosquera nº 12  
36650 - CALDAS DE REIS  
Telf. 986 540426 - 986 530200 Fax: 986 530103

**XARDINAGRO S.L.**  
(Lugo - Norte. Asturias-Oeste)  
xardinagro@ctv.es

R/ Linares Rivas nº 4  
27760 - VILANOVA DE LOURENZÁ  
Telf. e Fax: 982 121002  
Almacén Telf. 982 121613

## Enderezos de SYNGENTA AGRO:

No PORRIÑO: A Relva s/n 36400 - O PORRIÑO (Pontevedra) Telf.: 986 330300 - 986 331004 Fax: 986 335855

En MADRID: C/ Ribera del Loira nº 8-10, 3ª Planta; 28042 MADRID Telf.: 91 3876410 (Centraliña); Fax: 91 7210081

Os contidos desta publicación son propiedade de Syngenta Agro. Prohíbese a súa reprodución total ou parcial, por calquera medio, sen a autorización previa e por escrito de Syngenta Agro.



  
**Camix**

protexe a túa  
colleita  
coida o seu futuro

  
syngenta



# 2009

## Calendario do Ano

Xaneiro							Febreiro							Marzo						
L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D
			1	2	3	4							1							1
5	6	7	8	9	10	11	2	3	4	5	6	7	8	2	3	4	5	6	7	8
12	13	14	15	16	17	18	9	10	11	12	13	14	15	9	10	11	12	13	14	15
19	20	21	22	23	24	25	16	17	18	19	20	21	22	16	17	18	19	20	21	22
26	27	28	29	30	31	23	24	25	26	27	28	23 <sup>ma</sup>	24 <sup>in</sup>	25	26	27	28	29		

Abril							Maio							San Xosé									
L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D			
			1	2	3	4	5							1	2	3	1	2	3	4	5	6	7
6	7	8	9	10	11	12	4	5	6	7	8	9	10	8	9	10	11	12	13	14			
13	14	15	16	17	18	19	11	12	13	14	15	16	17	15	16	17	18	19	20	21			
20	21	22	23	24	25	26	18	19	20	21	22	23	24	22	23	24	25	26	27	28			
27	28	29	30	25	26	27	28	29	30	31	29	30											

Santhago							Agosto							Setembro							
L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	
			1	2	3	4	5							1	2	1	2	3	4	5	6
6	7	8	9	10	11	12	3	4	5	6	7	8	9	7	8	9	10	11	12	13	
13	14	15	16	17	18	19	10	11	12	13	14	15	16	14	15	16	17	18	19	20	
20	21	22	23	24	25	26	17	18	19	20	21	22	23	21	22	23	24	25	26	27	
27	28	29	30	31	24 <sup>in</sup>	25	26	27	28	29	30	28	29	30							

Outubro							Novembro							Decembro						
L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D
			1	2	3	4							1	1	2	3	4	5	6	
5	6	7	8	9	10	11	2	3	4	5	6	7	8	7	8	9	10	11	12	13
12	13	14	15	16	17	18	9	10	11	12	13	14	15	14	15	16	17	18	19	20
19	20	21	22	23	24	25	16	17	18	19	20	21	22	21	22	23	24	25	26	27
26	27	28	29	30	31	23 <sup>in</sup>	24	25	26	27	28	29	28	29	30	31				

Subvencionado pola

■ Festa Nacional ■ Festa Autonómica



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Dirección Xeral de Política Lingüística

syngenta